Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia co obxectivo de axudar os colectivos da poboación galega residente en Arxentina ante a deterioración económica deste país

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 682 (12/PNC-000055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que adopte as medidas necesarias para cubrir coa maior brevidade posible as prazas de persoal facultativo das que dispón o PAC da Fonsagrada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 462 (12/PNC-000056)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego para que fomente a adhesión de empresas ao novo fondo público-privado posto en marcha para promover políticas de prevención contra os incendios forestais e contrarrestar os seus efectos negativos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 688 (12/PNC-000057)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Ministerio de Cultura en relación co proxecto da biblioteca pública do Estado en Vigo

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 693 (12/PNC-000058)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 696 (12/PNC-000059)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás bases da convocatoria do Bono Alugueiro Mocidade de 2024

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 698 (12/PNC-000060)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 700 (12/PNC-000061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co obxecto de que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil teña en conta a nova regulación urbanística autonómica á hora de emitir os seus informes sectoriais preceptivos á planificación municipal, especialmente aos plans básicos municipais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 704 (12/PNC-000062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que leve a cabo os trámites necesarios para cumprir a totalidade de medidas aprobadas no seu I Plan de Igualdade

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 706 (12/PNC-000063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 708 (12/PNC-000064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis



Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que cumpra os seus compromisos en materia de conectividade e de cobertura territorial das redes de telecomunicacións
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 710 (12/PNC-000065)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central co obxectivo de dispor dun maior financiamento no marco do Compoñente 11, Modernización das administracións públicas, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 712 (12/PNC-000066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que remate os procesos de funcionarización para acadar a homoxeneización das condicións de traballo do persoal empregado público

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 738 (12/PNC-000067)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que cumpra o seu compromiso de ceder para uso social o antigo edificio utilizado pola asociación Aspnais en Lugo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 762 (12/PNC-000068)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha para cubrir as necesidades de impulso empresarial na comarca de Pontevedra

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 768 (12/PNC-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que deben desenvolver respectivamente as consellerías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 773 (12/PNC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da construción das infraestruturas necesarias no CEIP Ponte Sampaio, de Pontevedra, para a práctica de actividades deportivas e de lecer do alumnado

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 779 (12/PNC-000071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central en materia de creación en Galicia de xulgados de violencia sobre a muller

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 788 (12/PNC-000072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que amplíe na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés a cobertura pública na atención sanitaria especializada en alzhéimer e outras demencias

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 795 (12/PNC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da redacción dun plan para mellorar dentro das sedes xudiciais a seguridade e a protección das vítimas de violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 806 (12/PNC-000074)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe tomar ante a crecente ocupación de prazas de centros de atención residencial por persoas con patoloxías psiquiátricas e pola maior diversificación da casuística

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 812 (12/PNC-000075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar dentro da súa política en materia de dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 813 (12/PNC-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que tramite de forma urxente o convenio de adhesión do Concello de Ourense ao programa Xantar na Casa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 824 (12/PNC-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que rexeite a parálise na renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial e lles traslade aos grupos políticos representados nas Cortes a obriga de cumprimento da Constitución

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 834 (12/PNC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que acepte as reclamacións do sector editorial referidas á orde de axudas á tradución

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 840 (12/PNC-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre os contidos básicos do plan que deberá elaborar o Goberno galego para ampliar a rede de atención á dependencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 865 (12/PNC-000080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da destitución do actual director xeral da CRTVG e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de impulsar a renovación da devandita dirección xeral

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 875 (12/PNC-000081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co fin de favorecer o acceso á educación superior mediante o establecemento de axudas económicas e a revisión do sistema de taxas académicas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 879 (12/PNC-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en materia de loita contra a pobreza e a exclusión social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 886 (12/PNC-000083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de configurar unha planificación global da mobilidade, tanto en infraestruturas como na organización do transporte público, da comarca da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 894 (12/PNC-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore e presente no Parlamento de Galicia o Plan estratéxico de servizos sociais, tal como prescribe a Lei de servizos sociais de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 906 (12/PNC-000085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as liñas estratéxicas do plan de vivenda accesible de Galicia que debe impulsar o Goberno galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 945 (12/PNC-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que garanta a gratuidade da Vía Ártabra e reformule o seu proxecto de trazado para que, ademais da conexión coa N-VI e coa AP-9, inclúa a conexión coa A-6

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa a saber canto orzamento público recibe o Hospital privado POVISA e o uso que se fai do mesmo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O hospital privado Ribera-Povisa volve ser noticia por déficits na asistencia sanitaria derivada da falta de persoal. Ten saltado aos medios de comunicación a dimisión dun número importante d@s facultativos do servizo de urxencias, algúns cífrano en un terzo), situación extensíbel ao persoal de enfermería. Denuncias de cobertura de vacantes con subcontratación do e con profesionais que non contan con formación de especialización. Traballador@s denuncia a fuga permanente de profesionais dende fai anos, sen que se repoñan na mesma proporción, e que non existe un marco laboral estábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Toda esta situación repercute directamente na calidade asistencial que se está a prestar e que se está visualizando no aumento do número de queixas de doentes, tanto polos tempos de espera como polos evidentes déficits de persoal.

O hospital Povisa-Ribera é o maior hospital privado de Galiza, co que o Sergas mantén un concerto singular en función do cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria a arredor de 130.000 @s veciñ@s dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueles outros que a administración determine do concello de Vigo, no que traballan sobre 1.400 profesionais.

O último concerto foi asinado no 2014 por un período de 8 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha, está polo tanto no último ano de prórroga, que finalizará en agosto do presente ano.

Faise preciso saber cal é a intención da Xunta diante da finalización do concerto, se está negociando un novo e en que condicións.

Povisa é un saco sen fondo onde o PP destina cada ano máis e máis cartos sen ningunha transparencia, até o punto de que non figura unha partida concreta nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2024.

Non é posíbel coñecer cantos cartos públicos destina cada ano o Sergas a este hospital privado en Vigo. Ademais dos arredor de 80 millóns de euros anuais polo acordo para atender a preto de 130 mil doentes da área sanitaria, o Sergas foi negociando modificacións e acordos non contemplados no concerto asinado en 2014: Povisa beneficiase das condicións económicas para a compra de fármacos e materias que consiga o Sergas coas empresas, convertendo o Sergas nun “comercial” de Povisa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Sergas asume o pago da medicación ambulatoria e a de alto impacto, as próteses e implantes ou a formación dos MIR, sen que saibamos o custe destas cuestións.

A maiores o Sergas transfere recursos adicionais a Povisa para que rebaixe as listas de espera da sanidade pública, cando mantén avultadas as propias do centro privado, froito de derivar a este hospital privado probas complementarias d@s doentes de cribado de colon do Álvaro Cunqueiro, ou pola atención nas unidades de queimados ou maxilofacial, ao ser o hospital de referencia, ao non dotar o Sergas ao hospital público destas especialidades

Esta riada de cartos públicos que a Xunta destina a Povisa non está significando nin maior calidade asistencial, con peores ratios de profesionais por paciente que na pública, nin tampouco mellores condicións laborais ou salariais para as 1.400 traballadoras e traballadores do seu cadro de persoal

O HospitalRibera- Povisa vive dun xeito clarísimo dos cartos públicos, arredor do 80% da súa cifra de negocio está vinculada aos ingresos do Sergas. O PP actúa para capitalizar máis a máis á empresa, para que as sucesivas vendas do centro sexan cada vez máis lucrativas, para as multinacionais que se adican a facer negocio coa saúde.

O concerto singular que mantén o Sergas con Ribera-Povisa é unha auténtica anomalía, que impón un modelo de dúas velocidades con peor atención sanitaria en Povisa que na pública. É preciso poñer fin a esta situación coa absorción do hospital por parte do Sergas e así garantir a igualdade de condicións na prestación sanitaria para todas as persoas da área sanitaria de Vigo.

É preciso poñer fin a esta situación que non ten ningunha xustificación, que non sexa o lucro das empresas, é tremendamente gravosa para as arcas públicas e non ten





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aportado ningunha vantaxe para a atención sanitaria da poboación, polo tanto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rematar coa opacidade na relación do Sergas co hospital Ribera-Povisa e polo tanto:

1.- Dar conta no Parlamento Galego os termos nos que está negociando o novo concerto co hospital Ribera-Povisa

2.- Realizar unha auditoría, previa á negociación dun novo concerto, que contemple:

a) A totalidade dos recursos públicos destinados ao Hospital Povisa tanto pola atención da poboación da sanidade pública subscrita ao mesmo como por todos os conceptos dos que se fai cargo directamente o Sergas (farmacia, implantes...) e da derivación de doentes;

b) As contas e a xestión de Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas para saber cal é o uso que fai dos cartos públicos, se se destinan á prestación sanitaria concertada ou para atender a parte privada, da que se derive un informe detallado.

c) A calidade asistencial que presta, e as ratios profesionais-doentes

3.- Poñer en marcha todas as actuacións precisas para que toda a poboación da Área Sanitaria de Vigo reciba asistencia sanitaria nun hospital da rede pública, ben procedendo á adquisición do hospital POVISA, ou á dotación de infraestrutura hospitalaria pública que o permita.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa así como velar polo respecto dos dereitos laborais do persoal deste centro hospitalario. Para este fin crearase unha comisión de control e seguimento do concerto que conte con presenza d@s representantes d@s traballadores/as, n tanto non se integre O Hospital POVISA na rede pública do Sergas.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Ariadna Fernández González

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 10:13:19

Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 10:18:06

Ariadna Fernández González na data 08/04/2024 10:18:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 08/04/2024 10:18:41

Olalla Rodil Fernández na data 08/04/2024 10:18:43





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza Interior** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de promover unha lexislación de mellore e harmonice a protección xurídica da totalidade dos membros dos corpos policiais que traballan na Unión Europea

Exposición de Motivos

O impagable labor realizado tanto pola Garda Civil como polo Corpo Nacional de Policía, en todo tipo de situacións, incluso arriscando a súa vida e o seu benestar persoal e familiar, constituíu un pilar básico para preservar a nosa democracia e o noso Estado de Dereito.

O seu sacrificio permanente e a súa gran profesionalidade son un haber fundamental na historia da democracia de España, que, sen dúbida, merecen todo o recoñecemento e agradecemento por parte da sociedade.

Actualmente nin os membros da Policía Nacional (incluída a Unidade Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia) nin os membros da Garda Civil, a pesar do traballo que exercen, están incluídos nas profesións de risco.

As pensións son iguais para todos os membros de clases pasivas, variando segundo os grupos de pertenza e antigüidade. Isto recolle o Real Decreto Lexislativo 760/1987, do 30 de abril (Lei de clases pasivas). A pensión dun Policía Nacional e dun Garda Civil é a mesma que a de calquera administrativo do Estado. O traballo non é o mesmo e o risco evidentemente non é comparable.





No ano 2015 fíxose unha modificación do Real Decreto 1087/2015, do 4 de decembro, para recoñecer prestacións de incapacidade permanente, morte e supervivencia para o persoal de Forzas Armadas e Forzas e Corpos de Seguridade, derivado da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As xubilacións de Policía Nacional e Garda Civil na actualidade pódense solicitar con trinta anos de servizo e sesenta anos de idade (coa perda correspondente de poder adquisitivo), de igual maneira que o resto de funcionarios pertencentes a Clases pasivas. As policía locais e policía autonómica, (que si teñen recoñecida a profesión de risco) poden solicitar a xubilación aos cincuenta e nove anos, sen perda de poder adquisitivo.

Á Policía Nacional e á Garda Civil, penalízaselles coma se tivesen consideración de profesión de risco, por exemplo, á hora de facer un seguro de vida, onde teñen que pagar un 40% máis na devandita póliza por exercer as funcións policiais a pesar de que non están recoñecidas como profesión de risco polo Goberno de España.

Policía Nacional e Garda Civil son os dous únicos corpos de seguridade en toda España que non están considerados 'profesión de risco'.

É de xustiza e sentido común emendar esta inxustiza coas nosas FCSE e considerar á Policía Nacional e Garda Civil como profesión de risco como outras profesións que si teñen recoñecida esta condición en España (traballadores incluídos no estatuto mineiro, persoal de voo en traballos aéreos, traballadores ferroviarios, artistas, profesionais taurinos, bombeiros, membros da ertzaintza, policía foral en Navarra e mossos en Cataluña e policía locais), diferenciándolles do resto de funcionarios integrados nas clases pasivas, polas súas peculiaridades e riscos ao exercer a súa profesión, e así poder igualar as súas pensións de xubilación por anos de servizo, con Policía Local e algúns corpos autonómicos, nas mesmas circunstancias que eles.

Igualmente, hai que ter en conta o perigo, e o quebrantamento social nos últimos anos da condición de axente da autoridade, que conleva que de media en España cada día sexan agredidos 30 axentes das Forzas e Corpos de Seguridade, segundo os datos do propio Ministerio do Interior. Unha condición, a de axente da autoridade, que os corpos policiais comparten con outras profesións como é o caso do profesorado e dos profesionais sanitarios.

Recentemente os asasinatos de dous gardas civís en Barbate, e a morte nos Palacios (Sevilla) doutros dous Gardas Civís atropelados por un camión cando estaban a facer un control, demostran o perigosa que pode chegar a ser o labor policial.





O 15 de febreiro de 2024 o Goberno e os seus socios do BNG, Podemos, ERC e votaron na Comisión de Peticións do Parlamento Europeo en contra de que se considere á Policía Nacional e á Garda Civil como profesión de risco. A pesar diso, a solicitude foi aprobada pola Comisión de Peticións.

Os axentes reclamaban á Comisión Europea e ao Parlamento Europeo unha directiva para harmonizar e mellorar a lexislación que outorga protección xurídica aos membros dos corpos policiais que traballan na UE.

Ademais, a comisión de Interior do Congreso dos deputados, aprobou o 28 de febreiro de 2024, a pedimento do Grupo Popular e coa abstención do grupo socialista unha Proposición non de Lei solicitando que se declara Profesión de Risco ás nosas FCSE, que hoxe facemos propia

Cómpre lembrar que a Galicia correspóndelle a competencia de seguridade e interior, isto é a xefatura dos servizos de seguridade e dos policiais adscritos á Xunta de Galicia, así como o establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado. Tamén lle corresponde a proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma.

Polo exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei en Comisión

O Parlamento de Galicia:

1º- Acorda, como resolución, declarar o seu apoio á lexítima demanda dos membros da Garda Civil e da Policía Nacional (incluída os integrantes da Unidade Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia) de ser considerados Profesión de Risco

2º- Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

a) realice as modificacións legais pertinentes para que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado gocen da consideración de Profesión de Risco, tanto a nivel estatal como europeo.

b) promova as modificacións legais pertinentes para que os funcionarios de Vixilancia aduaneira gocen tamén da consideración de Profesión de Risco.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2024





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 13:09:44

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 13:09:56

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 13:10:44

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 13:11:49

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 13:12:53

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 13:13:45

José Mato Díaz na data 08/04/2024 13:14:25

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 13:14:57

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 13:15:22

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 13:15:56

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 13:16:18

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 13:16:41

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 13:17:15

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 13:17:36

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 13:18:38





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Dolores Hermelo Piñeiro, José Manuel Mato Díaz e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter unha posición en sede parlamentaria dun tema tan importante para a nosa comunidade.

Exposición de Motivos

Ao longo da pasada lexislatura foron múltiples as iniciativas nas que desde o Grupo Parlamentario Popular alertábamnos da situación de precariedade na que se atopa a liña do ferrocarril de vía estreita (antiga FEVE) que une Ribadeo e Ferrol. Faciámonos eco dunha situación avalada polas denuncias dos usuarios e traballadores deste servizo público que depende do Goberno central, en particular, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

As principais deficiencias e carencias aínda persisten, e están relacionados con avarías periódicas, retrasos e falta de frecuencias e cun esquecemento xeral nas labores de conservación e mantemento ordinario da liña, que se traduce en retrasos habituais, fallos nos convois e unha progresiva perda de viaxeiros, que levan incluso a sospeitar que as eivas deste servizo son intencionadas co fin de pechalo máis pronto que tarde.

Agora tamén sabemos que o Goberno de España vén de autorizar un investimento de 65 millóns de euros para mellorar e sinalizar os tramos da rede asturiana de ancho métrico nos treitos Xixón-O Berrón, Oviedo-Infiesto e Cudillero-Ribadeo, unha cifra que se eleva ata oS 128M€, se lle engadimos o investimento nas obras que están en marcha nese mesmo traxecto asturiano. Pola contra o investimento previsto no trazado galego é cero. E todo iso a pesar de que, a liña que discorre entre Ferrol e Ribadeo é das máis antigas de España e está sen electrificar e, polo tanto, está mais necesitada de atención e de recursos.



Pero este caso de discriminación a Galicia por parte do Goberno do PSOE e Sumar, e dos partidos que apoiaron a súa investidura, como é o caso do BNG, non é novo. De feito, cómpre lembrar que mentres en Asturias e Cantabria se viaxa gratis no FEVE porque o Goberno de Sánchez acordou con estas comunidades compensalas polo erro dos 31 convois encargados que non collían polos túneles, en Galicia hai que pagar a pesar de estar na mesma liña. É dicir, o billete en Ribadeo hai que pagalo, pero en Vegadeo -a uns 10 km- xa viaxan gratis.

Desde o Grupo Popular seguimos reclamando ao Goberno central que se comprometa en serio co FEVE, para poñerlle fin ao abandono deste servizo e que Galicia reciba, como mínimo, un trato equivalente ao que teñen comunidades veciñas como Asturias ou Cantabria, de tal xeito que se acometan, canto antes, as obras de modernización da liña comprometidas; dote do material rodante e do persoal necesario; e incrementa as frecuencias para garantir un servizo ferroviario entre Ferrol e Ribadeo fiable e de calidade, á altura das necesidades dos usuarios e á altura do século XXI.

Hoxe resulta máis que evidente a falta de vontade política para converter o ferrocarril de vía estreita nunha alternativa de transporte que, en primeiro lugar, funcione e, despois, resulte útil á mobilidade diaria dos cidadáns das comarcas que atravesa. E todo iso a pesar de que esta é unha liña ferroviaria estratéxica para a conexión de proximidade das comarcas da Mariña, Ortegal e Ferrolterra, e tamén para a comunicación de Galicia con Asturias e como continuación cara ao País Vasco, ademais de representar un sistema de transporte cómodo, que empregan moitos mozos e xubilados, e que conserva un dos percorridos máis espectaculares do país.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que converta o ferrocarril de vía estreita nunha alternativa de transporte útil e funcional, na mobilidade diaria dos cidadáns das comarcas da Mariña lucense, Ortegal e Ferrolterra, para o que é imprescindible adoptar as seguintes medidas:

1º- Estender a Galicia os investimentos dirixidos á mellora da sinalización e modernización da rede, como mínimo, nas mesmas condicións e cos mesmos recursos comprometidos nos treitos asturianos.

2º- Que se lle dote do material rodante e de persoal necesario, e incrementa as frecuencias para garantir un servizo ferroviario entre Ferrol e Ribadeo fiable e de calidade, á altura das necesidades dos usuarios e á altura do século XXI.





3º- Que, mentres non se fagan realidade os compromisos incluídos nos puntos anteriores, se garanta a súa gratuidade en compensación polo importante déficit de investimentos e ante a merma gradual na calidade deste servizo público”.

Santiago de Compostela, 08 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 13:43:00

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 13:43:15

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 13:43:42

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 13:44:09

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 13:44:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 13:44:57

María Deza Martínez na data 08/04/2024 13:45:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/04/2024 13:45:23

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 13:45:46

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 13:46:07

Gabriel Alén Castro na data 08/04/2024 13:46:34

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 13:47:13

Enrique Barreiro Sánchez na data 08/04/2024 13:47:41

Dolores Hermelo Piñeiro na data 08/04/2024 13:48:04

José Mato Díaz na data 08/04/2024 13:48:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2024 13:52:47
Nº Rexistro: 1185
Data envío: 08/04/2024 13:52:47.008

Roberto Rodríguez Martínez na data 08/04/2024 13:49:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de dar cumprimento inmediato ás medidas previstas para a equiparación salarial dos distintos corpos policiais

Exposición de Motivos

Durante a XI Lexislatura, o Parlamento de Galicia acordou aprobar unha iniciativa, no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que instaba á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central a posta en marcha dunha lei de retribucións na que se estableceran os mecanismos necesarios para facer realidade a equiparación salarial das diferentes forzas e corpos de seguridade do Estado.

En concreto instábase ao desenvolvemento da Cláusula 8ª da Resolución do 19 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se publica o Acordo entre o Ministerio do Interior, sindicatos de Policía Nacional e asociacións profesionais da Garda Civil, coa que se procura poñer fin ás desigualdades salariais entre os corpos policiais de maneira definitiva.

Unha vez finalizada a XI Lexislatura e sen existir vontade por parte do Goberno central de darlle cumprimento a esta resolución, volve a facerse necesario o seu debate para que os distintos grupos fixen as súas posicións e o Parlamento de Galicia se pronuncie respecto deste asunto, neste caso, mantendo a vixencia desta reivindicación.





Con todo, cómpre salientar tamén que esta é unha demanda que, de maneira reiterada, veñen realizando os homes e mulleres que compoñen as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os cales se encargan día a día, a través da súa encomiable labor, de velar por unha boa convivencia cidadá.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que impulse unha nova lei de retribucións, na que se doten os mecanismos necesarios para o desenvolvemento da Cláusula 8ª da Resolución do 19 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Seguridade, pola que se publica o Acordo entre o Ministerio do Interior, sindicatos de Policía Nacional e asociacións profesionais da Garda Civil, de tal xeito que se finalicen as desigualdades salariais entre os corpos policiais de maneira definitiva.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 13:49:46

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 13:49:51

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 13:50:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 13:51:37

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 13:51:41

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 13:53:00

José Mato Díaz na data 08/04/2024 13:53:11

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 13:53:41

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 13:54:31

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 13:55:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Martínez Allegue na data 08/04/2024 13:55:37

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 13:56:06

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 13:56:37

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 13:57:27

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 13:58:15





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento galego se pronuncie canto antes en defensa da dignidade dos representantes municipais

Exposición de Motivos

O pasado mércores 13 de marzo, na Sesión de Control do Congreso dos Deputados, o presidente do Goberno de España -o socialista Pedro Sánchez- na súa réplica ao líder da oposición -Alberto Núñez Feijóo- realizou, entre outras, unha manifestación que indignou ao municipalismo ao dicir: “no meu partido Vde. non chegaría nin a concelleiro de pobo”, o que supón un durísimo ataque e un absoluto desprezo aos miles de concelleiros, que diariamente se deixan a pel polos seus veciños, e ao conxunto do mundo rural.

Ditas manifestacións, realizadas nun contexto de máximo nerviosismo do Presidente do Goberno de España ao verse acurrulado polos casos de corrupción que aniñan no seo do seu Goberno e o seu partido, non teñen xustificación algunha, faltan á verdade, son profundamente inxustos e ademais gratuítos.

Xamais na historia da nosa democracia un Presidente do Goberno de España atacara sistematicamente ao resto de administracións e institucións do Estado, faino continuamente coas Comunidades Autónomas e os seus lexítimos presidentes e agora tamén cos máis de 8000 concellos que diariamente traballan por mellorar a vida dos seus veciños asumindo competencias do Estado que o Presidente do Goberno é incapaz de atender.





No caso particular de Galicia, salvo as grandes cidades, a inmensa maioría do territorio está constituído por municipios rurais, vilas e pobos de pequeno ou mediano tamaño. De feito Galicia é a sexta comunidade autónoma que máis habitantes, concretamente un 26%, viven en municipios rurais.

Galicia é, ademais, unha das rexións que achega máis poboación rural a España, concretamente 707.673 habitantes. Segundo estes datos, en Galicia o 60% do chan correspóndese cun uso forestal que é, con moita diferenza, o sector que máis presenza territorial ten na comunidade. Hai máis de 1,8 millóns de hectáreas de monte, fronte ás 449.654 que existen de pastos, o que supón só un 15% da superficie total da comunidade. Outro 12% do terreo, 377.226 hectáreas concretamente, destínanse a terras de cultivo, mentres que un 11% son superficies urbanas e de vías de comunicación.

Unha verdadeira aposta polo municipalismo só pode vir acompañada por un cambio na política que o Goberno de España está a efectuar neste ámbito e con que asuma os compromisos e responsabilidade hoxe incumpridos como son, entre outros: un sistema de financiamento local xusto e suficiente, a aprobación do estatuto do pequeno municipio, un apoio real ao mundo rural, e unha adecuada repartición dos fondos europeos entre as Entidades Locais

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia:

1º- Acorda como Resolución, reprobar as palabras pronunciadas polo presidente do Goberno no Congreso dos Deputados na súa sesión do 13 de marzo pasado coas que demostra a seu menosprezo ao municipalismo e aos miles de concelleiros cuxo traballo infravalorou e installe a retractarse publicamente

2º- Insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España unha cambio na súa política contra o municipalismo e que cumpra cos seus compromisos e responsabilidades como son: garantir un adecuado sistema de financiamento local, a aprobación do estatuto do pequeno municipio, un apoio real ao mundo rural e unha adecuada repartición dos fondos europeos entre as Entidades Locais.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 14:19:49

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 14:19:54

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 14:20:10

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 14:20:29

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 14:20:48

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 14:21:19

José Mato Díaz na data 08/04/2024 14:21:32

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 14:21:46

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 14:22:05

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 14:22:39

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 14:23:03

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 14:23:20

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 14:23:41

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 14:23:59

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 14:24:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González e Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás necesidade de regular o dereito á xubilación anticipada do persoal do Sergas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2007, as distintas normas legislativas en materia de seguridade social recollen no seu articulado que a idade mínima de xubilación pode ser rebaixada, mediante Real Decreto, a proposta do Ministerio de Seguridade Social, en todos aqueles grupos ou actividades profesionais con traballos de natureza penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, que acusen elevados índices de morbilidade e mortalidade. Estas normas tamén establecen que se determinará o procedemento xeral para establecer os coeficientes redutores que permitan anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, o que incluíría, entre outras cuestións, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral das traballadoras e traballadores e os requirimentos físicos ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

psíquicos esixidos para continuar coa actividade laboral a partir dunha determinada idade.

A lexislación en materia de Seguridade Social na que se recollen as cuestións previamente nomeadas, é a seguinte:

- Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. Artigo 161 bis. Xubilación Anticipada.
- Real Decreto 1698/2011. Artigos 10 e seguintes.
- Lei 21/ 2021, de 28 de decembro, de garantía do poder adquisitivo das pensións e doutras medidas de reforzo da sostibilidade financeira e social do sistema público de pensións.

Non obstante, a pesar da normativa vixente, as traballadoras e traballadores da sanidade pública continúan agardando a que os distintos gobernos teñan en consideración as súas condicións de traballo, para poder acollerse ás normas aprobadas desde o ano 2007.

O sector sanitario ten uns riscos laborais específicos e, ademais, presenta unha elevada taxa de problemas de saúde laboral. As traballadoras e traballadores da sanidade pública están expostos a riscos biolóxicos, químicos e a radiacións ionizantes. Así mesmo, tamén presentan riscos psicosociais por estaren en contacto permanente coa enfermidade e a morte.

Ademais, diferentes estudos recollen que as quendas rotatorias (en horario de mañá, tarde e noite) están asociadas á aparición e desenvolvemento de enfermidades coronarias e cerebro-vasculares, así como á depresión, á síndrome metabólica e ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cancro, entre outras; todas elas, enfermidades que se acaban por cronificar e non desaparecen cando se abandona o traballo.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) calcula que unha persoa cun emprego a quendas sufrirá un envellecemento prematuro de cinco anos por cada 15 traballados de noite. Igualmente, tamén existen estudos sobre as consecuencias na saúde das traballadoras e traballadores maiores de 55 anos, que realizan traballos nocturnos. Segundo estas investigacións, a porcentaxe de incapacidades laborais entre o persoal de entre 45 e 64 anos increméntase nun 68%, con respecto a outras franxas etarias que tamén desenvolven o seu traballo durante a noite.

Outro aspecto que se debe considerar á hora de avaliar o dereito á xubilación anticipada do persoal sanitario é o impacto que nel tivo a pandemia da COVID-19, que supuxo, durante meses, a suspensión dos seus dereitos laborais e un elevado número de contaxios, así como actualmente diversos diagnósticos de COVID persistente. Todas elas cuestións que, sen dúbida, afectaron especialmente ás persoas maiores de 60 anos, que durante os peores meses da COVID, continuaron prestando asistencia para garantir o benestar da poboación, a pesar de que o seu propio estado de saúde tamén se estaba vendo afectado.

Da mesma maneira, é importante ter en consideración que, malia ser unha área profesional diversa, o sector sanitario está principalmente formado por mulleres, en moitos casos, cunha vida laboral dilatada de máis de 40 anos de servizo, prestado en quendas rotatorias. Malia a isto, cando a saúde destas profesionais se deteriora, estas só poden optar á xubilación anticipada, sempre é cando teñan 63 anos cumpridos, máis de 40 anos de vida laboral continuada e asuman unha penalización na súa pensión, que supera o 13% de desconto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de longas vidas laborais, este é o recoñecemento que recibe o persoal da sanidade, ao que se suma unha acusada discriminación de xénero, ao ser unha área profesional especialmente feminizado, posto que nel as mulleres superan o 55% do total do cadro de persoal (porcentaxe mínima para así consideralo). Se atendemos aos datos, na sanidade pública a porcentaxe de mulleres é dun 78'4% fronte a un 21'6% de homes. A discriminación de xénero non debería ser tolerable, os dereitos laborais no sector sanitario deberían ter a mesma consideración que os doutros ámbitos laborais, altamente masculinizados, que si gozan de coeficientes redutores para a súa xubilación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galega presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

1.- O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a desenvolver a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galiza, contemplado no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008.

2.- O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para:

a) Que consonte estas normas establecidas desde a disposición adicional sétima da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, leve a cabo as medidas normativas necesarias para garantir coa maior urxencia o dereito do persoal estatutario dos servizos de saúde á xubilación anticipada aos 60 ano e parcial, de xeito que cumpridas as condicións, non se lle apliquen penalizacións e poidan cobrar o 100% das súas retribucións incluída a atención continuada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Que durante o ano 2024, no ámbito de negociación do Foro para o Diálogo Social, da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde, se negocien os coeficientes redutores para a xubilación voluntaria do persoal da sanidade, cando a traballadora ou traballador cumpra os 60 anos.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 08/04/2024 15:44:52

Ariadna Fernández González na data 08/04/2024 15:44:56

Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 15:45:05

María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 15:45:13

Olalla Rodil Fernández na data 08/04/2024 15:45:21





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que as carencias de efectivos provoca no normal funcionamento da Unidade Adscrita da Policía Nacional en Galicia

Exposición de Motivos

O Corpo Nacional de Policía é unha peza clave do noso Estado de Dereito, prestando un servizo público que proporciona seguridade, contribuíndo ao benestar e á calidade de vida das persoas.

O seu papel resulta decisivo ao ter asignadas como principais funcións, entre outras moitas, o coidado do libre exercicio dos dereitos cidadáns, o mantemento da orde pública, a protección de bens e servizos, a persecución do delito, a colaboración coa Xustiza para o cumprimento da lei ou os labores de cooperación e coordinación con outras institucións e entidades públicas para garantir a protección civil en todo tipo de situacións onde se poida ver comprometida a seguridade da poboación.

Do mesmo xeito, cómpre salientar que na actualidade o despregue territorial dos corpos non vai acompañado da dotación de efectivos que serían necesarios para unha correcta prestación dos servizos. É por iso que estas carencias de persoal afectan a todas as comisarías galegas e mesmo á unidade adscrita á Xunta de Galicia, que viron como as necesidades foron aumentando na última década polo incremento das súas funcións (delitos telemáticos, delitos medioambientais, violencia de xénero e doméstica...), a redución das prazas convocadas e tamén pola falta de reposición de efectivos. Algo que xa se ven poñendo de manifesto nos últimos tempos a través dos medios de comunicación e entre a sociedade civil.





Así pois, o Parlamento de Galicia ten expresado en numerosas ocasións a necesidade de levar a cabo diversas demandas ante o Goberno central para que a Unidade de Policía Adscrita poida contar cos 500 efectivos que lle corresponden.

Esta é unha demanda que, ata a data, o executivo central non ten atendido.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España que por parte do Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeneral da Policía, se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, e así incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente vén prestando".

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 17:12:52

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 17:12:57

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 17:13:34

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 17:13:40

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 17:14:13

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 17:15:00

José Mato Díaz na data 08/04/2024 17:15:11

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 17:15:54

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 17:16:31





Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 17:17:16

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 17:17:55

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 17:18:18

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 17:18:43

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 17:18:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 17:19:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo impacto que están ter no ámbito autonómico a regulación que ten a súa orixe nas institucións europeas e, polo tanto, a necesidade de garantir a participación e achegas que poidan efectuarse desde Galicia no proceso de toma de decisións

Exposición de Motivos

A Conferencia para Asuntos Relacionados con la Unión Europea (CARUE) é o órgano de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas que permite artellar a participación destas nas materias nas que ostentan competencias ou teñen especial interese por realizar achegas dirixidas á elaboración, definición e execución do dereito da Unión e das políticas comunitarias.

O seu marco normativo establécese na Lei 2/1997, de 13 de marzo, pola que se regula a Conferencia para Asuntos Relacionados con la Unión Europea, a cal indica no seu artigo 4.1 que “Para o axeitado funcionamento da Conferencia elaborará un Regulamento interno”

O devandito regulamento no seu Título III, así como os acordos adoptados, establecen que esta Conferencia debe reunirse con regularidade para o desempeño das súas funcións, algo que non se está a levar a cabo da maneira axeitada.

Desde a creación da mesma, Galicia participou de maneira activa en todos os seus órganos, sendo unha das comunidades autónomas impulsoras de moitas das propostas debatidas no seo da CARUE dirixidas a alcanzar unha maior participación autonómica nos asuntos europeos.





Así foi o caso dos acordos relativos á creación da figura do Conselleiro Autonómico; a modificación do regulamento interno da CARUE; o impulso da participación das comunidades autónomas en diversas formacións do Consello e nos comités da Comisión Europea; ou a participación das comunidades autónomas nos procedementos ante o Tribunal de Xustiza da UE ou sobre seguridade social e asistencia sanitaria das persoas que prestan os seus servizos nas oficinas das comunidades autónomas en Bruxelas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei en Comisión

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que convoque de maneira regular a Conferencia de Asuntos Relacionados coa Unión Europea e as Conferencias sectoriais, cumprindo os acordos subscritos, para que Galicia poida defender os seus intereses”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 17:18:48

Paula Prado del Rio na data 08/04/2024 17:19:42

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 17:20:51

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 17:21:33

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 17:22:22

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 17:22:51

José Mato Díaz na data 08/04/2024 17:23:44

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 17:24:25

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 17:30:11





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de dar un novo pulo ao sistema de cooperación a través da actualización do plan director estatal

Exposición de Motivos

A través da política pública de cooperación para o desenvolvemento, conforme ao previsto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia; a sociedade galega pon a disposición dos pobos máis vulnerables a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos, sumándose aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas e promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable.

Nos diferentes ciclos de planificación, a Cooperación Galega foi centrándose naqueles sectores estratéxicos nos que conta con vantaxes comparativas, como en pesca e acuicultura, xestión de recursos hídricos, agricultura e desenvolvemento rural e educación para o desenvolvemento.

Na actualidade a Xunta de Galicia xa conta co V plan director de cooperación galega, onde establece que a política pública de cooperación da Xunta de Galicia se basea no aprendizaxe e na mellora continua de tal maneira que este plan director constrúese sobre os logros dos anteriores plans directores e a execución da estratexia de resposta á Covid-19 da cooperación galega.





Porén, o Goberno central non fai os deberes neste eido, pois seguimos pendentes da elaboración e aprobación do VI Plan director da Cooperación Española e sen levar a cabo os pasos correspondentes a reforma do sistema de cooperación, cando é fundamental unha conexión entre ambas administracións e un traballo conxunto para a mellora da execución dos obxectivos de cooperación.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que axilice o proceso de reforma do sistema de Cooperación así como impulsar a elaboración e aprobación do VI Plan director da cooperación española”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 17:34:28

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 17:34:37

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 17:35:09

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 17:35:12

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 17:35:32

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 17:36:04

José Mato Díaz na data 08/04/2024 17:36:10

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 17:36:43

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 17:36:48

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 17:37:10

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 17:37:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2024 17:40:22
Nº Rexistro: 1214
Data envío: 08/04/2024 17:40:22.420

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 17:38:04

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 17:38:09

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 17:38:28

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 17:38:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Noelia Pérez López, Victoria Núñez López, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Cristina Sanz Arias, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol e José Silvestre Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de impulsar medidas dirixidas a evitar o aumento da criminalidade en Ourense

Exposición de Motivos

Segundo o Balance Trimestral de Criminalidade publicado polo Ministerio do Interior correspondente ao período de xaneiro a decembro do ano 2023, e en comparación co mesmo período do ano 2022, no concello de Ourense prodúcese unha suba dos delitos graves e menos graves relacionados con lesións e rifas tumultuarias, nun 11,5%, chegando a un 19,4% se falamos do conxunto da provincia. Máis o maior crecemento prodúcese nos roubos con forza en domicilios, establecementos e outras instalacións onde o incremento na cidade, respecto do ano 2022, constitúe un 42,1%, sendo un 15,5% na provincia. Dous datos que dan boa mostra da suba da criminalidade convencional tanto na cidade coma na provincia de Ourense

E, mentres os índices seguen a incrementarse ano tras ano, a Comisaría Provincial de Ourense, a pesares de que o Partido Popular en numerosas ocasións deu conta das deficiencias e reclamou máis medios humanos e técnicos para facilitar o traballado das Forzas e Corpos de Seguridade, segue a contar cun Subgrupo da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) que non está catalogado ao completo, e dicir, que carece da unidade mínima de emprego para actuar en materia de orde pública, co agravante engadido de que varios deses postos atópanse sen cubrir a día de hoxe.



Se a situación óptima sería contar cun Grupo Operativo (30 efectivos en servizo), na actualidade a cidade de Ourense conta só coa terceira parte dos necesarios, dez en total, e dicir, cun Subgrupo da UPR deficitario, tanto orgánica como operativamente, e insuficiente para a prevención de pelexas, rifas ou disputas, insuficiente para garantir a orde pública nas rúas da cidade e a seguridade das veciñas e veciños de Ourense. E todo iso sen esquecer que cada vez son máis os altercados producidos na cidade, con maior incidencia nas fins de semana, e que remataron en varias ocasións con persoas feridas, feitos todos eles dos que poden dar boa conta fontes policiais.

É importante poñer de manifesto tamén que unha das preocupacións actuais da veciñanza céntrase na contorna da estación intermodal ao verse incrementada desde hai meses a conflitividade nesa zona, e viría motivada polo despunte da provincia como referencia da alta velocidade e a repercusión que tivo na chegada de turistas e visitantes a Ourense, co conseguinte aumento de viaxeiros paralelamente na estación de autobuses.

E todo iso sen esquecer ademais todas as actuacións que se están a levar a cabo en materia turística e de actividade, como son o Plan de Sostibilidade Turística “Ourense Termal”, un proxecto pioneiro que incorpora o tren para promover o coidado da saúde a través das nosas augas termais, a celebración a finais de setembro deste ano do Congreso Internacional de Turismo Termal, o reforzo e a revitalización dos itinerarios xacobeos da provincia, a Vía da Prata e o Camiño de Inverno, os eventos de atletismo da pista cuberta de Exporurense, etc. e mesmo as previsións do Ministerio de Transporte do aumento dun 30% do tráfico que vai a pasar por esta provincia que é a porta de entrada a Galicia, non parece contrario á lóxica a necesidade dunha unidade especializada para a prevención de delitos, a atención ao viaxeiro e o control da utilización dos medios de transporte por parte da delincuencia especializada, tráfico de seres humanos e estupefacientes, entre outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España as seguintes medidas:

1º.- A creación dun Grupo Operativo completo da Unidade de Prevención e Reacción (UPR) da Policía Nacional na cidade de Ourense, co obxecto de que poidan realizar as funcións que lle son propias de xeito eficaz e eficiente.





2º- Mentres non se cree o Grupo Operativo da UPR en Ourense dotar, con carácter urxente, as vacantes conforme ao previsto no Catálogo de postos de traballo, e así completar o Subgrupo Operativo cos medios necesarios para poder exercer as súas funcións en condicións de seguridade.

3º- A creación dunha Brigada Móbil de Policía no Transporte na Comisaría de Ourense.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 17:52:37

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 17:53:06

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 17:53:08

Paula Prado del Río na data 08/04/2024 17:53:31

María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 17:53:59

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 17:54:02

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 17:54:33

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 17:54:41

José Mato Díaz na data 08/04/2024 17:55:07

Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 17:55:17

María Martínez Allegue na data 08/04/2024 17:55:50

Cristina Sanz Arias na data 08/04/2024 17:56:06

Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 17:56:09

José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 17:56:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2024 17:57:59
Nº Rexistro: 1216
Data envío: 08/04/2024 17:57:59.770

Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 17:56:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de acometer as obras e dotacións comprometidas no Cuartel de Garda Civil de Celanova

Exposición de Motivos

A Garda Civil é un corpo de seguridade pública que, desde a súa creación en 1844, veu prestando servizo de protección cidadá, asegurando o cumprimento das leis e defendendo o libre exercicio dos dereitos e liberdades, ademais de prestar auxilio alí onde a súa presenza é requirida.

Ao longo dos máis de 175 anos de historia, a súa encomenda foi moi relevante ata o punto de converterse nun dos Corpos de Seguridade que mellor gañou o respecto e o agarimo da cidadanía.

Neste momento a Garda Civil ten presenza en practicamente toda a nosa Comunidade e o labor que desempeñan con innegable profesionalidade é especialmente valioso en contornas rurais onde, en moitas ocasións, non existe presenza doutros corpos de seguridade, trasladando á veciños tranquilidade e seguridade.

En concreto a de Celanova é unha das catro compañías da Garda Civil na provincia de Ourense. Dela depende un amplo territorio desde A Limia e A Baixa Limia ata a provincia de Pontevedra. Nel traballan axentes de seguridade cidadá, o equipo Roca - especializado en roubos e delitos en instalacións agrícolas e gandeiras do medio rural, un equipo Viogén, formado por homes e mulleres especializadas no seguimento de casos de violencia de xénero e hai unha intervención de armas, funcións para as que están destinadas entre 25 e 30 axentes.

Os efectivos destinados no posto de Celanova, como as súas familias atópanse total e plenamente integrados na vida cotiá deste municipio como uns veciños máis.



Con todo, o principal problema co que se atopan estes profesionais é a situación das instalacións. A Casa Cuartel quedou obsoleta e deficitaria para atender as necesidades que require o persoal operativo, como tamén para as súas familias, pois cómpre lembrar que acolle 16 vivendas.

En febreiro de 2022 o Goberno de España anunciou a súa disposición a destinar un millón de euros a remodelar o cuartel da Garda Civil en Celanova. Así llo trasladou o delegado do Goberno en Galicia, ao rexedor da localidade, e ao xefe da Comandancia da Garda Civil na provincia. As obras comprometidas nunca se executaron, e iso a pesar de que tiñan que estar rematadas para finais de 2023, pois estaban condicionadas polo financiamento con cargo a fondos europeos.

O feito de que non se levasen a cabo estas melloras, sumado á falta de compromiso do Goberno de España en materia de conservación e mantemento fixo que, lonxe de mellorar esta situación empeorase, ata converterse nunha necesidade urxente. Con todo, as instalacións requiren algo máis que un parche, non é suficiente con realizar reformas de electricidade ou adaptar os parámetros de mellora de eficiencia enerxética.

Polo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes decisións:

1º- Que se proceda, con carácter de urxencia, por parte do Ministerio do Interior a mellorar as instalacións do Cuartel da Garda Civil de Celanova.

2º- Que se aumente o catálogo da Garda Civil e se dote de máis efectivos, en consideración á súa condición como Posto de Capitanía, para poder dar un maior e mellor servizo durante todo o ano.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 17:55:40

Paula Prado del Rio na data 08/04/2024 17:56:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 17:57:01

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 17:57:34

Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 17:58:18

Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 17:58:48

José Mato Díaz na data 08/04/2024 17:59:24

Victoria Núñez López na data 08/04/2024 17:59:58

Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:01:03



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, María Deza Martínez, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Marta Mariño Regueiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

As baleas, os golfinhos, arroaces e as toniñas están protexidos pola Directiva da Unión Europea sobre os hábitats, que esixe que os países da UE vivían o estado de conservación destas especies. En consecuencia, a UE tomou medidas específicas para garantir que se minimiza o impacto da actividade pesqueira.

No desenvolvemento das actividades pesqueiras, a interacción por parte dos buques pesqueiros con especies mariñas non obxectivo das pesqueiras, incluíndo aquelas sometidas a conservación e protección por parte da lexislación comunitaria, ten certa probabilidade, relativamente baixa e variable entre as diferentes artes de pesca, de ocorrer ao compartir obviamente o mesmo medio mariño.

Desde o Goberno modificaron a Orde APA/1200/2020, do 16 de decembro, pola que se establecen medidas de mitigación e mellora do coñecemento científico para reducir as capturas accidentais de cetáceos durante as actividades pesqueiras que conlevou que nas augas da zona económica exclusiva de Francia da zona 8 do CIEM os buques pesqueiros cunha eslora total superior a 8 metros que utilicen artes de arrastre de fondo á parella, cerco, artes menores de enmalle e/o enredo, volanta e rasco, non puideran faenar entre o 22 de xaneiro e o 20 de febreiro de 2024.

Anteriormente no tempo estas modificacións tamén foron realizadas en Francia con resultados pouco satisfactorios debido a que o número de casos é semellante aos do pasado.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que defenda ante a Comisión Europea a posta en marcha dunha normativa de protección dos cetáceos que sexa compatible coa práctica pesqueira, equilibrando





riscos e afectacións e integrando aquelas medidas de disuasión de interacción que eviten a paralización da frota pesqueira”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 10:44:04

José Manuel Balseiro Orol na data 01/04/2024 10:44:22

María Deza Martínez na data 01/04/2024 10:44:39

Patricia García González na data 01/04/2024 10:44:52

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 10:45:07

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:45:18

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 10:45:29

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 10:45:49

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 10:46:08

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 10:46:19



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No ano 2.000, o Libro Branco da Atención Temperá a definía como o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á contorna que teñen como obxectivo dar resposta o máis pronto posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecelo.

Con este fin, no ano 2009 en Galicia financiábanse unicamente 2 unidades de atención temperá que cubrían 14 concellos.

Gracias á forte aposta do Goberno galego do Partido Popular coa atención temperá, actualmente esa cifra ascende a 46 unidades que chegan a 200 concellos. Polo tanto, nestes anos o Goberno galego fixo un esforzo moi importante para reforzar a rede de atención temperá de forma considerable, e o fixo:

- Da man dos concellos que son as entidades máis próximas ás familias.
- E coa Rede á Asociación Galega de Atención Temperá, que xestiona 4 unidades: a de Bergantiños, as dúas do Salnés, e a do Deza.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





É importante seguir incrementando este servizo nos concellos galegos.

O colectivo das persoas con discapacidade é da máxima importancia para o Goberno galego. Por este motivo incrementa ano a ano o orzamento destinado á discapacidade: o orzamento deste ano para discapacidade sitúase en 172 millóns de euros.

E isto faino a pesar de que o Goberno central segue sen cumprir as súas obrigacións de financiamento da dependencia, que teñen que ser do 50% do investimento neste ámbito. Con todo, en Galicia o investimento do Goberno está en torno ao 30%, polo que cada ano está a deixar de traspasar á Xunta máis de 2.500 millóns de euros que se poderían investir nesta materia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir estendendo a Rede de unidades de atención temperá para que chegue a máis concellos, co fin de seguir incrementando a presenza territorial das unidades, de evitar gastos e desprazamentos ás familias, e de reducir a lista de agarda”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 10:51:29

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 10:51:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 10:52:03

Patricia García González na data 01/04/2024 10:52:18

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:52:33

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 10:52:44

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 10:52:59

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 10:53:15

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 10:53:27



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Consello da Xunta celebrado o 29 de febreiro de 2024 avaliou un informe sobre a posta en marcha dos concertos sociais por parte da Consellería de Política Social e Xuventude. Coa resolución destes procedementos, o Executivo autonómico responde a unha demanda histórica do tecido social da comunidade e cumpre cos prazos aos que se comprometeu o pasado 20 de novembro.

Naquel momento, a Xunta asinou un acordo coas principais federacións de discapacidade para blindar uns servizos que son fundamentais para mellorar a calidade de vida destas persoas. Así, ao longo dos últimos meses a Consellería de Política Social e Xuventude iniciou a tramitación para pasar a concerto social un total de 5.045 prazas de atención diúrna e residencial a persoas con discapacidade que financia coas entidades sociais.

Así mesmo, ao longo deste mes de febreiro xa se resolveron as seis convocatorias acordadas, unha por cada tipoloxía de discapacidade: dano cerebral, trastornos do espectro autista (TEA), enfermidade mental, discapacidade física, discapacidade intelectual e parálise cerebral.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Deste xeito, e tal e como estaba previsto, o 1 de marzo entrarán en vigor estes concertos por un período inicial de catro anos e prorrogables ata dez anos, cun investimento histórico por parte da Xunta de máis de 100 millóns de euros anuais.

A través deles consolídanse un total de 5.045 prazas públicas en centros distribuídos por todo o territorio galego que son xestionados por entidades de iniciativa social. Ademais, coa resolución destes concertos garántese a estabilidade económica e seguridade das entidades, xa que se incrementa de media un 30 % o investimento no financiamento das prazas en relación aos contratos que se manteñan coas entidades.

Así mesmo, con esta fórmula favorécese unha atención de calidade aos usuarios e ás súas familias, que non terán que percorrer longas distancias para poder acceder a unha praza, posto que o concerto social dálle prioridade ao arraigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que amplíe as prazas públicas de atención á discapacidade para sumalas ás máis de 5.000 incluídas nos concertos sociais no ámbito de discapacidade recentemente resoltos”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 10:58:12

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 10:58:26

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 10:58:43

Patricia García González na data 01/04/2024 10:58:57

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 10:59:29

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 10:59:41

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 10:59:55

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:00:10

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:00:23



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.
- Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e prever posibles situacións de violencia.





Os Puntos de Encontro Familiar representan un recurso fundamental para as familias e moi especialmente para os nenos en perigo de desprotección, ademais de ser un recurso totalmente gratuíto para as familias usuarias.

Este servizo ofrece un lugar neutral e seguro para realizar as visitas establecidas por lei dentro dun proceso de separación. Trátase do último recurso ao que calquera familia quixera acudir pero resulta imprescindible para garantir os dereitos de todos os nenos e adolescentes a manter contacto cos seus familiares.

Actualmente, a Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia está integrada por oito centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades (Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), e un na comarca do Barbanza.

É preciso seguir ampliando o número destes centros para así evitar que as familias teñan que desprazarse a moita distancia e así poder desconxestionar o traballo dos centros existentes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe ampliando os Puntos de Encontro Familiar para poder ter unha cobertura máis ampla deste servizo, reducindo así a duración dos desprazamentos que fan as familias e, sobre todo, os nenos e nenas destes núcleos familiares para ver aos seus proxenitores”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:04:15

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 11:04:31

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:04:47

Patricia García González na data 01/04/2024 11:05:00

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:05:12

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:05:23

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 11:05:38

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:05:53

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:06:03





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Consello de Ministros aprobou o 13 de decembro de 2022 o anteproxecto de Lei de Familias, deseñada polo Ministerio de Dereitos Sociais e negociada durante meses con varios ministerios. A norma que a ministra de Dereitos Sociais presentou ao resto dos departamentos en decembro de 2021, foi aprobada con retraso polos choques que se produciron no seno do Goberno de coalición polas medidas que incluía.

Cando se acordou o seu aprazamento, a ministra tachou de incomprensibles os argumentos da parte socialista do Goberno para retrasar a aprobación dun dos proxectos estrela do seu departamento e apelou ao consenso e á unidade para protexer ás familias.

Este anteproxecto de Lei de Familias do Goberno central incumpría cos principais compromisos que no seu día anuncio o propio Goberno central:

- En primeiro lugar, o Executivo prometeu ampliar os permisos de maternidade e paternidade das 16 semanas actuais ás 24 semanas e non se recolle no anteproxecto de Lei ningún tipo de ampliación.
- En segundo lugar, asegurou unha nova renda universal pola crianza de fillos ata os 3 anos, pero a lei só inclúe unha ampliación da prestación de 100 euros

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



mensuais ás nais traballadoras, algo que xa existe desde hai moitos anos. É dicir, non se trata dunha nova renda, porque a maioría das familias xa a viñan percibindo e algunhas nais, por non ter nada cotizado, seguirán sen cobrala. Polo tanto, esa universalidade que tanto pregoaban na Moncloa, non está plasmada no anteproxecto de Lei.

- En terceiro lugar, a gran promesa incumprida é que o Executivo central prometeu un permiso parental de 8 semanas para o coidado de fillos de ata 8 anos, pero polo que puidemos coñecer da normativo, en realidade trátase dun permiso non retribuído, é dicir, unha excedencia, polo que os traballadores que intenten beneficiarse deste permiso, terán que renunciar ao seu salario.

Desde a Xunta de Galicia sempre se adoptou unha actitude construtiva pese as constantes deslealdades do Goberno central co resto das administracións, xa que este anteproxecto de lei foi elaborado sen ter en conta a opinión das Comunidades, incluso cando invaden competencias autonómicas como o concepto de familia monoparental, que na actualidade está regulado por normativa autonómica (Lei de Protección á familia 2011, modificada pola Lei de Impulso Demográfico).

Se o Estado entra a regular isto, Galicia verase afectada e seguramente obrigada a cambiar a súa normativa. Incluso pode darse o caso de que lle quiten o título de familia monoparental a familias que agora xa o teñen, no caso de que os requisitos que estableza o Estado sexan máis estritos dos que agora temos en Galicia.

Tampouco aparece no anteproxecto de lei ningún avance nun aspecto fundamental para as familias como é a primeira etapa educativa para os seus fillos e fillas.

Galicia puxo en marcha a gratuidade de escolas infantís e este curso máis de 31.000 nenos de 0 a 3 anos están a ir de xeito gratuíto a un centro, independentemente da súa titularidade. Preocúpanos que o Goberno central non destine nin pretenda destinar un só euro a esta etapa tan importante para os nenos e para as familias.



A Lei de Familias establece que a educación de 0 a 3 anos sexa un dereito garantido, pero chega tarde porque en Galicia esta xa é gratuíta para todos os nenos e no 100% das escolas infantís. Galicia é a única Comunidade Autónoma que garante o dereito da atención educativa gratuíta de 0 a 3 anos.

A familia é o fundamento da nosa sociedade, que xa sabemos que é diversa, ampla e respectuosa. O exceso de etiquetas non axuda neste sentido, só confunde e busca unha división ficticia. Curiosamente, entre as 16 denominacións coas que se etiqueta ás familias, ningunha aluda ás familias numerosas porque é un concepto que desaparece.

A Xunta rexeitou desde o primeiro momento a Lei de Familias do Executivo central, que quedou en suspenso ata a formación do novo Goberno.

De feito, en decembro do ano pasado presentáranse alegacións que nunca tiveron resposta e nas que se defendía que se mantivera o concepto de “familia numerosa”, que o Goberno central quería suprimir na súa Lei; e evitar que máis de 2.000 familias monoparentais galegas perdan o seu título por culpa desta norma governamental.

Para a Xunta esta lei era decepcionante, incumpría as promesas feitas polo presidente Pedro Sánchez e chegaba con retraso, xa que non se contou coas Comunidades Autónomas para a súa elaboración aínda que invadía as súas competencias, non recollía a ampliación prometida do permiso de paternidade a 24 semanas, falaba de facilitar o acceso ao ensino 0-3 cando en Galicia xa é gratuío para todas as familias e cando o Goberno central non pon nin un euro para implantar esta medida, que a Xunta está a financiar exclusivamente con fondos propios.

O novo ministro de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, presentou o 27 de febreiro no Consello de ministros a súa versión da Lei de Familias.



O 13 de marzo A Federación Española de Familias Numerosas defendeu na reunión que mantiveron co ministro a identidade das familias numerosas como familias que teñen necesidades específicas por ter máis fillos, e que fan unha aportación especial á sociedade.

Nesta reunión expuxeron o seu rexeitamento ao cambio de nome e concepto que plantexa o proxecto de Lei de Familias. Segundo unha enquisa da Federación, o 95% das familias numerosas está en contra da Lei de Familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno central a convocatoria dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para analizar o impacto da Lei de Familias tendo en conta que non se contou coas aportacións das comunidades autónomas, invade competencias autonómicas, discrimina ás familias numerosas e carga o coste da súa aplicación ás administracións autonómicas”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:09:47

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 11:10:20

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:10:33

Patricia García González na data 01/04/2024 11:10:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:11:00

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:11:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 11:11:24

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:11:38

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:11:47



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As casas niño son un modelo de atención á infancia de 0 a 3 anos dos concellos do rural galego nos que non existen outros servizos de atención á primeira infancia.

Estes centros ofrecen unha atención integral e personalizada a un máximo de cinco nenos e nenas. Este servizo de conciliación no rural galego, ofrécese de forma gratuíta, de luns a venres durante todo o ano, agás os días festivos e un mes de cada doce no que a casa niño permanece pechada por vacacións. As familias poden levar aos seus fillos un máximo de oito horas diarias nun horario flexible.

Estes servizos, ademais de ser unha medida eficaz para facilitar a conciliación, son un paso firme do Goberno galego por un rural máis vivo e con servizos, así como unha clara aposta pola igualdade de oportunidades en toda Galicia.

O Goberno galego puxo en marcha as casas niño no ano 2016 como un programa piloto.





Dende entón, e dada a súa excelente acollida, o número de centros non parou de medrar. Así, na actualidade Galicia conta con 103 casas niño distribuídas por toda a xeografía galega.

Outras medidas de conciliación como a gratuidade das escolas infantís -no que Galicia é un referente a nivel nacional ao ser a primeira Comunidade en aplicar unha medida desta importancia para as familias galegas- o Bono Concilia Familia ou a Tarxeta Benvida converten a Galicia nun modelo a seguir en materia de conciliación e de apoio ás familias.

Facer a vida máis doada ás familias é un dos piares da actuación da Xunta de Galicia no eido social. O obxectivo é estar ao carón delas e axudalas a compaxinar mellor a vida laboral e persoal co tempo para o coidado dos fillos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que continúe ampliando as Casas niño, para chegar a aqueles concellos que precisen deste recurso de conciliación e atención á infancia, ao tempo que contribúe a atraer poboación ao rural galego”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:26:30

Raquel Arias Rodríguez na data 01/04/2024 11:26:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:27:01

Patricia García González na data 01/04/2024 11:27:15

Marta Mariño Regueiro na data 01/04/2024 11:27:27

Noelia Pérez López na data 01/04/2024 11:27:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 01/04/2024 11:27:51

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:28:05

Gonzalo Trenor López na data 01/04/2024 11:28:16



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Pedro Xosé Rodríguez y González (Bermés, Lalín, 25 de outubro de 1770 - Santiago de Compostela, 30 de setembro de 1824), máis coñecido como Matemático Rodríguez, foi un dos matemáticos e astrónomos galegos máis destacados do século XIX. O seu traballo foi fundamental para o desenvolvemento da ciencia moderna e a creación do Sistema Métrico Decimal.

Xosé Rodríguez mostrou interese polo coñecemento desde moi cedo, o que marcou o seu camiño cara a formación académica. Despois de pasar por varios centros, a principio de 1800 obtén a cátedra de Matemático na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela e inicia unha importante carreira que se estenderá practicamente ata a data do seu falecemento.

En 1803, desprázase ata París para completar estudos en Astronomía e Matemáticas no Observatorio e Colexio de Francia. Nesa cidade, establece amizade con algúns dos científicos máis relevantes dese século como Pierre-Simon Laplace.

En 1806, é nomeado Comisionado polo Goberno español para a medida do arco meridiano entre Barcelona e Formentera.

Este traballo marcará a súa traxectoria, ao permitirlle participar directamente no proceso de estandarización do metro como medida de lonxitude do futuro Sistema Métrico Decimal.

Matemático Rodríguez gaña notoriedade, obtendo novos encargos por parte do Goberno español e desenvolvendo unha produtiva carreira científica. A pesar do





recoñecemento internacional obtido en vida, na actualidade é unha figura aínda descoñecida para moitos galegos e galegas.

Este ano 2024, bicentenario do se falecemento é unha boa oportunidade para que institucións públicas e axentes culturais colaboren na divulgación do seu legado entre todos os galegos e galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia desenvolver accións divulgativas que axuden a difundir o legado do Matemático Rodríguez no bicentenario do seu falecemento”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 11:45:57

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 11:46:20

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 11:46:43

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 11:47:07

Patricia García González na data 01/04/2024 11:47:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 11:47:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 11:47:46

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 11:48:07

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 11:48:19

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 11:48:30





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A sociedade galega ten un carácter plural e diverso, cunha tradición de pobo acoledor para aquelas persoas orixinarias doutros países e/ou culturas diferentes. Vivimos nun mundo cada vez máis complexo e no que cada vez temos que afrontar máis retos de carácter social, pensando en mellorar a calidade de vida das persoas e en facer máis doada a convivencia.

O traballo de diferentes departamentos da Xunta ten permitido que, desde fai tempo, Galicia conte con instrumentos para traballar a integración e a boa convivencia, tanto no conxunto da sociedade como, de xeito máis específico, nas aulas galegas.

O ensino galego destaca pola equidade, inclusión e igualdade para o alumnado, ademais de por un bo clima de convivencia nas aulas, tal e como apuntan diferentes informes. Aínda así, non podemos ser alleos a que convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén a integración e as relacións.

O Grupo Parlamentario Popular é coñecedor do traballo desenvolvido nestes anos pola Consellería competente en Educación, en especial, de todo o que supuxo a Estratexia Galega da Convivencia Escolar-Educonvives 2015-2020.

Tamén valora o renovado compromiso xa adquirido pola Xunta de seguir mellorando a convivencia nas aulas galegas e avanzar cara a unha educación máis inclusiva, equitativa e de calidade. Así, o Goberno galego está a desenvolver progresivamente a Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025, que está dotada con 5,5 M€.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Esta nova estratexia é a folla de ruta a desenvolver nos vindeiros anos enfocada a afianzar un bo clima nas aulas galegas, coa previsión de accións de impacto no eido da convivencia positiva, a cidadanía dixital responsable, melloras para o benestar emocional e a coeducación. Na Estratexia galega de convivencia escolar, Educonvives 2025, recóllese o fomento da educación na diversidade, desenvolvendo valores de respecto entre as diferentes culturas que coexisten dentro e fóra do ámbito escolar.

Somos conscientes de que a Xunta de Galicia está a traballar de xeito ordinario na integración de alumnado procedente doutros países, pero que tamén foi quen de actuar ante situacións como a chegada de menores refuxiados pola Guerra de Ucraína. Todos estes esforzos teñen sido de utilidade, mais non convén baixar a garda.

Recentemente, a partir dos datos o avance da 'Estadística de las enseñanzas no universitarias. Alumnado matriculado. Curso 2022-2023' do Ministerio de Educación y Formación Profesional, coñecemos que Galicia é unha das CCAA nas que se incrementou a presenza de alumnado estranxeiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que, apoiándose na experiencia destes anos e ante os novos retos, reforce a adaptación e a integración educativa e pedagóxica dos alumnos e alumnas orixenarios doutros países e que estuden no sistema educativo galego para facilitar o seu proceso de aprendizaxe”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:01:17

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:01:32

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:01:47

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:02:04

Patricia García González na data 01/04/2024 12:02:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:02:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:02:43

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:02:58

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:03:13

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 12:03:25



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é unha institución cultural que alberga unha importante colección de fondos de diversas tipoloxías e de gran riqueza para Ourense e para Galicia.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un centro de titularidade estatal e xestión autonómica con sede principal no Pazo do Bispo que, desde xullo de 2019 se atopa nun proceso de remodelación promovido polo Ministerio de Cultura (como titular do museo).

Desde o inicio dos traballos existe constancia de numerosos problemas e atrasos. A previsión inicial de remate da obra, marcado para o ano 2022, foi adiada ata 2025, de acordo coa información que o Ministerio de Cultura trasladou a algún medio de comunicación.

De cumprirse finalmente estes prazos, é fundamental que o Ministerio inicie cando antes o proceso de licitación do equipamento do museo, de tal xeito que se eviten novos atrasos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Cultura que:





1. Realice as accións oportunas para axilizar os traballos de rehabilitación, informando con claridade dos novos prazos estimados.
2. En función do anterior, inicie a licitación do equipamento necesario para o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense de tal xeito que se evitan novos atrasos”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:23:48

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:24:02

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:24:17

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:24:36

Patricia García González na data 01/04/2024 12:24:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:25:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:25:10

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:25:25

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:25:38

Borja Vereza Fraiz na data 01/04/2024 12:25:49





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, M^a Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Como en diversas ocasións se puxo de manifesto por parte do Grupo Parlamentario Popular, a redacción da LOSU (Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario) estivo marcada pola falta de consensos. O texto foi realizado sen acordos e ás costas das Comunidades Autónomas e dando como resultado unha lei sen vocación de permanencia que non servirá para resolver os problemas que realmente afectan ás universidades españolas. A aprobación desta lei só se pode entender dentro do lamentable obxectivo do Goberno do Estado por modificar todas as leis educativas.

O Goberno do Estado non só desperdiçou a oportunidade de reformar o sistema universitario e adaptalo ás realidades dos próximos anos, senón que ademais continúa sen establecer un compromiso económico que responda ás novas necesidades financeiras que supón a aplicación da lei. Isto, na práctica, implica que o Goberno do Estado traslada ás universidades e ás Comunidades Autónomas –como principais financiadoras– todos os custos adicionais que supoñen as medidas introducidas na normativa, dándose o paradoxo de que deberán asumir economicamente os custos dunha lei aqueles que, precisamente, non participaron no seu proceso de redacción.

Desafortunadamente, este vén sendo o xeito de proceder do Goberno do Estado nos últimos anos, legislar sen planificación económica. Neste caso, en particular, a falta de concreción dun mecanismo de financiamento está causando problemas de planificación e preocupación dentro do propio sistema.

A Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE) nunha recente asemblea xeral volveu insistir, precisamente, na necesidade de que se aborde este asunto canto antes. Algo que tamén vén demandando a Xunta de Galicia nos últimos meses.

Desde o Grupo Popular estamos de acordo en que é fundamental dispoñer de novos fondos para cumprir coa nova lei. E, este esforzo de financiamento non pode caer





exclusivamente do lado das CCAA. O Goberno do Estado debe fixar, canto antes, os apoios económicos que se destinarán.

A falta de planificación económica do Goberno do Estado, non debe afectar a aquelas comunidades, como a galega, que leva anos apostando pola estabilidade financeira das súas universidades públicas. A Xunta de Galicia conta cun Plan de Financiamento plurianual que achegará a estas institucións máis de 3.177M€ ata 2026. A maior financiación da nosa historia coa que xa nos comprometemos a cumprir co obxectivo do 1% do PIB.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Universidades que asuma de inmediato os gastos extraordinarios que repercutan nas universidades públicas para adaptarse á LOSU; e fixe, canto antes, as partidas que se destinarán para acadar o obxectivo do 1% do PIB”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2024 12:42:13

Gabriel Alén Castro na data 01/04/2024 12:42:27

Javier Arias Fouz na data 01/04/2024 12:42:41

María Sol Díaz Mouteira na data 01/04/2024 12:42:58

Patricia García González na data 01/04/2024 12:43:11

Dolores Hermelo Piñeiro na data 01/04/2024 12:43:26

Rubén Lorenzo Gómez na data 01/04/2024 12:43:36

María Martínez Allegue na data 01/04/2024 12:43:52

Raúl Santamaría González na data 01/04/2024 12:44:04





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2024 10:38:47
Nº Rexistro: 456
Data envío: 02/04/2024 10:38:47.849

Borja Verea Fraiz na data 01/04/2024 12:44:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos

En febreiro deste ano, o Goberno Galego presentou unha proposta de modificación á última resolución da Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación pola que establece disposicións adicionais para ordenación das pesqueira do xurelo no caladoiro do Cantábrico e noroeste (zona CIEM 8C) para barcos que utilizan artes de pesca distintas ao arrastre e o cerco.

Esta disposición realiza un reparto provincial da cota desta especie e establece uns topes de capturas que, segundo a valoración da Consellería, son contrarias á realidade do sector en Galicia e non se axustan ao esforzo pesqueiro real das embarcacións que faenan na zona.

A proba está no feito de que o ano pasado, debido a unha resolución que tampouco permitiu unha xestión óptima do recurso, consumíuse menos do 60% da cota que se podía pescar por parte da frota galega de artes menores, quedando sen utilizar preto de 33.000 quilos froito deste desaxuste.

Así, a decisión pola que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación traslada os recortes de capturas aprobados no Consello de Ministros da UE para o xurelo á frota como cota accesoria e non dirixida establece que un reparto de 93.900 quilos para toda esta área para as embarcacións que non usan nin a modalidade de pesca do arrastre nin o cerco, establecendo un tope para o xurelo de 30 quilos por embarcación á semana. Deste total, 62.118 quilos corresponderían á provincia da Coruña e 3.822 quilos á de Lugo.

Nin a cota asignada de pesca accesoria de 65.940 quilos, nin o tope de 30 quilos por barco e semana establecen unha proporcionalidade e axuste adaptado para as provincias galegas nin ao esforzo pesqueiro xerado polo segmento da frota afectado.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que modifique a resolución que reparte a cota de xurelo para o Cantábrico e noroeste co fin de evitar danos irreparables á frota afectada”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 10:39:15

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 10:39:38

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 10:39:54

María Deza Martínez na data 02/04/2024 10:40:05

Patricia García González na data 02/04/2024 10:40:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 10:40:40

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 10:40:49

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 10:40:58

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 10:41:07

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 10:41:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A enfermidade hemorráxica epizoótica (en adiante, EHE), ao igual que a *Lingua Azul*, é unha enfermidade vírica infecciosa non contaxiosa transmitida por vectores (mosquitos do xénero *Culicoides spp.*) que afecta a ruminantes domésticos e salvaxes.

Ao ser transmitida pola picadura do mosquito, ao longo do ano existe un período no que o vector non circula (os meses máis fríos) e, polo tanto, non é posible a existencia de enfermidade. Non obstante, o resto do ano existe circulación do mosquito (aproximadamente desde abril a decembro) e, evidentemente, existe EHE.

A estes efectos, nos últimos meses do pasado ano 2023, poñíase de relevo a detección de focos desta enfermidade no noso país –tamén na nosa comunidade, sendo estes constatados a mediados do mes de setembro– e, neste contexto, os gandeiros afectados comezaban a demandar solucións á afectación desta e doutras enfermidades emerxentes.

Neste respecto, somos conscientes de que, desde a detección temperá de focos da EHE en Galicia, a Xunta, ao igual que na loita contra a Lingua Azul, mantivo convenientemente informado ao sector da súa evolución, mantendo un diálogo con todos os actores implicados. Así mesmo, estableceuse un sólido protocolo de actuación, segundo temos entendido, trasladando recomendacións preventivas ás feiras e explotacións non afectadas.



Ademais, Galicia foi unha das primeiras comunidades en anunciar a indemnización das mortes de vacas por mor desta doenza. Unha convocatoria que foi publicada a comezos do mes de xaneiro deste mesmo ano –e que continúa activa–, dotada con case que 1 millón de euros para abranguer o sacrificio obrigatorio por esta e outras doenzas tales como a tuberculose, a brucelose, a leucose ou a lingua azul de forma retroactiva na nosa comunidade.

A estes efectos, é evidente o traballo posto en marcha por parte da Xunta, en particular, pola Consellería do Medio Rural, e son coñecidas as reiteradas demandas desta última, así como das entidades homólogas noutras comunidades autónomas, en relación co estatismo do Goberno central, órgano con plena competencia nesta cuestión.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central, por medio do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que tome en consideración a situación xerada e adopte decisións, como o deseño dunha estratexia común en relación coa afectación da EHE no noso país en favor dos nosos gandeiros e gandeiras, así como tamén a coordinación dun protocolo de actuación ante enfermidades emerxentes que afecta a nosa cabana gandeira”.

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:15:12

Elena Candia López na data 02/04/2024 11:15:26

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 11:16:23

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 11:16:35

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:16:48

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 11:17:05

José Mato Díaz na data 02/04/2024 11:17:30

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 11:17:45

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:17:55

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 11:18:21



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Noelia Pérez López, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López, Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

Exposición de Motivos

Desde hai meses observamos con inquietude o desinterese e a dilación por parte dos responsables do Goberno de España diante de proxectos esenciais para a provincia e a cidade de Ourense.

Este é o caso da obra do paso ferroviario de Ramón Puga, que non avanza, polo que os veciños vense obrigados a invadir a calzada pola que circulan todo tipo de vehículos e numerosos autobuses urbanos, ao igual que sucede co paso ferroviario de Tarascón, que a maiores de ser estreito e de ter que compartir a calzada vehículos e peóns, presenta un firme moi deteriorado.

No ano 2021 o Concello de Ourense e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) asinaron un convenio para acometer as reformas en senllos pasos ao mesmo tempo que constituían unha comisión de seguimento das mesmas ao obxecto de garantir os prazos e velar e facer cumprir as responsabilidades que asumía cada administración. Acto que daba continuidade ao protocolo de colaboración asinado no ano 2016 para avanzar no desenvolvemento da permeabilidade da cidade.

Segundo o previsto nesta acordo, a responsabilidade da licitación, adxudicación e execución das obras foi asumida integramente polo ADIF, que deu conta ademais, a través dunha nota de prensa oficial, de que os proxectos técnicos xa estaban redactados.

Transcorridos amplamente varios anos da sinatura dese convenio as obras, que terían que estar finalizadas no mes de decembro de 2023, aínda non empezaron e hoxe nin sequera saíron a licitación.





A sorpresa foi maiúscula cando o pasado 24 de febreiro tiñamos coñecemento de que o Goberno de España, en resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Popular no Congreso dos Deputados, indicaba que a licitación estaba en suspenso porque estaban actualizando os prezos e que ambos proxectos atopábanse nunha fase avanzada de redacción por parte do ADIF.

Atopámonos, polo tanto, ante retrasos inxustificadas e explicacións incongruentes nas declaracións e nos feitos, que amosan a falta de transparencia do goberno central con estas obras e evidencian o engano as veciñas e veciños de Ourense.

Por todo o exposto, desde este Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España información clara da situación na que se atopa a reforma dos pasos ferroviarios de Ramón Puga e Tarascón, na cidade de Ourense, e requirir a súa licitación con carácter inmediato»

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:27:39

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:27:47

Carmen María Pomar Tojo na data 02/04/2024 11:35:12

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 11:35:23

Javier Arias Fouz na data 02/04/2024 11:36:00

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 11:36:05

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 11:37:25

María Deza Martínez na data 02/04/2024 11:37:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 11:37:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2024 11:40:40
Nº Rexistro: 465
Data envío: 02/04/2024 11:40:40.628

Victoria Núñez López na data 02/04/2024 11:38:22

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:38:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Exposición de motivos

En xullo do 2021 o Goberno central publicaba o Real Decreto 637/2021, polo que se regulan as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, incluíndo no seu ámbito de aplicación as explotacións de autoconsumo. Isto implica que estas explotacións -currais familiares que crían aves para consumo familiar e que non comercializan nin aves nin os seus produtos (ovos ou carne) deben estar rexistradas no rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O artigo 16.5 determina o seguinte: “*Los titulares de las explotaciones de autoconsumo, tal y como se definen en el artículo 2.h), estarán obligadas a efectuar una comunicación previa para que se incluyan en el Registro general de explotaciones ganaderas.*”

Dende o Partido Popular compartimos o malestar da poboación galega fronte a estes requisitos impostos polo Goberno central ao supoñer máis carga burocrática e trabas para aqueles propietarios que non sacan ningún beneficio económico destas explotacións ao non poder comercializar.

Temos constancia que dende a Xunta de Galicia se presentaron alegacións en cada un dos trámites de desenvolvemento normativo seguido polo Real Decreto 637/2021, do 27 de xullo, e que estas non foron atendidas. Unha vez máis o Goberno central impuxo á sociedade unha normativa que non atende ás especificidades do noso territorio. Concretamente unha das peticións do goberno galego era que as explotacións de autoconsumo deberían quedar fóra do ámbito de aplicación deste Real Decreto, coa cal estamos en total consonancia.

As oficinas rurais, que é o organismo encargado de atender este tipo de consultas e rexistrar as explotacións de xeito gratuito, están tendo unha maior carga de traballo xa



que atendendo á normativa vixente son as responsables de asesorar e rexistrar estas explotacións.

Non obstante, a pesares de que os cidadáns teñen a posibilidade de rexistrarse e recibir o código REGA de maneira online, en moitas ocasións, dita poboación non ten os coñecementos e accesos suficientes para facelo, o cal supón unha complicación máis.

Lamentamos que o Goberno central non teña en conta ás comunidades autónomas e continúe no seu empeño de legislar de costas ao territorio, sen atender ás peculiaridades de cada zona.

En Galicia, dada a particular estrutura de poboación existente no territorio, poderíase estimar unha cifra de máis de 50.000 explotacións coa súa correspondente actividade, que supón unha carga de traballo inxente e pouco eficaz.

Insistimos que o sector primario soporto unha carga burocrática excesiva, tanto profesional como para aquelas de autoconsumo, que implica un abandono tanto das explotacións e desaparición das mesmas como tamén fomentase o abandono do rural.

Ante esta situación, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a que modifique o Real Decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas, para suprimir a obrigatoriedade de rexistro das explotacións avícolas para autoconsumo, agás decisión da autoridade competente naquelas explotacións en función do risco sanitario ou criterios de ordenación sectorial da Comunidade Autónoma.”

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:59:03

Elena Candia López na data 02/04/2024 11:59:22

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 11:59:37

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 11:59:45

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:59:56

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 12:00:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 12:00:22

José Mato Díaz na data 02/04/2024 12:00:38

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:01:19

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 12:01:35





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos:

O complexo mar-industria é vítima da falta de sensibilidade do Goberno de coalición en España, que continúa a vetar ao sector primario da posibilidade de beneficiarse das rebaixas do IVE (imposto sobre o valor engadido) o que supón persistir nunha discriminación en relación con outros produtos de alimentación.

Desde Galicia vimos insistindo na reclamación dunha reforma fiscal que favoreza a este sector estratéxico, xa que contribuiría a ampliar a demanda interna de peixes e conservas, co consecuente beneficio para a saúde dos consumidores e impacto positivo na economía en xeral da nosa Comunidade e dos sectores profesionais vinculados ao mundo do mar.

O informe elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais “Efectos económicos e distributivos da redución do IVE no sector pesqueiro” presentado en novembro de 2023, confirma que unha rebaixa do 10 ao 5% (á metade) do IVE dos produtos do mar impulsaría o consumo, contribuiría a crear máis de 5.500 empregos e xeraría unha riqueza (valor engadido bruto) de 30 millóns de euros.

Consideramos que marxinar os produtos do mar é unha medida totalmente discriminatoria. Carece de sentido manter inalterado o IVE cando si baixaron noutros alimentos como o aceite ou a pasta, pois supón unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo.

Trátase dunha medida que apoian tamén o Parlamento Europeo e a Comisión Europea e que tanto a Xunta de Galicia como as principais organizacións de representación do sector veñen tempo pedindo ao Goberno central, ata o momento sen éxito.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España para que amplíe a redución do IVE de produtos básicos tamén a pescados, mariscos e conservas”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 13:34:10

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:34:30

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 13:34:55

María Deza Martínez na data 02/04/2024 13:35:16

Patricia García González na data 02/04/2024 13:35:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 13:35:55

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 13:36:09

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 13:36:31

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 13:37:05

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 13:37:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

En febreiro deste ano, o Goberno galego presentou ante a Secretaría Xeral de Pesca (SXP) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha serie de peticións co fin de poñer en marcha determinadas flexibilidades, exencións e medidas de simplificación no desenvolvemento do regulamento europeo para o control da pesca que se recollen dentro da propia normativa comunitaria e que resultarían beneficiosos para o sector en Galicia e, de forma especial, para a súa frota artesanal.

Así, desde a Consellería trasladan á SXP un total de 23 propostas entre as que se atopan a da exención de determinadas categorías de buques pesqueiros da obriga de completar e presentar unha notificación previa e unha declaración de transbordo; a exención para determinadas poboacións da obriga de estibar por separado as poboacións demersais suxeitas a plans plurianuais; as normas sobre procedementos de pesada e as normas especiais relativas ás pequenas especies peláxicas; normas sobre os observadores encargados do control; ou as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno central para que active as medidas de flexibilidade, simplificación e exencións previstas no regulamento de control da pesca.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 12:40:16

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 13:59:52

María Deza Martínez na data 02/04/2024 14:01:25

Patricia García González na data 02/04/2024 14:01:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 14:02:21

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 14:03:44

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 14:06:22

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 14:07:07

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 14:07:27

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 14:08:58





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos:

En xaneiro do ano 2024, o ministro de Industria e Turismo, D. Jordi Hereu Boher, durante a súa comparecencia en Comisión no Congreso dos Deputados, anunciaba o PERTE (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica) da cadea mar-industria.

Segundo indicou na súa intervención este instrumento de apoio contaría cun orzamento de 50 millóns de euros dos cales 40 millóns estarían reservados para subvencións e os 10 millóns restantes para préstamos dirixidos a empresas desde sector.

Estas son cantidades manifestamente insuficientes, fronte aos 400 millóns de euros que demanda o propio sector, e se os comparamos cos 1.000 millóns que se dedican, por exemplo, ao PERTE Agroalimentario.

Os actuais dirixentes do Goberno de coalición en España non parecen ter en conta a relevancia económica que representa o conxunto da cadea mar-industria, que só en Galicia conta cunha facturación de 9.000 millóns de euros anuais e emprega a 50.000 persoas.

Un sector que ademais desenvolve un mercado carácter exportador xa que segundo os primeiros datos provisionais de balance do ano 2023 teríase superado a cifra récord de 2.700 millóns de euros que se acadou en 2022.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición en Pleno e en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España que incremente os fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria e axilice a súa activación para que o sector poda acometer novas inversións”





Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 16:36:21

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 16:37:31

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 16:37:40

María Deza Martínez na data 02/04/2024 16:38:47

Patricia García González na data 02/04/2024 16:38:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 16:40:58

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 16:43:15

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 16:43:25

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 16:44:34

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 16:44:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O 11 de outubro de 2023 o Goberno do PSOE e Sumar, reunido en Consello de Ministros, acordou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo que preside Pedro Sánchez desbotaba calquera liña de diálogo coas autoridades de Galicia e poñía en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

De feito, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, recoñece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114, vén recoñecer que as comunidades autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as comunidades autónomas do litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.



A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno de España non quixo sentarse coa comunidade autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Consideramos imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor. De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas, poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa, así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no litoral.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes decisións:

- 1º Cesar no trato desigualitario que está dando a Galicia en materia de xestión do litoral
- 2º Reconsiderar a súa decisión de acudir directamente á vía do conflito xurisdiccional e, en consecuencia, retirar o recurso de inconstitucionalidade interposto contra a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e optar pola conciliación sentándose a negociar coa Comunidade Autónoma galega unha solución que, en todo caso, se fundamente no respecto ás lexítimas competencias exclusivas que o Estatuto de Autonomía reconece á comunidade autónoma de Galicia



Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 18:00:38

Carmen Pomar Tojo na data 02/04/2024 18:01:23

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 18:01:30

Javier Arias Fouz na data 02/04/2024 18:02:42

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 18:02:45

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 18:03:17

María Deza Martínez na data 02/04/2024 18:03:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 18:03:51

Victoria Núñez López na data 02/04/2024 18:04:30

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 18:04:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz e José Manuel Balseiro** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A industria galega intensiva en enerxía é un motor clave para Galicia, xa que contribúe ao mantemento dun amplo tecido industrial e de emprego estable e de calidade.

Sen embargo, debido á crise dos altos prezos da enerxía, ante a que o Goberno de España non soubo dar solucións, as industrias electrointensivas na nosa comunidade non soamente están ameazadas, senón que perderon competitividade. Isto levou tamén a que recortasen a súa produción polo impacto derivado da escalada dos prezos da electricidade e do gas.

Estamos, en consecuencia, nun momento crítico para decidir que accións emprender para intentar apoiar a esta industria e os seus empregos e garantir a viabilidade.

É un dato constatable que o realmente importante para este sector é o prezo eléctrico final que teñen que pagar as industrias electrointensivas e que vén marcado polo prezo no mercado maiorista, pero tamén polo resto de costes ou compensacións que se suman ou detraen na construción do prezo final. Así, os costes regulados e os impostos encarecen o prezo final eléctrico e como medida compensatoria está o estipulado pola Lei de Orzamentos do Estado a través do denominado “Mecanismo de compensación dos costes indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidas nos prezos da electricidade”, articulado como unhas axudas por compensación de costes indirectos de CO2 en forma de subvención, que xunto coa retribución polo Servizo Xestión da Demanda, a cambio dunha compensación económica, producen una redución do prezo final.



Esta redución do prezo final en España estase a amosar claramente insuficiente para estar nun mesmo plano de igualdade cos consumidores electrointensivos no resto de Europa, principalmente motivado polo feito de que o mecanismo de compensación dos costes indirectos de CO2 aplicado en España distánciase moito do contido na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, que permite ata un 25% do recadado por dereitos de emisión de CO2 e que ten a súa orixe na Directiva (UE) 2018/410 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2018.

Pódese apreciar como esta Directiva establece un límite máximo para estas axudas do 25% dos ingresos obtidos pola poxa de dereitos de emisión. Porén, o devandito límite non aparece reflexado de maneira taxativa, senón que se abre a posibilidade a superalo se se expón motivadamente que razóns hai que xustifiquen o seu incremento.

Sen embargo, a pesar desta posibilidade, na súa transposición ao ordenamento xurídico nacional, o Goberno español impuxo directamente a limitación de axudas “ata o 25% como máximo”, a pesar de que a Unión Europea habilitaba o poder superala.

Como dicíamos, nun contexto como o actual, cun grave risco de deslocalización de empresas altamente consumidoras de enerxía, pero tamén altamente intensivas en emprego, o máis lóxico resultaría que se reclamase ao Goberno de España que se superasara o citado límite do 25% dos ingresos obtidos polos dereitos de emisión.

Finalmente, o 8 de xullo de 2023, o Goberno publicou no BOE a convocatoria para a concesión das subvencións recollidas no Estatuto dos consumidores electrointensivos. Neste sentido, a cantidade total das axudas reducíronse respecto ao inicialmente presupostado e, ademais, optouse por ampliar o número de consumidores que teñen dereito a ser electrointensivos para repartir a mesma cantidade entre máis beneficiarios, en lugar de intensificar a aqueles consumidores que son máis electrointensivos.

Isto supón un novo risco, xa que o Estatuto dos consumidores electrointensivos estase a desnaturalizar polas escasas axudas ás que se accede fronte a unhas obrigas que impoñen costes importantes aos beneficiarios, de maneira que eses custos non se vexan compensados polas axudas recibidas e acaben por desistir desta figura tan necesaria.

En resumo, o Goberno de España continúa a ser incapaz de adoptar un paquete de medidas que realmente permita á industria española contar con un prezo eléctrico competitivo, estable e predicible máis de 3 anos despois de que se aprobara o tan esperado e anunciado Estatuto dos consumidores electrointensivos, que non foi máis que outro golpe para a industria española e galega, aumentando o risco da deslocalización industrial e da destrución de emprego, principalmente das empresas cun gran consumo enerxético.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar ante Goberno de España a urxencia de adoptar as seguintes medidas:

1º- Solicitar que aprobe, con carácter inmediato, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía.

2º- Modificar o Estatuto dos consumidores electrointensivos para que a industria electrointensiva española compita en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas.

3º- Modificar o límite da dotación orzamentaria máxima permitida pola normativa estatal para a compensación dos costes indirectos por CO2 da industria electrointensiva, e no seu defecto, dotar nos Orzamentos Xerais del Estado o límite máximo actualmente permitido para estas axudas co 25% dos ingresos procedentes de dereitos de emisión de CO2.

4º- Incrementar a retribución do servizo de resposta activa da demanda ou establecer outros mecanismos de interrompibilidade efectivos para reducir o prezo eléctrico da industria electrointensiva.

5º- Manter a bonificación de peaxes do 80% con carácter permanente.”

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 18:15:00

Cristina Sanz Arias na data 02/04/2024 18:16:01

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 18:16:23

Martina Aneiros Barros na data 02/04/2024 18:16:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Enrique Barreiro Sánchez na data 02/04/2024 18:17:28

María Deza Martínez na data 02/04/2024 18:17:31

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 18:18:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 18:18:54

José Mato Díaz na data 02/04/2024 18:19:30

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 18:19:33



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

No contexto actual a actividade de transporte de enerxía eléctrica consistente na condución a moi alta tensión desde as zonas de produción ata as áreas de consumo. O noso sistema eléctrico peninsular integra as liñas de tensión iguais ou superiores a 220 kV e as interconexións internacionais.

O actual Plan de desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica para o período 2021-2026 foi aprobado o 22 de marzo de 2022, despois dun proceso de tramitación iniciado no ano 2019.

Ao respecto, a planificación eléctrica configúrase como un instrumento normativo que establece os desenvolvementos necesarios da rede de transporte de electricidade para que a subministración en España siga sendo segura, de alta calidade e cada vez máis renovable.

Así, grazas á planificación, dimensiónase e prepárase a rede de transporte para que, ademais de atender á demanda actual, sexa capaz de dar resposta a novos consumos e facilite a transición ecolóxica, dando así cumprimento á política enerxética nacional e europea.

Na devandita planificación 2021-2026, Galicia foi moi penalizada respecto a plans anteriores, ao asignárselle tan só 68M€, un 1% do total de 6.964M€, unha porcentaxe moi inferior comparada co 6,7% que representaron os 308M€ do período 2015-2020.

En paralelo á tramitación e aprobación da Planificación Eléctrica da Rede de Transporte, fóronse promovendo en Galicia unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía que precisan conexión á rede eléctrica para poder garantir a súa viabilidade e competitividade: Altri, Resonac, Ignis, Triskelion ou P2X Europe, entre outros.



Ante este contexto económico e industrial, o Goberno galego considerou necesario demandar unha revisión da planificación aprobada. De feito, a Xunta de Galicia, en marzo do ano pasado remitiu ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico un informe sobre a solicitude de modificación da Planificación Eléctrica da Rede de Transporte 2021-2026 para atender a demanda de proxectos industriais en Galicia, sen obter resposta ata o momento.

En calquera caso, e ante a importancia de que os diversos proxectos industriais contén coa subministración eléctrica suficiente, aspecto que é determinante na decisión de investimento, foi o propio Presidente da Xunta quen trasladou estas demandas na reunión que mantivo en outubro co anterior Ministro de Industria e Turismo.

Así, o entón ministro en funcións defendeu que o Goberno central non poría en risco ningún proxecto, chegando a indicar trala reunión que: "No va a haber un proxecto que no cuente con el respaldo de suministro eléctrico por parte del Gobierno de España y por parte de Red Eléctrica". Sexa como fose, a solicitude de modificación foi tamén remitida formalmente ao Ministerio de Industria e Turismo o pasado novembro.

Finalmente, tralas demandas realizadas polas diversas administracións e os propios promotores destas iniciativas industriais, o pasado 14 de decembro de 2023 publicouse o documento de modificación de aspectos puntuais do Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021-2026. O mesmo día iniciouse o trámite de audiencia e información pública da proposta de modificación de aspectos puntuais da Planificación vixente que permaneceu aberto ata o 12 de xaneiro de 2024.

Segundo a información facilitada polo Goberno de España, estas modificacións nótrense dunha partida da addenda do Plan de Recuperación de 931M€, aínda que o total das modificacións contempladas no documento ascendeu a 321,2M€.

Con todo, aínda que as modificacións incluídas se consideran necesarias para o desenvolvemento enerxético e industrial de Galicia, tamén é certo que existen outros proxectos, en moitos casos declarados estratéxicos polo Goberno da Xunta de Galicia, cuxas necesidades non se ven atendidas con estas modificacións á planificación actual, a pesar de constituír iniciativas fundamentais para garantir o crecemento económico, industrial e posibilitar, incluso, a reconversión ou reindustrialización.

De feito, no caso concreto de Galicia non se pode obviar que o investimento total, se temos en conta tanto o previsto na actual Planificación Eléctrica 2021-2026 como o incluído no documento de modificacións publicado en decembro de 2023, ascende a 190M€ dun total de 7.285M€, é dicir, un 2,6%, unha porcentaxe que non se corresponde coa achega de enerxía renovable que fai a Comunidade Autónoma de Galicia á rede eléctrica.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias para

1º.- Incluír novas modificacións na planificación da rede de transporte eléctrico que dean resposta ás necesidades dos proxectos industriais intensivos en enerxía cuxa viabilidade e competitividade dependen da conexión eléctrica.

2º.- Realizar unha reforma da Lei do Sector Eléctrico que permita introducir modificacións na planificación da rede de transporte dunha maneira áxil e sinxela, para dar resposta ás necesidades de conexión de proxectos industriais que teñan unha cualificación de prioritarios ou estratéxicos por un goberno autonómico ou polo Goberno central.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 18:32:26

Cristina Sanz Arias na data 02/04/2024 18:32:35

Victoria Núñez López na data 02/04/2024 18:33:12

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 18:33:16

Martina Aneiros Barros na data 02/04/2024 18:33:46

María Deza Martínez na data 02/04/2024 18:34:55

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 18:35:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 18:37:31

José Mato Díaz na data 02/04/2024 18:37:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 509
Data envío: 02/04/2024 18:40:10.610

Enrique Barreiro Sánchez na data 02/04/2024 18:38:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A actividade pesqueira conta con longa tradición en Galicia, onde mantén unha importancia decisiva polo seu papel como fonte de alimentos de alta calidade e de primeira necesidade, capacidade para fixar poboación nas zonas costeiras e impacto como dinamizador da economía nestas zonas e no resto do territorio nacional.

A industria de transformación e comercialización dos produtos do mar, especialmente a industria do conxelado e de conservas de peixes e mariscos, ten gran importancia en Galicia e no conxunto de España, ata o punto de que figura entre os primeiros postos na UE e no mundo, por volume de produción e valor.

O complexo mar-industria sufriu as consecuencias da pandemia xerada pola covid-19, así como da guerra de Ucraína e da inflación, que provocan un descenso da produción estimado e sostido superior a un 8% e unha diminución dos seus cocientes de competitividade e rendibilidade.

A súa recuperación ten que basearse nun crecemento do mercado dotándolle e achegándolle de maior valor engadido e multiplicando a súa eficiencia e produtividade mediante un proceso de transformación industrial verde e dixital.

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, os Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) configúranse como instrumentos xurídicos novos destinados a potenciar a axilidade e a eficacia transformadora das actuacións apoiadas con fondos europeos. Neste sentido, o complexo mar-industria representado por ANFACO-CECOPECA, presentou un plan sectorial de 303,3 millóns de euros para o complexo mar-industria no ano 2021, como base para desenvolvemento dos citados instrumentos para o seu sector representado.





O Consello de Ministros, na súa reunión do 8 de febreiro de 2022, aprobou a memoria do PERTE do Sector Agroalimentario (PERTE Agroalimentario). Lamentablemente este instrumento exclúe expresamente a concesión de axudas no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, exceptuando as axudas á formación, as axudas para o acceso das pemes ao financiamento, as axudas no ámbito da investigación e o desenvolvemento, as axudas á innovación en favor das pemes e as axudas as persoas traballadoras máis desfavorecidas.

En consecuencia, as grandes empresas do sector, quedan excluídas do financiamento de proxectos transformadores, co consecuente lastre para a recuperación e transformación do sector e a súa perda de competitividade fronte ao resto do sector agroalimentario.

Debemos destacar, que a gran empresa de transformación opera nunha contorna internacionalizada e de alta presenza de países terceiros, sendo imprescindible manter o pulso investidor que permita soste as vantaxes competitivas con estándares europeos como a mellor ferramenta para defender a soberanía alimentaria en Europa e influencia na implantación da Política Pesqueira Común en terceiros países, no que a mercados se refire. Ademais, ábrense oportunidades para o crecemento azul sobre os devanditos investimentos.

O sector industrial pesqueiro identifica na constitución dun PERTE Mar-Industria unha oportunidade única para definir a estratexia para seguir, abrindo a posibilidade da súa reestruturación, co fin de sobrevivir nun contexto no que só o farán aquelas empresas que alcancen o nivel de competitividade, resiliencia e sustentabilidade que esixen os mercados, garantindo ademais a sustentabilidade ambiental dos procesos de produción.

Para superar a exclusión, e por tanto, para apoiar o desenvolvemento sostible do sector e creación de oportunidades, xorde a necesidade de establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas a actuacións de fortalecemento industrial a entidades do sector alimentario como son as relativas ao complexo mar-industria que ata o momento non puideron acceder a un PERTE.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España as seguintes medidas:

1. Que axilice e dea prioridade aos seus trámites ante Bruxelas, co fin de que se obteña unha asignación de fondos exitosa para apoiar o investimento das empresas do complexo mar-industria galegas, a través dun PERTE específico.





2. Que a estrutura de asignación de fondos Next Generation no PERTE Mar-Industria, sexa eficiente e flexible, e conte cunha cantidade económica suficiente e cunhas condicións realmente incentivadoras, que favorezan a solicitude de proxectos competitivos e eviten que estas convocatorias queden desertas”.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 18:48:48

Cristina Sanz Arias na data 02/04/2024 18:49:13

Victoria Núñez López na data 02/04/2024 18:49:48

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 18:49:55

Martina Aneiros Barros na data 02/04/2024 18:50:39

Enrique Barreiro Sánchez na data 02/04/2024 18:51:02

María Deza Martínez na data 02/04/2024 18:51:33

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 18:51:38

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 18:52:16

José Mato Díaz na data 02/04/2024 18:52:21





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Verea Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

A reforma da lei estatal de Formación Profesional é un exemplo máis de improvisación do actual Goberno central no eido educativo. Un xeito de proceder que só se entende dentro da vontade desenfrenada por reformar todas as leis educativas, que está provocando problemas e tensións dentro do sistema.

A poucos meses do inicio do próximo curso, o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes aínda non publicou a normativa básica necesaria para a posta en marcha dos novos currículos e os catálogos de ofertas de FP conforme ao fixado pola Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

En concreto o Ministerio está tramitando catro reais decretos que á súa vez teñen por obxecto modificar cento setenta e nove (179) reais decretos nos que se establecen os currículos básicos das ensinanzas de Formación Profesional. Entre outras aspectos, que afectan a máis de duascenas ensinanzas -ciclos e cursos de especialización-, nestas normas estanse a determinar as especialidades docentes que poden impartir tanto nos novos módulos profesionais que aparecen coa Lei orgánica 3/2022, (Itinerario profesional para a empregabilidade I e II, Sostenibilidade aplicada ao sistema produtivo, Dixitalización aplicada ao sistema produtivo, Inglés profesional, proxectos), como nos anteriores módulos. Adicionalmente o Ministerio está iniciando a tramitación dunha modificación do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

O Ministerio está incumprindo os seus propios prazos, xa que fixara o día 1 de setembro de 2023 como data límite para algún destes trámites que, inevitablemente van provocar importantes problemas de organización nos centros que imparten estas ensinanzas. Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos intolerable que o modelo de éxito da Formación Profesional de Galicia se poña en risco pola improvisación do Goberno central. A pesar de que a Xunta de Galicia xa iniciou os trámites do futuro decreto que rexerá as ensinanzas de FP, para evitar máis demoras ante a falta de concreción dos actuais responsables do Goberno de España, é





fundamental que o Goberno central cumpra de inmediato coa súa obriga e publique cando antes os novos currículos e os decretos correspondentes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que publique, de inmediato, a normativa que permita pechar as incertezas e inseguridade que se está a provocar na FP galega a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional xa que logo, sen esta normativa estatal non é posible iniciar a tramitación da normativa autonómica.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 19:13:34

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 19:14:48

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 19:15:38

Javier Arias Fouz na data 02/04/2024 19:16:18

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 19:16:27

Patricia García González na data 02/04/2024 19:18:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 19:18:34

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 19:19:00

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 19:19:07

Borja Vereza Fraiz na data 02/04/2024 19:20:30





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

España conta hoxe en día cun Sistema Nacional de Saúde envexable que conta con profesionais de probada cualificación, inversións millonarias e equipamento de última tecnoloxía, o que nos converte nun dos mellores sistemas sanitarios do mundo.

Dende que fai anos o INSALUD transferiu as competencias en materia sanitaria ás comunidades autónomas, o Sistema Nacional de Saúde atópase practicamente descentralizado nestas. Sen embargo, o Goberno Central conserva a competencia en asuntos clave para o funcionamento do Sistema e cuxas consecuencias teñen un impacto directo na prestación que deben xestionar os servizos autonómicos de saúde.

Unha destas competencias é a relacionada ca ordenación dos profesionais sanitarios, onde se engloba formación sanitaria especializada e todos os procedementos que dela proveñen.

Desafortunadamente nos últimos anos fomos testemuño de como o Sistema Nacional de Saúde en xeral, e os servizos de saúde autonómicos en particular, comezaron a padecer un problema común de escaseza de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria, o que está tensando a sanidade pública no eido da atención primaria.

Isto non é algo novo, posto que xa quedara de manifesto en abril do ano 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no que se aprobaron por unanimidade uns acordos xurdidos dun grupo de traballo sobre o déficit de especialistas creado a tal efecto polo goberno de Mariano Rajoy.





No 2022 fíxose público o “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas Médicos 2021-2035”, presentado polo propio Ministerio de Sanidade no Pleno da Comisión de Recursos Humanos del Sistema Nacional de Salud, no que se volvía a identificar a especialidade de medicina familiar e comunitaria como a especialidade con peores prognósticos de déficit.

Pasaron xa seis anos sen que dende o Ministerio de Sanidade completara ningunha reforma para dar solución a este déficit, evitando tomar as medidas urxentes que dende as comunidades autónomas se esixiron de maneira reiterada.

Ante a desidia por parte do Goberno Central, País Vasco e Galicia impulsaron un manifesto cunha serie de medidas urxentes en materia de atención primaria ó que se uniron cinco comunidades autónomas máis e que foi referendado pola maioría do Congreso dos Deputados, a pesar do cal foi ignorado polo Goberno.

Neste documento, no seu punto 5, recóllese a necesidade de crear de maneira definitiva un Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios que poida orientar as necesidades de formación de especialistas para prever a aparición de déficits de profesionais en determinadas especialidades.

E dicimos de maneira definitiva porque este rexistro foi unha iniciativa do Goberno de Mariano Rajoy, o cal comezou os trámites e a aprobación dos diferentes decretos e ordes para a posta en marcha deste rexistro, pero que dende a chegada do PSOE ó Goberno Central paralizouse ata o 2022.

Nese ano, a Ministra Darias sorprendeunos co anuncio da súa publicación, pero a realidade demostrou que o devandito rexistro aínda tiña ó 48% dos profesionais sen identificar, máis de 340.000 profesionais. Do mesmo xeito obviaba ós profesionais doutros departamentos como o de Defensa, Interior e Xustiza, non permitindo ter unha foto real da situación dos recursos humanos no Sistema Nacional de Saúde.

Dende este Grupo Parlamentario creemos que debido ó carácter nacional das dificultades que todos os gobernos autonómicos estamos tendo na escaseza de profesionais especialistas de medicina familiar e comunitaria, é necesario contar con esta información para evitar volver chegar a situacións límite de déficit de profesionais



como a actual, polo que o Ministerio de Sanidade debe actuar nunhas competencias sanitarias que lle son exclusivas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que tome as medidas oportunas para garantir que o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios conte con información fiable de todas as especialidades e de todos os actores do sistema de saúde de xeito que poida ser un instrumento efectivo para planificar as necesidades de formación de especialistas do Sistema Nacional de Saúde e previr a aparición de déficits de profesionais de determinadas especialidades”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:18:53

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:19:09

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 11:19:33

Patricia García González na data 02/04/2024 11:19:46

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 11:19:58

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:20:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 11:20:29

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 11:20:51

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 11:21:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O conxunto do Sistema Nacional de Saúde está a sufrir un importante problema no que a carencia de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria se refire.

Realizar esta afirmación non resulta nada novo debido a que levamos anos falando desta problemática, á vez que vemos como a Administración que ten a capacidade de pór solución a esta situación, o goberno central, mantense de brazos cruzados.

Xa en abril do ano 2018, baixo o goberno de Mariano Rajoy, no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, aprobáronse por unanimidade uns acordos xurdidos dun grupo de expertos sobre o déficit de especialistas creado a tal efecto polo Ministerio de Sanidade. Eses acordos recollían a reforma dos criterios e requisitos que se esixen para crear novas prazas formativas de medicina de familia co obxecto de poder aumentar o número de médicos formados e abastecer á atención primaria.

Dous meses despois daquel acordo produciuse unha moción de censura e o PSOE accedeu ao Ministerio de Sanidade, e todo aquilo que acordara o goberno central do PP coas CC.AA. (a maioría socialista) quedou nun caixón e aí segue seis anos e cinco ministros despois.

No entanto, o déficit de especialistas continuou agravándose, sendo tal a situación, que o propio goberno de España viuse obrigado a realizar un proxecto de xubilación activa co obxectivo de facilitar a xubilación activa dos médicos e pediatras de atención primaria, alongando así os seus anos de servizo.





Nestes momentos, a situación de escaseza de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria xa non só se ve no centros de saúde de toda España, senón tamén dun xeito moi destacado nos centros penitenciarios do país.

O pasado mes de abril este Parlamento aprobaba unha proposición non de lei instando ó Goberno de España a que tomase as medidas necesarias para garantir de forma urxente a asistencia sanitaria axeitada ás persoas reclusas nos centros penitenciarios, posto que o 60% de prazas médicas no conxunto das prisións galegas están vacantes. Unha situación que, tal e como teñen trasladado as organizacións sindicais, o Goberno de España está a tratar de paliar recorrendo aos servizos de empresas de sanidade privada.

Nese sentido, o pasado mes de xuño fomos testemuños de como o Portal de Contratos Públicos recollía a formalización por parte do Goberno de España dun contrato cunha empresa sanitaria privada de “servicio médico externo de atención primaria para prestar asistencia sanitaria a los internos del Centro Penitenciario A Lama” por un importe de 65.520€.

Do mesmo xeito, dende o 2003, unha disposición adicional da Ley 16/2003, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece que “os servizos sanitarios dependentes de Instituciones Penitenciarias serán transferidos ás comunidades autónomas para a súa plena integración nos correspondentes servizos autonómicos de saúde”.

En varias ocasións, o Parlamento de Galicia apoiou esta transferencia, sen embargo, ata o de agora o Ministerio nunca se comprometeu de forma efectiva con este traspaso, negándose a dotalo dos medios axeitados, polo que o Goberno de España continúa a ser, por decisión propia, o responsable da atención sanitaria da poboación reclusa nos cárceres de Galicia”.

Ante esta situación que se está a dar no ámbito da atención primaria en xeral e do da atención sanitaria nos centros penitenciarios en particular, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

- 1.- Que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, volvendo a prestar esta atención desde o sistema público con persoal propio de Institucións Penitenciarias.
- 2.- Que asuma a petición efectuada por diversos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados de ampliar en 1.000 prazas ao ano a formación sanitaria especializada de medicina familiar e comunitaria para garantir especialistas suficientes para cubrir as necesidades de profesionais da atención primaria e da sanidade penitenciaria do conxunto do Sistema Nacional de Saúde.
- 3.- Que, unha vez dotados os servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos dos medios necesarios para o seu funcionamento, inicie o proceso de traspaso das competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo Servizo Galego de Saúde, transferencia que deberá estar acompañada dos medios humanos, económicos e materiais necesarios, atendendo á suficiencia dinámica para a prestación do correspondente servizo; así como da compensación da débeda contraída polo Ministerio de Interior có Sergas”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:16:37

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:16:50

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:17:04

Patricia García González na data 02/04/2024 12:17:17

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:17:28

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:17:35

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:17:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 10:18:31
Nº Rexistro: 534
Data envío: 03/04/2024 10:18:31.829

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:18:03

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:18:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

De acordo con o recolleito no Real Decreto 1090/2015, do 4 de decembro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, os Comités de Ética da Investigación con medicamentos e o Rexistro Español de Estudos Clínicos, enténdese por ensaio clínico toda investigación relativa a persoas destinada a descubrir ou comprobar os efectos clínicos, farmacolóxicos ou demais efectos farmacodinámicos, identificar calquera reacción adversa ou a estudar a absorción, a distribución, o metabolismo e a excreción de medicamentos, co obxectivo de determinar a seguridade e/o eficacia dos mesmos, sempre que cumpra calquera das seguintes condicións:

- Que se asigne de antemán ao suxeito de ensaio a unha estratexia terapéutica determinada, que non forma parte da práctica clínica habitual do Estado membro implicado.
- Que a decisión de prescribir os medicamentos en investigación tómesese xunto coa de incluír ao suxeito no estudo clínico.
- Que se apliquen procedementos de diagnóstico ou seguimento aos suxeitos de ensaio que van máis aló da práctica clínica habitual.

Os ensaios clínicos desempeñan un papel fundamental no campo da saúde e a medicina.

Estes estudos son esenciais, xa que a súa importancia radica na capacidade para proporcionar evidencia científica sólida sobre a efectividade de determinados tratamentos médicos.





Estes ensaios permiten ós investigadores recompilar datos obxectivos e fiables sobre a eficacia dun novo tratamento en comparación coas opcións existentes á vez de avaliar a seguridade destes.

Estes estudos xeran evidencia científica certa, contribúen ó avance científico e brindan ós pacientes acceso a opcións de tratamento innovadoras. A súa importancia radica na capacidade para mellorar a calidade da atención sanitaria, garantindo a seguridade e eficacia das intervencións médicas.

En Galicia non somos alleos ó papel que os ensaios clínicos xogan na mellora da atención e a calidade sanitaria. A día de hoxe, a nosa comunidade conta con tres institutos de investigación sanitaria acreditados polo Instituto de Investigación Carlos III, o cal sitúa a Galicia como unha das 5 comunidades con máis institutos de investigación sanitaria acreditados. Esta situación é o resultado da aposta pola investigación que a Xunta leva realizando ó longo dos anos, e do seu esforzo inversor, que neste 2023 supuxo, por exemplo, un incremento de máis do 9% do orzamento para investigación sanitaria.

Este aumento continuado de recursos permitiu pór en marcha iniciativas como INNOVATRIAL, centrada en integrar a investigación clínica coa actividade asistencial ou participar en diferentes redes de investigación como a Plataforma SCReN ou a Red INSPIRE.

Do mesmo xeito continuouse ampliando o traballo realizado polos distintos hospitais do Sergas ou a inauguración das primeiras unidades de ensaios clínicos de fases temperás de Galicia.

Este elevado volume de ensaios clínicos buscan promover a investigación clínica, contribuír ó avance da ciencia e a mellora da atención sanitaria en Galicia.

É por elo, que para un mellor ordenamento na investigación e avaliación de tratamentos médicos, sería preciso mellorar a coordinación e información dos investigadores de toda Galicia, de maneira que se coñeza a totalidade dos ensaios clínicos que se está a realizar, co fin último de beneficiar ós profesionais e pacientes de toda Galicia. Isto permitirá, ao mesmo tempo, facilitar a participación en estudos clínicos recentemente autorizados ou en marcha e contribuír en alcanzar así resultados máis fiables.





Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un sistema de información que permita a todos os profesionais e pacientes galegos coñecer a totalidade de ensaios clínicos que se están a desenvolver en Galicia co obxecto de poder solicitar, de ser o caso, o seu acceso aos mesmos”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 12:22:36

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 12:22:50

María Sol Díaz Mouteira na data 02/04/2024 12:23:06

Patricia García González na data 02/04/2024 12:23:20

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 12:23:31

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 12:23:39

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 12:23:50

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 12:24:03

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 12:24:13



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e dos deputados **Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Xacobeo 21 foi declarado “acontecemento de excepcional interese” pola Lei estatal 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, conforme ao procedemento e cos requisitos previstos noutra norma estatal, a Lei 49/2002 de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro e de incentivos fiscais ao mecenado.

Con esta declaración as empresas demostraron un forte interese na súa implicación e participación na promoción das múltiples actividades que ao longo do bienio Xacobeo 21-22 leváronse a cabo en todo o territorio galego, abarcando ámbitos tan diferentes como a cultura, música, deporte ..., logrando o auxe dos destinos turísticos galegos, a súa desestacionalización e a masiva presenza de peregrinos e con elo un forte impulso para todas as empresas turísticas.

Como mostra da importancia de ter esta declaración, no Xacobeo 21-22, un total de 40 empresas adheríronse ao programa de patrocinio, cunha aportación total de 28 millóns de euros, o que permite o que permite acceder a desgravacións fiscais e achegas no marco da lexislación de mecenado,

Con esta figura tamén se logrou unha identificación do “patrocinador” co “elemento patrocinado” – o Ano Santo Xacobeo-, e dun xeito especial con Galicia e coa súa sociedade, creando unha sensación de orgullo por participar neste evento.

As portas xa do Xacobeo 2027, e necesario volver a contar con esta figura tan beneficiosa e, en consecuencia, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese ao abeiro do previsto Lei 49/2002 de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro, e de incentivos ao mecenado, e con efectos desde o ano 2025”





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 10:34:39

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 10:35:05

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 10:35:08

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 10:35:30

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 10:35:53

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 10:36:29

María Deza Martínez na data 03/04/2024 10:36:55

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 10:37:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 10:37:21

José Mato Díaz na data 03/04/2024 10:38:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As bonificacións dos seguros sociais relacionadas cos períodos de baixa por maternidade ou paternidade, sufriron modificacións substanciais con repercusións directas nos costes para as empresas e os autónomos que contén con empregados nestas circunstancias.

Con anterioridade, cando un empregado se atopaba de baixa por maternidade ou paternidade e realizábase un contrato de interinidade para cubrir a súa ausencia, os seguros sociais do empregado substituído estaban completamente bonificados ao 100% durante o período de baixa. Con todo, desde setembro de 2023, desaparece esta bonificación, sendo substituída por unha fixa de 366€ sobre a cotización do empregado en situación de baixa.

Nestas circunstancias, a empresa vese prexudicada con esta nova normativa, xa que debe aboar a diferenza entre a contía real dos seguros sociais e os 366€ da bonificación. É importante comprender que, durante a baixa de maternidade, a empresa non está obrigada a pagar o salario da persoa empregada, xa que a Seguridade Social asume o custo ata que a persoas regrese ao seu posto de traballo. A única obriga económica da empresa é o pago da cotización da persoa traballadora.

Estas medidas adoptadas representan un risco para a estabilidade laboral das persoas que substitúen a traballadores durante situacións vinculadas ao nacemento e coidado de menores, así como no exercicio da atención aos menores lactantes ou os riscos asociados ao embarazo e lactancia natural.



A preocupación respecto a non corrixir esta discriminación, afectará aos dereitos laborais das mulleres, como impactos adversos na súa estabilidade laboral, barreiras no seu desenvolvemento persoal e o retroceso na promoción da corresponsabilidade e a participación dos homes nas responsabilidades de coidado.

Desde este grupo parlamentario consideramos que a bonificación na contratación nestes casos é esencial para avanzar na materialización dos dereitos das mulleres e promover unha participación máis equitativa dos homes nas responsabilidades do coidado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno Central para solicitarlle a recuperación do 100% da bonificación polas baixas de maternidade”.

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 10:40:25

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 10:40:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 10:41:15

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 10:42:09

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 10:42:24

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 10:42:34

Patricia García González na data 03/04/2024 10:42:43

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 10:43:14

María Sol Díaz Mouteira na data 03/04/2024 10:43:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O Goberno de España aprobou o 27 de outubro de 2021 (BOE nº257) o Real Decreto 933/2021 polo que se establecen as obrigacións de rexistro documental e información das persoas físicas o xurídicas que exercen actividades de hospedaxe e alugueiro de vehículos a motor.

No contido deste Decreto, que regula o coñecido como “rexistro de viaxeiros”, amplíase a obriga de recoller de 10 a medio centenar de datos persoais, o que se traduce nunha sobrecarga de traballo para os profesionais do sector, tempo extra para o procedemento habitual de entrada e rexistro dos viaxeiros (check in) e a necesidade de implantar medidas de seguridade na recollida e custodia de datos que non son estritamente de carácter turístico.

Compre indicar, ademais, que a regulación e normativa deste Decreto afecta a todas as tipoloxías de aloxamentos de hospedaxe, desde as vivendas de uso turístico ata os albergues.

Tamén inflúe de maneira importante ás axencias de viaxe, e neste senso, tanto a Confederación Española de Axencias de Viaxe (CEAV), como Fetave (Federación Empresarial de Asociacións Territoriais de Axencias de Viaxe Españolas) mostráronse en contra da normativa. Esta última solicitou á Comisión Europea a paralización da aplicación do Decreto e a revisión urxente do mesmo.

Recentemente, o pasado mes de novembro, a Secretaría de Estado de Seguridade, dependente del Ministerio do Interior, comunicou que amplía ata o 1 de outubro de 2024 o período de adaptación para o cumprimento do Real Decreto 933/2021





Desde o sector turístico -en consonancia coa opinión do Grupo Popular- seguen convencidos de que é necesario ter unha reflexión máis profunda entre o Goberno de España e o sector para buscar unha regulación máis acaída e menos custosa para os profesionais, que a prevista no Real Decreto aprobado en 2021, e que incorpore medidas que de verdade favorezan a satisfacción do visitante.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España á revisión urxente do Real Decreto 933/2021 e, previa consulta e consenso co sector, proceder á modificación do mesmo.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 10:43:09

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 10:43:15

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 10:44:12

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 10:44:40

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 10:46:12

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 10:46:43

María Deza Martínez na data 03/04/2024 10:46:57

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 10:47:00

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 10:47:30

José Mato Díaz na data 03/04/2024 10:47:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A discapacidade forma parte do ser humano e é consubstancial á experiencia humana. Calculase que 1.300 millóns de persoas, é dicir, o 16% da poboación mundial, sofren actualmente unha discapacidade importante. Esta cifra está aumentando debido ao crecemento das enfermidades non transmisibles e á maior duración da vida das persoas.

É unha realidade que, para moitas persoas con discapacidade, o emprego por conta propia é, en moitas ocasións, a única alternativa laboral nun mercado aínda discriminatorio e pouco inclusivo. Ante estes desafíos, desenvolver o seu propio negocio é unha das vías para as persoas con discapacidade. Emprender convértese nunha vía para alcanzar a inclusión.

As persoas con discapacidade poden emprender igual que calquera outra persoa cos apoios necesarios. Os problemas e barreiras que enfrontan non son moi diferentes do resto de persoas que emprenden, pero requírense medidas e programas específicos que apoiem a sustentabilidade e o crecemento de empresas promovidas por persoas con discapacidade, así como a creación de emprego para máis persoas con discapacidade.

Nos últimos anos, a maioría dos emprendementos de persoas con discapacidade son de perfil básico como comercios ou negocios de restauración. Con todo, cada vez hai máis iniciativas de persoas con discapacidade con maior cualificación e innovadoras,





de comercio en liña, así como emprendementos con impacto social no propio colectivo da discapacidade.

Desde este grupo parlamentario consideramos que se debe apostar polas persoas con discapacidade na Comunidade, poñendo o foco nas súas habilidades e coñecementos, coa finalidade de poder preparalas para dar cobertura aos perfís que demandan empresas empregadoras, co obxectivo de apoiar ás persoas con maiores dificultades no acceso ao mercado laboral.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dun programa específico que apoie o emprendemento das persoas con discapacidade, co obxectivo de mellorar a súa inserción socio-laboral”.

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 10:53:32

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 10:53:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 10:54:03

María Sol Díaz Mouteira na data 03/04/2024 10:54:23

Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 10:54:34

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 10:54:53

Patricia García González na data 03/04/2024 10:55:07

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 10:55:26

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 10:55:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca E Marisqueo**

Exposición de Motivos:

A Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (CITES) ten por obxecto regular o tráfico ou movemento transfronteirizo de exemplares en risco de supervivencia ou en perigo de estalo.

O Apéndice II inclúe especies que non se enfrontan a unha extinción inminente pero que necesitan vixilancia para garantir que o comercio non se converta nunha ameaza. A exportación está permitida se a planta, animal ou produto relacionado obtívose legalmente e se a súa recolección non prexudica as posibilidades de supervivencia da especie.

A inclusión do marraxo dientuso e da tintorera no Apéndice II de CITES provocou que a administración estatal establecese cotas comerciais globais por zonas de pesca. Todo o que excedese ese límite non pode ser vendido.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico endureceu as medidas de xestión destas especies, establecendo unhas cotas nacionais distintas e inferiores ás recomendadas pola ICCA (a Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico e outras especies afíns). Esta situación derivou nun bloqueo administrativo que afectou e afecta directamente o sector palangreiro de superficie, que se ve impactado por máis burocracia, o retardo das operacións e maiores custos, xa que aínda que a captura non se realiza na costa galega, a maioría dos buques con capturas desta especie teñen a súa base en portos galegos e contan con tripulacións locais.

Galicia xa advertiu dos prexuízos para a nosa frota e da improcedencia dunha decisión sobre a que descoñecemos se foi adoptada tendo en conta factores socioeconómicos ou se se valorou a posibilidade de establecer un período de transición, ademais de non coñecerse os criterios científicos sobre as que se baseou. Polo tanto, estamos ante unha actuación governamental que asemella non respectar que a ICCAT, responsable da conservación dos túnidos e doutras especies afíns no Atlántico e mares adxacentes, tome as medidas adecuadas para manter o equilibrio das poboacións mariñas.





O temor da frota a que se inclúan novos exemplares na lista de especies protexidas de CITES é totalmente fundado tendo en conta as últimas decisións, totalmente inxustificadas, de incluír nela especies como o marraxo ou a quenlla. Esa inclusión produciuse froito da presión dos grupos ecoloxistas e sen ter en conta as consideracións das organizacións rexionais de pesca.

Decisión que, en opinión do Grupo Popular, foi carente de argumentos e base científica que a avale, converténdose nunha nova dificultade apoiada pola Unión Europea.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que desenvolva un contacto efectivo e permanente co sector pesqueiro e coas comunidades autónomas marítimas con intereses neste ámbito, a fin de definir unha coordinación plena que permita completar as afectacións sociais e económicas daquelas medidas ambientais que, procedentes do marco europeo e internacional, incidan na pesca, tales como a inclusión da tintorera e do marraxo dientuso no anexo II do Convenio sobre o Comercio Internacional de Especies de Fauna e Flora Silvestres (CITES)”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 11:19:56

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 11:20:03

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 11:20:58

María Deza Martínez na data 03/04/2024 11:21:08

Patricia García González na data 03/04/2024 11:22:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 11:22:12

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 11:23:15

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 11:23:22

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 11:24:38

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 11:24:47



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 5ª; Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

As cooperativas son asociacións autónomas de persoas unidas voluntariamente para formar unha organización democrática, cuxa administración e xestión debe levarse a cabo da forma que acorden os socios, xeralmente no contexto da economía de mercado ou da economía mixta, aínda que as cooperativas déronse tamén como parte complementaria da economía planificada.

A súa intención é facer fronte ás necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais comúns a todos os socios mediante unha empresa. Na nosa comunidade, hai mais de 1.300 cooperativas, con preto de 29.000 mulleres que forman parte delas, sendo 27.000 socias e, en termos económicos, a economía social representa máis do 7% do noso Produto Interior Bruto (PIB), cun impacto anual duns 850 millóns de euros. De feito, 21 cooperativas galegas están situadas entre as 600 máis relevantes do Estado.

Dende este grupo parlamentario somos conscientes de que a Xunta de Galicia ten un forte compromiso co cooperativismo por ser unha fórmula moi importante para a economía galega. Por iso, leva desenvolto diferentes programas como o Aprox Economía Social, fomentando a incorporación de persoas tanto desempregadas como ocupadas en cooperativas e sociedades laborais, así como a Rede de polos de Emprendemento e apoio ao emprego, despregada polo territorio para asesora novos negocios e, tamén, a Rede Eusumo, que leva máis dunha década acompañando ás entidades que apostan pola economía social e polo cooperativismo en Galicia.



Estas cooperativas están inscritas nun rexistro da Xunta de Galicia, o que permite telas identificadas así como coñecer o volume de entidades e a súa actividade.

Coas distintas liñas de axudas e convocatorias que se realizan anualmente creemos que este rexistro debe actualizarse dando lugar a unha nova ferramenta que permita facer mais doado o traballo de cooperativas, Administración e demais entidades.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á modernización do rexistro de cooperativas e de entidades sociais”.

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 11:10:01

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 11:10:12

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 11:10:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Raquel Arias Rodríguez na data 03/04/2024 11:10:41

María Sol Díaz Mouteira na data 03/04/2024 11:10:56

Patricia García González na data 03/04/2024 11:11:07

Marta Mariño Regueiro na data 03/04/2024 11:11:19

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 11:11:29

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 11:11:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso, Brais Ruanova Vilas-Boas e Oscar Insua Lema** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños e Rosana Pérez Fernández**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre a realización dunha auditoría sobre os contratos por emerxencia tramitados polo Sector Público Autonómico de Galiza entre os anos 2020 e 2023, ambos inclusive.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O establecemento dun procedemento para a licitación e adxudicacións de contratos por parte das administracións públicas persegue, entre outras finalidades, garantir a eficacia na xestión dos recursos públicos, a mellora na prestación dos servizos públicos e, ao tempo, crear un marco de protección e seguridade para a cidadanía. O procedemento administrativo é, xa que logo, unha garantía na xestión dos recursos públicos, do acerto e oportunidade na actuación administrativa e un instrumento de loita contra a corrupción.

Corrupción que, segundo as conclusións do Eurobarómetro Especial do ano 2023, un 90% da poboación do estado considera habitual, considerando un 80% que estas prácticas corruptas non se persegue abondo, o que chega a provocar o terrible efecto dunha falla de confianza nas propias institucións democráticas.

Un estudo realizado hai algúns anos cifraba en 90.000 M€ o custe económico da corrupción no conxunto do Estado. Ao marxe da precisión do concreto impacto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

económico das prácticas corruptas, o certo é que a corrupción e a tolerancia e connivencia coa mesma provocan non só un grave deterioro nos recursos e servizos públicos, senón a perda de confianza da cidadanía.

A situación provocada como consecuencia da pandemia derivada da COVID 19 xerou unha relaxación dos controis na licitación e adxudicación de contratos públicos, o que, en non poucos casos, deu lugar a importantes irregularidades, consecuencia de comportamentos ás veces arbitrarios, e outras moitas pola falla de rigor e control.

Neste sentido, a fiscalización realizada polo Consello de Contas respecto da contratación de emerxencia efectuada polo Servizo Galego de Saúde entre marzo de 2020 e maio de 2021 constatou a existencia de importantes irregularidades, incumprimentos legais e a elusión de principios básicos da boa xestión pública que inspiran o funcionamento da administración e que aconsellan promover un mínimo de concorrancia e a comprobación da aptitude e capacidade do adxudicatario.

Fiscalización limitada ao 71% dos contratos realizados, e que se refería unicamente aos Servizos Centrais e ás áreas de saúde A Coruña, Santiago e Vigo

A pesares do limitado da fiscalización, o Consello de Contas constatou:

- A realización de compras de xeito directo e mediante contratación verbal
- A elaboración das memorias con posterioridade á execución do contrato
- Nos contratos realizados polos Servizos Centrais non consta antecedentes previos (peticións ofertas, orzamentos, acreditación solvencia...), nin acto de adxudicación, nin formalización dos contratos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contratos de prestación de servizos, A.S Vigo e A Coruña sen que consten criterios para a valoración e cuantificación das prestacións.

- Inicio da execución de contratos (9 M€) após o vencemento do prazo máximo legalmente permitido.

- Inclusión como gasto do proxecto COVID-19 de compras realizadas con bastante anterioridade á declaración da pandemia e do estado de alarma.

-Falla de constancia no Rexistro de Contratos dos expedientes de emerxencia tramitados polas AA.SS., existindo diferenzas apreciábeis entre a información publicada e na que consta no rexistro de contratos respecto dos xestionados en Servizos Centrais.

Este extraordinario e excepcional incremento da contratación de emerxencia produciuse tamén noutras áreas do sector público autonómico galego, no que se apreciou igualmente a existencia de infraccións no cumprimento do prazo de execución dos contratos, elemento esencial e que da sentido á utilización da contratación de emerxencia, de tramitación máis laxa.

Vulneración que no exercicio 2020 afectou á case o 8% dos contratos realizados, e que no ano 2021 atinxiu a máis do 18% das contratacións efectuadas con carácter de emerxencia.

Igualmente resulta significativa a concentración das adxudicacións nun número reducido de empresas, cuxo obxecto social, nalgúns casos, nada ten a ver coa importación, distribución ou fabricación dos produtos contratados. No 2020 case a metade do máis de 80 M€ adxudicados se reparten en 11 empresas, e no 2021 son unicamente 4 empresas as destinatarias de 2 de cada 3 euros contratados pola vía de emerxencia.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En resumo, malia o limitado da fiscalización realizada sobre os contratos adxudicados polo sector público autonómico pola vía de emerxencia derivada da pandemia puido comprobarse non só a existencia de importantes infraccións legais, senón tamén a ausencia de memorias xustificativas da necesidade e urxencia das contratacións -ou deficiencias e xeralidades nas mesmas-, a falla dunha mínima concorrencia e de comprobación da aptitude e capacidade do adxudicatario, a inexistencia de antecedentes que xustificasen as adxudicacións, ou a realización de contratacións verbais sen formalización posterior.

Todo o anterior, unido a falla de transparencia habitual na contratación da Xunta de Galiza, fai necesaria a realización dunha auditoría externa sobre a contratación de emerxencia realizada polo sector público autonómico como consecuencia da pandemia provocada pola COVID-19 que permita constatar que os recursos públicos son xestionados con criterios de eficacia e eficiencia, respectando a legalidade, e sen permitir ou fomentar a “pillería”, nin a pillaxe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á inmediata realización dunha auditoría externa, a cargo de profesionais independentes, sobre as contratacións de emerxencia efectuadas polo sector público autonómico como consecuencia da pandemia derivada da COVID-1.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 10:53:32

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 10:55:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 10:55:50

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 10:56:17

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 10:57:29

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 10:57:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Sonia Vidal Lamas** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o proxecto de construción dunha megafactoría de produción de pasta de celulosa de Altri na comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganosa, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2.Estamos diante dunha actividade industrial nada sostible nin circular, que terá fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal.

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas.

-Terá un impacto ambiental crítico no espazo natural da Rede Natura 2000 serra do careón e na zona proposta para a súa ampliación, unha área que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están clasificadas como vulnerábeis ou en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia perxudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Terá un impacto visual e paisaxístico fortísimo no ámbito de protección do BIC Camiño de Santiago e noutros bens culturais da contorna.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial mais contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de expolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ENCE na ría de Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles. En contra do que se anunciou inicialmente, non se apreza a vinculación coa industria textil situada maioritariamente no Norte de Portugal, xa que a maior parte da produción está destinada á exportación e a transformación en zonas do mundo moi agfastadas de Galiza.

4. O proxecto ten tamén unha vertente relacionada coa produción e venda de enerxía “renovábel” a partir de biomasa e outros refugallos, o que explica as xigantescas dimensións do complexo industrial.

5. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento acorda como resolución expresar o rexeitamento do macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo económico de dependencia e espolio dos recursos naturais do noso país, porque vai multiplicar a presión eucaliptizadora e poñer en risco as cadeas de valor da industria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

forestal-madeira, e porque terá múltiples afeccións negativas nas comarcas veciñas da megafactoría, no río Ulla e na ría de Arousa.

Ademais, o parlamento insta a Xunta a

1. Trasladar ao parlamento toda a documentación relativa a tramitación do proxecto desde os seus inicios en 2020 e até a declaración como Proxecto Industrial Estratéxico en decembro de 2022.

2. Informar negativamente o proxecto polo seu impacto crítico no territorio, no patrimonio cultural, na biodiversidade, na calidade do ar e dos usos do solo, nos recursos hídricos e no ámbito socioeconómico.

3. Impulsar en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

-Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.

-Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

-Impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentábel e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Iria Carreira Pazo
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 10:24:57

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 10:25:05

Olalla Rodil Fernández na data 02/04/2024 10:26:14

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 10:26:17

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 10:27:38

Iria Carreira Pazos na data 02/04/2024 10:27:40

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 10:28:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza para posicionar o noso país no marco do Estado de cara ao debate sobre a reforma do sistema de financiamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de financiamento e todo aquilo que ten que ver coa relación económica de Galiza co Estado é un debate fundamental para as finanzas galegas, polo seu peso orzamentario e pola importancia política que supón ter capacidade económica para exercer o noso autogoberno.

É necesario recordar que o modelo vixente, dentro do marco de réxime común, foi asinado xa no ano 2009 polo propio ex presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo. Este acordo debía revisarse xa no ano 2014 mais o debate foi recorrentemente adiado por parte dos gobernos do Estado. Primeiro, polo Partido Popular, despois polo PSOE, incapaz de concluír unha nova proposta.

Co inicio dunha nova lexislatura no Estado no segundo semestre de 2023 e coa celebración de diferentes eleccións, diferentes líderes están a poñer novamente enriba da mesa a necesidade dunha nova negociación do sistema de financiamento. Porén, unha vez máis, Galiza está ausente deste debate. Cómpre recordar que pasados 20 anos desde





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que no ano 2001 o Parlamento Galego puxese en marcha un instrumento institucional para debater respecto do financiamento e das necesidades galegas, a instancias do BNG constituíuse na XI lexislatura unha comisión de estudo a finais de 2021 que non concluíu os seus traballos.

Ante o inicio dunha nova lexislatura do Parlamento Galego, é preciso deixar atrás a falta de perfil propio que caracterizou os gobernos da Xunta do Partido Popular, que se limitou a facer seguidismo da súa estratexia estatal. Hoxe estamos nun novo contexto político e está novamente á orde do día o debate sobre o sistema de financiamento e a reforma do réxime común.

Tres lustros foi un período máis que suficiente para comprobar a insuficiencia para Galiza do sistema, tanto durante a crise financeira, como na crise da pandemia ou na crise de prezos. Existe, ademais, un amplo consenso respecto da insuficiencia para cubrir as competencias de ámbito galego e para avanzar no autogoberno. Ademais, a recuperación do marco de estabilidade e sostibilidade por parte das institucións europeas e estatais e a súa imposición ás autonomías e concellos, institucións ás que restrinxen desigualmente a súa capacidade de gasto, é aínda máis necesario que Galiza conte cun sistema de reparto xusto.

É o momento de dar prioridade aos intereses de Galiza e apostar por unha posición de país que esixa un sistema máis racional e transparente do punto de vista económico que o actual, centralizado e controlado desde o Estado, e que permita avanzar na autorresponsabilidade e no autogoberno.

Por estes motivos, é necesario que a Xunta de Galiza saia do inmovilismo e do sectarismo dos últimos lustros e impulse unha posición forte para a negociación co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estado, defendendo os intereses do país e contando coa implicación do Parlamento Galego e coa pluralidade política que escolleron as e os galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar do goberno central unha negociación bilateral respecto do sistema de financiamento para abordar a situación concreta da nosa nación, a débeda histórica en materia de financiamento e as súas eivas estruturais e impulsar un novo marco arredor dos seguintes tres principios para garantir o sostemento dos servizos públicos e avanzar no autogoberno fiscal e financeiro:

a) Ampliar a porcentaxe de rendemento cedido até o 90% para mellorar a prestación dos servizos públicos e asumir novas competencias desenvolvendo o Estatuto de Autonomía.

b) Ampliar a capacidade normativa e de xestión de Galiza no plano fiscal, incluído o tramo do IRPF e dotar a Galiza de capacidade normativa nos tributos cedidos.

c) Avanzar nun modelo propio de Financiamento Local.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 13:35:39

Ramón Fernández Alfonso na data 02/04/2024 13:35:45

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 13:36:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 13:37:01

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 13:38:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, a súa biodiversidade, os postos de traballo do sector do mar e a recuperación da ría diante do proxecto de Altri para a comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A grave situación produtiva da ría de Arousa vén sendo posta de manifesto en innumerábeis ocasións polo sector do mar (pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro) dende hai máis de dez anos. Unha situación avalada empiricamente polos propios datos de capturas que recolle e publica periodicamente a Consellería do Mar.

Tamén, a iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG, foi un asunto que ocupou incontábeis debates parlamentares na última lexislatura. E, do mesmo xeito, son incontábeis igualmente as veces que o Partido Popular votou en contra de todas e cada unha das propostas do BNG encamiñadas a recoñecer que existe un problema de merma de produtividade na ría e a tomar decisións e poñer en marcha actuacións para reverter a realidade actual.

A maiores, as condicións climatolóxicas do último outono-inverno, que aínda perduran, deixaron a miles de traballadores e traballadoras do mar nunhas circunstancias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extremas, practicamente sen rendas polo seu traballo e cunhas expectativas totalmente incertas para vindeiras campañas. As propias confrarías, en moitos casos e diante da falta de ingresos, tiveron que levar a cabo ERTes e cada día prodúcense baixas de persoas que non poden aturar máis a situación na que están.

Ata o de agora, a Xunta de Galiza non foi quen de tomar medidas para evitar o drama que se vén producindo, o deterioro do sector, a perda de postos de traballo, o empeoramento do estado biolóxico da ría e a súa recuperación e conservación.

Moi ao contrario, os pasos que se están a dar por parte do Goberno galego indican claramente unha aposta e unha priorización doutras actividades que van incidir, aínda máis, na perda de calidade das augas e, como consecuencia, van dificultar as actividades do mar, precipitar a perda de emprego no sector e imposibilitar a necesaria e tan reclamada atención e recuperación da ría de Arousa.

O último é o caso da empresa portuguesa ALTRI, que promove a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no Concello de Palas de Rei, unha actividade industrial nada sostíbel que terá un forte impacto no río Ulla e na ría de Arousa, na súa biodiversidade e produtividade, que se verán sometidas ao vertido dun voluminoso caudal de augas, suxeitas a depuración industrial mais contaminantes, e que incidirán negativamente na calidade das augas.

Todo elo, apoiado e promovido polo mesmo Goberno, o galego, que ten competencias exclusivas e a obriga legal de protexer as rías e de adicar os recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar, vixiar e actuar diante do todos os factores que poden incidir no seu deterioro e, ao mesmo tempo, amparar a todas as persoas que viven delas e que as converten nun dos principais motores socioeconómicos do país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

. Priorizar e antepoñer a defensa da calidade das augas do río Ulla e da ría de Arousa, a súa biodiversidade, a actividade do sector do mar e a recuperación da ría de Arousa diante de calquera outra que a poida prexudicar.

. Nese sentido, rexeitar o macrocomplexo industrial que ALTRI pretende instalar na comarca da Ulloa para a produción de pasta de celulosa.

. Desenvolver un plan, en colaboración coas distintas administración e co tecido socioeconómico, para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/04/2024 11:11:11

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2024 11:12:33

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 11:13:53

Carmela González Iglesias na data 01/04/2024 11:14:13

Daniel Castro García na data 01/04/2024 11:14:29

Daniel Pérez López na data 01/04/2024 11:17:53

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2024 11:18:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Óscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a folga das profesionais da quenda de oficio e actuacións realizadas pola Xunta de Galiza para solucionar o conflito.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de 4 meses, dende o día 21 de novembro de 2023, as profesionais da avogacía e da procuradoría adscritas á quenda de oficio están en folga en reclamación e defensa da dignificación e mellora das condicións nas que se presta o servizo de asistencia xurídica gratuíta e da quenda de oficio. O incremento das retribucións/compensacións pola intervención profesional, a inclusión de conceptos ate agora excluídos do baremo ou o incremento da cantidade que a Xunta de Galiza destina aos Colexios Profesionais para a atención da quenda de oficio e do servizo de xustiza gratuíta son algunhas das demandas que reivindicán as profesionais.

A medida adoptada por estas profesionais está a provocar a suspensión de numerosas actuacións xudiciais (vistas, declaracións, asistencia...), así como na tramitación de múltiples procedementos xudiciais, fundamentalmente no orde





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

penal e civil, coa conseguente dilación na resolución dos conflitos que se seguen nos xulgados e tribunais de Galiza.

A principios do mes de marzo as profesionais da avogacía e procura adscritas á quenda de oficio penal actuantes nos partidos xudiciais de Lalín e A Estrada procederon a solicitar a baixa do servizo, polo que os referidos partidos ficaron sen profesionais que voluntariamente presten o servizo de asistencia á detida, declaracións de investigadas ou para a celebración de xuízos rápidos.

Malia a contumaz negativa da Dirección Xeral de Xustiza – reiterada en sede parlamentar – a recoñecer a precariedade das condicións nas que se presta o servizo, inferiores ás de hai 15 anos, un comunicado do Consello da Avogacía Galega informa da existencia de negociacións cara a mellorar as condicións nas que se presta o servizo, solicitándose -como fixo o BNG en distintas ocasións- que tales medidas se adoptasen sen dilación e sen agardar ao remate do convenio asinado en 2021, estimándose necesario o incremento do orzamento aprobado polo Partido Popular para xustiza gratuíta.

Por outra banda non consta o resultado das reunións, no seu caso, mantidas pola Xunta de Galiza coa representación das profesionais mobilizadas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza ao incremento do orzamento destinado a xustiza gratuíta, á revisión e actualización, sen agardar á actual data





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de finalización do vixente Convenio, de todas as cantidades do actual baremo e a inclusión de conceptos ate agora non contemplados; así como ao incremento das cantidades que se achegan aos Colexios Profesionais da Avogacía e da Procuradoría para a atención da quenda de oficio e do servizo de asistencia xurídica gratuíta.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2024 11:37:17

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:37:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 11:37:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a enfermidade hemorráxica epizoótica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hemorráxica epizoótica é causada por un virus da familia Reoviridae, do xénero Orbivirus, e trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores (Culipoides spp.). O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas, despois dunha pausa invernal larvaria na auga, polo que nos próximos meses a capacidade de contaxio irá en aumento que comezará de novo a fase expansiva.

Dita doenza afecta tanto a ruminantes domésticos coma salvaxes, onde da lugar a unha clínica moderada e autolimitante, aínda que nalgúns casos pode dar lugar a secuelas ou incluso a morte (1% mortalidade media, cunha morbilidade media do 7,53%). Trátase dunha enfermidade de declaración obrigatoria e o seu período de incubación oscila entre os 2 e os 10 días. En canto á clínica preséntase con hipertermia, perda do apetito, edema facial, secreción ocular e/ou nasal, salivación, dificultade respiratoria, eritema ou descamación de boca ou nariz, coxeira e eritema da ubre. Aínda que os síntomas tenden a desaparecer en aproximadamente 2 semanas, os animais afectados sofren unha perda de peso considerable debido á imposibilidade de ingerir alimentos, de xeito que as súas condición corporal despois de padecer a enfermidade é lamentable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En Galiza os primeiros casos detectáronse en setembro do 2023, nos concellos de A Capela e Abegondo, data dende a cal se continuaron confirmando positivos polo resto do país ao longo de varios meses, afectando a todas as provincias (a última Pontevedra, cun caso en Vila de Cruces a finais do outubro pasado), ata reducírense considerablemente pola chegada das estacións frías, onde o vector é menos activo e o risco diminúe de xeito evidente, aínda que non total.

A problemática reside agora coa chegada novamente das estacións de temperaturas máis suaves, momento no que os insectos comezan a estar máis presentes e, polo tanto, así é tamén co transmisor da EHE. A data de hoxe aínda non temos vacina para facerlle fronte a dita enfermidade, de xeito que se presenta unha etapa moi complicada para os gandeiros/as, tanto de extensivo coma de intensivo, que se verán alcanzados por grandes perdas económicas derivadas da enfermidade e do seu tratamento. A única ferramenta que terán os posibles afectados será o uso preventivo de desinsectantes, tanto nos animais coma nas instalacións e medios de transporte destes e o illamento preventivo dos afectados. Outra recomendación é evitar a existencia de posibles zonas de cría do mosquito, especialmente zonas enlamadas ou con grande cantidade de materia orgánica acumulada.

A desinformación e a falla de medios para evitar a propagación de xeito efectivo, preocupa moito ao sector, que se enfrenta á EHE nas mesmas condicións que na campaña anterior.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Poñer en marcha, dun modo inmediato, un Plan de acción preventivo e de detección da EHE para a campaña do 2024.
2. Asistencia inmediata as explotacións gandeiras afectadas para cubrir os tratamentos a causa da enfermidade, os animais mortos ou sacrificados e as medidas preventivas dispostas, que serán de carácter retroactivo.
3. Dispor dunha campaña de sensibilización de boas prácticas para evitar o contaxio do gando ou a detección inmediata da enfermidade a efectos de evitar a propagación dos contaxios.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Sonia Vidal Lamas

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/04/2024 11:49:05

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 11:58:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 11:58:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a reclamación da mellora dos servizos de ferrocarril e a restitución de itinerarios e horarios eliminados nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril mais é incomprendible como Galiza sigue e padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a demandar do goberno do Estado as seguintes actuacións en materia de transporte ferroviario:

1. Restituír as liñas e itinerarios eliminadas nos últimos anos antes de rematar o ano 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ampliar a cobertura dos servizos ferroviarios en todo o país, especialmente nos territorios nos que non existe este servizo.

3. Rematar co déficit histórico de investimento en infraestruturas e modernización no ferrocarril, comprometendo partidas orzamentarias específicas nos vindeiros OXE.

4. Levar adiante os estudos necesarios para a implementación do servizo ferroviario de proximidade galego, así como a transferencia da súa competencia a Galiza.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 13:53:27

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 13:58:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 13:58:40

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 13:59:53

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 13:59:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o Centro de saúde da Casa do Mar de Mera, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A poboación de Oleiros aumentou nos últimos anos, mais os servizos non se están a adaptar de xeito acorde. Ademais doutras demandas relacionadas coa atención sanitaria, a zona norte do concello, que corresponde a veciños e veciñas das parroquias de Dexo, Serantes e Maianca, está atendida pola Casa do Mar de Mera. O andar superior, que foi acondicionado pola Xunta de Galiza para acoller un centro de día, sen que isto chegara a producirse, podería acoller unha ampliación do servizo médico e paliar a súa saturación.

O edificio da Casa do Mar acumula diversas deficiencias, e hai máis de 20 anos que o Concello de Oleiros demanda melloras básicas no edificio, tanto na fachada como nos teitos interiores.

Os centros de saúde de Oleiros atópanse saturados durante todo o ano, e os e as profesionais sanitarias deben atender cotas elevadas, o que se ve incrementado co aumento da poboación nos meses do verán. Por outra banda, están previstas novas urbanizacións na zona norte do concello, o que fai preciso prever e planificar a ampliación dos servizos públicos básicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a ampliar a atención sanitaria en Oleiros, aproveitando as instalacións da Casa do Mar de Mera, para adaptala á realidade da poboación deste concello, ademais de a reparar os danos estruturais e a deterioración deste edificio.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2024 12:27:09

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2024 12:31:34

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2024 12:31:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 12:32:24

Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2024 12:32:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de mellorar e completar o servizo básico de saneamento nos concellos polos que discorre o río Tea: O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Río Tea é un afluente do Miño. Cunha lonxitude de 50 Km. discorre polos Concellos do Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño, todos eles, concellos da Comarca Condado-Paradanta.

A meirande parte do río está declarado como "Zona de Especial Conservación (ZEC) río Tea" e integrado na rede Natura 2000, sendo un espazo protexido e de alto valor Natural, cunha riqueza na súa biodiversidade moi importante.

No seu percorrido o río Tea baña 5 concellos da Comarca que carecen, na maior parte do seu territorio, de saneamento e a depuración debida das súas augas residuais.

Debemos ter en conta que o saneamento é un servizo básico que debe estar garantido para toda a cidadanía, evitando así que se contaminen os terreos onde se ubican as fosas sépticas, os regatos e acuíferos, así como o seu frecuente baleirado e custo do mesmo.

Debemos evitar tamén, naquelas zonas onde sexa posible, a instalación das minidepuradoras que foron adquiridas por gobernos anteriores, cando a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subvencionaba este sistema e que está demostrada a súa incapacidade e ineficacia para unha depuración axeitada, así como o alto custo de mantemento, consumo eléctrico e a alta incidencia de avarías.

É común a todos os Concellos bañados polo TEA (O Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas e Salvaterra) a carencia de conexión á rede de saneamento dos seus municipios na maior parte das súas parroquias. En moitas nas que existe rede, está conectada nunha minidepuradora, que nas continuas avarías verte os residuos directamente ao río Tea. Habería polo tanto que substituílas cara unha depuradora que teña capacidade suficiente para recoller estas redes existentes, así como outras novas que son necesarias desenvolver.

É preciso valorar a capacidade das depuradoras existentes, ampliando a instalación e poder dar servizo á totalidade do concello onde se ubica a mesma e poder conectar a rede dos concellos limítrofes, sendo así máis eficaces e eficientes.

Plantexamos ademais facer un estudo da rede do saneamento actual en funcionamento para que quede rexistrado nun documento que permita dispoñer de toda a información para a súa ampliación ou obras de mantemento futuro, traballando da man dos Concellos.

En Pontearreas, capital da comarca do Condado, estase neste intre a executar a ampliación da depuradora da Moscadeira, dando así capacidade de conexión para 20.000 persoas. Este era a acción imprescindible para poder continuar coa creación de novas redes de conexión ao saneamento. Quedaría pendente unha nova instalación na parroquia de Moreira para dar servizo ao resto das parroquias que verten augas abaixo, así como algunha fitodepuradora para aqueles lugares nos que sería inviable enganchar coa depuradora actual. Na actualidade inicianse pronto as obras da primeira fase da rede de saneamento da parroquia de Ribadetea, a máis poboadada ao carón do río. É





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importante que se elaboren canto antes os proxectos de execución das fases pendentes para dispoñer desta rede canto antes.

Mención especial precisa a depuradora construída na PLISAN na que é necesaria unha ampliación para poder conectar as parroquias da contorna.

Polo tanto, a deficiencia e falta do servizo de saneamento afecta e contamina de xeito directo o noso ámbito natural máis representativo e valioso, o noso río Tea, ademais doutros ríos da contorna e tamén regatos, manantiais, fontes, pozos, augas subterráneas, etc.

É preciso un gran investimento na construción das infraestruturas de depuración e redes de colectores para acadar o 100 % do servizo a toda a veciñanza afectada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Realizar un estudo sobre a situación do servizo de saneamento nos concellos do Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño a fin de valorar as necesidades e o custo das mesmas e os traballos a realizar para poder dotar do servizo a toda a poboación que o precisa.

2. Asinar os convenios precisos con cada un dos concellos que asuma a cofinanciación dos proxectos básicos e de execución, así como as obras precisas (en instalacións e redes) para poder dispoñer do servizo de saneamento nos citados concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Priorizar as obras máis urxentes e necesarias en aqueles espazos que realicen verteduras directas ao río Tea incidindo negativamente na área afectada pola Rede Natura 2000.

4. Planificar o resto das obras de saneamento necesarias para dotar ao 100% da veciñanza dos concellos deste servizo básico.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 03/04/2024 09:52:40

Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2024 10:04:58

Luis Bará Torres na data 03/04/2024 10:05:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego dos resultados do Fondo de Compensación Interterritorial, ás actuacións que debe impulsar para unha mellor execución e ás demandas que debe dirixir ao goberno do Estado nesta materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, as negociacións políticas no ámbito do Estado e a conxuntura económica teñen aberto debates e reflexións arredor do financiamento dos servizos e institucións públicas en xeral e do financiamento autonómico en particular. Aínda que o groso dos debates e declaracións se teñen dado arredor das repercusións da débeda pública ou da asunción de maior ou menor capacidade fiscal, hai un elemento que non é menor dentro do financiamento e que é necesario avaliar, o coñecido como Fondos de Compensación Interterritorial (en diante, FFCI).

Os FFCI nacen ao abeiro das negociacións enmarcadas no que coñecemos como sistema de financiamento e constitúen un recurso das comunidades autónomas destinado a corrixir os desequilibrios e favorecer a converxencia. Na actualidade prevese un Fondo de Compensación e un Fondo de Compensación Complementario.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas é o organismo encargado da súa fiscalización e o seu Pleno, por acordo do 8 de abril de 2022, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2022 no que se incluía ordinariamente a fiscalización dos FFCI para o exercicio 2021 segundo esixe a Lei 22/2001 reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, que establece a obriga para o Consello de Contas de elaborar un informe separado e suficiente de todos os proxectos financiados con cargo aos FFCI, co fin de sometelo ao control do Parlamento Galego.

Tal e como podemos observar na información orzamentaria como no propio informe do Consello, ao noso país correspondeulle, no último exercicio analizado, unha dotación final dos FFCI de 38.550.650 euros, correspondendo 28.913.710 euros ao Fondo de Compensación e 9.636.940 euros ao Fondo Complementario.

Os FFCI como instrumento permanecen sen cambios na súa dotación estatal desde o ano 2013, con independencia das conxunturas económicas. Así mesmo, analizando o que compete a Galiza e o recollido no Informe observamos no exercicio 2021 que, con relación á dotación dos exercicios 2020 a 2018, téñense reducido nunha porcentaxe do -9,30%, unha das máis altas xunto con Extremadura (-11,31%), Cantabria (-7,54%) e a Rexión de Murcia (-7,10%). Se comparamos a dotación do exercicio 2021 coa do exercicio 2016, Galiza rexistra un descenso do -14,39% pasando a ser a CA que mais dotación perde xunto con Extremadura (-11,83%) e a Rexión de Murcia (-9,19%) e, en consecuencia, superior á media conxunta dos territorios. Ao mesmo tempo, os datos de converxencia socioeconómica e de competitividade, non son positivos para Galiza, tal e como amosa a Memoria do CES para 2022, o último publicado.

Xunto coa preocupación pola utilidade e alcance deste e doutros instrumentos, o Informe do Consello engade novamente preocupacións respecto da xestión dos fondos por parte do goberno galego. Dunha banda, o exercicio de 2021 representa eivas de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución que deben ser explicadas por parte do goberno galego. Por outra banda, o Informe recolle limitacións ao alcance preocupantes do punto de vista democrático. Por exemplo, sinala que “a información facilitada pola DX de Planificación e Orzamentos a través da IXCA é insuficiente, polo que na presente fiscalización non se puideron levar a cabo comprobacións sobre:

- os expedientes de modificacións cualitativas e/ou cuantitativas de proxectos tramitados no exercicio 2021 e seguintes.

- a situación acumulada de cada proxecto financiado cos FFCI, co fin de calcular as desviacións de financiamento acumuladas a 31.12.2021.”

É necesario que o goberno galego faga unha boa xestión dos recursos económicos e que, ao mesmo tempo, sendo insuficiente o noso autogoberno fiscal e financeiro, recibamos un trato xusto e equitativo por parte do Estado nos fondos existentes en canto non avancemos cara un modelo de máis autorresponsabilidade política.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta o goberno da Xunta a actuar ante a insuficiencia dos Fondos de Compensación Interterritorial así como a mellorar a súa xestión propia, coas seguintes medidas:

1.- Demandar do goberno do Estado, a través dunha negociación bilateral, unha revisión dos mecanismos de funcionamento co obxecto de que este mecanismo non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continúe perdendo funcionalidade e recursos para Galiza en tanto non se reforma o conxunto do financiamento.

2.- Deixar de obstaculizar a fiscalización do Consello de Contas nesta e noutras materias e remitir ao Parlamento Galego e ao Consello a información que non foi facilitada, así como unha relación das medidas que van impulsar para que os xestores dos proxectos financiados cos FFCI melloren o grao de colaboración e para aplicar as recomendacións pendentes, incluíndo a súa calendarización.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 13:40:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 13:43:54

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 13:43:59

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 13:44:59

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 13:45:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a adoptar pola Xunta de Galiza para garantir a preservación da calidade das augas do río Ulla e dos concellos que se abastecen del directamente diante do proxecto de Altri para a comarca da Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de tratamento de auga potábel (ETAP) do río Ulla, ubicada en Padrón, abastece a dez concellos, entre os que se atopan os catro de Arousa Norte: Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

A súa explotación e o subministro a eses concellos é competencia da Xunta de Galiza (Aguas de Galiza) dende o ano 1996 e que, case 30 anos despois, vén de adxudicar aínda este ano a súa ampliación, diante da crecente demanda e a escaseza de auga nos períodos de seca, que nos últimos anos prodúcense cada vez con máis frecuencia.

Segundo os datos da propia Xunta de Galiza, a capacidade de tratamento da estación aumentará un 40% e a ampliación permitirá pasar de tratar 450 litros por segundo a 630, o que garantiría o subministro a unha poboación que se achega aos 100.000 habitantes no conxunto dos concellos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nomeadamente, no caso dos de Arousa Norte, o límite de subministro vén provocando restricións aos veciños e veciñas e acoutando as posibilidades de desenvolvemento de chan industrial que varios municipios teñen xa iniciado.

O último episodio de seca, despois dun outono-inverno de baixas precipitacións, padeceuse no verán de 2022, onde os concellos abastecidos polo Ulla tamén estiveron sometidos a restricións de abastecemento.

As obras de ampliación da ETAP do Ulla eran pois unha vella demanda dos territorios afectados e a súa adxudicación por case 8,5 millóns de euros dá idea da importancia das actuacións que se van acometer con cartos públicos para satisfacer unhas necesidades crecentes nunha zona, a de Arousa Norte, de gran dinamismo económico.

No entanto, as recentes noticias da instalación dunha macrofactoría de pasta de celulosa na comarca da Ulloa e a exposición pública do proxecto que pretende levar a cabo volven acender todas as alarmas, tamén no referido ao impacto na bacía hidrográfica e na calidade das augas do río Ulla.

O proxecto, promovido por Greenfiber, S. L. no Concello de Palas de Rei prevé unha actividade directamente ligada ao río Ulla e un consumo de auga directamente desde o río de 46.000 metros cúbicos ao día, o que supón máis do 10% do volumen de auga do encoro de Portodemouros e equivale ao consumo de auga humano de toda a provincia de Lugo. Tamén, un vertido de augas industriais de 30.000 metros cúbicos ao día de volta ao río Ulla.

De se levar a cabo, este proxecto vai supor un empeoramento da calidade da auga do río, tanto polos vertidos como polo risco de eutrofización ao baixar o caudal do río nos tres encoros superpostos (Portodemouros, Brandariz e Touro).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É evidente que todos estes efectos negativos serán trasladados augas abaixo causando un impacto do río Ulla moi severo, empeorando a calidade das súas augas e comprometendo o caudal en épocas de estiaxe.

Como queda dito, a auga potábel de dez concellos provén directamente do río Ulla, a través da captación na parroquia de Carcacia, en Padrón. A adxudicación da ampliación da ETAP do Ulla e o investimento público que conleva, contrasta claramente coas pretensións do proxecto de ALTRI na Ulloa e a Xunta de Galiza debe asegurar a protección do río e da auga potábel da que se abastece a veciñanza e as empresas de tantos concellos

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

. Continuar co proceso de ampliación da ETAP do Ulla para satisfacer o dereito fundamental á auga da poboación dos dez concellos que se abastecen dela.

. Informar negativamente o proxecto que ALTRI prevé instalar en Palas de Rei, polos efectos negativos que terá na bacía hidrográfica e na calidade das augas do río Ulla e dos concellos que abastece directamente.

. Impulsar o desenvolvemento dun plan, en colaboración coas distintas administracións e co tecido socioeconómico, para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2024 11:44:56

Iria Carreira Pazos na data 01/04/2024 11:52:21

Luis Bará Torres na data 01/04/2024 11:52:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Rosana Pérez Fernández e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre o saneamento do Porto de Lorbé, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro, a Xunta de Galiza finalizou o último treito da Vía Ártabra no porto de Lorbé, acompañado dos correspondentes traballos de mellora, dentro dos cales ficaron instalados trece novos sumidoiros e as conducións que facilitan a instalación do bombeo de saneamento.

Na actualidade, o Porto de Lorbé, competencia da Xunta de Galiza, carece de saneamento, co conseguinte problema sanitario e ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a facerse cargo canto antes do saneamento do Porto de Lorbé..”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/04/2024 09:17:05

Mercedes Queixas Zas na data 02/04/2024 09:17:54

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 09:18:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os beneficios multimillonarios da concesionaria da AP9, a transferencia da infraestrutura e o rescate da concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 27 de marzo déronse a coñecer os resultados da AP9 en 2023 con unha cifra récord de ingresos e beneficios para a concesionaria: 192,6 millóns de ingresos totais (+12%) e 82,6 millóns de beneficios (+24,9%). Dos ingresos totais, 58, 7 millóns corresponden a pagamentos do Estado por bonificacións (36,7 millóns), peaxes en sombra (12,6 millóns) e limitación de tarifa (9,2 millóns).

2. A partir do 17 de agosto de 2023 a AP9 debería ser gratuíta, como outras autoestradas da mesma época, mais as galegas e galegos seguiremos pagando unhas peaxes abusivas debido a unha medida aprobada polo goberno do PP en 2000: a prórroga da concesión por 25 anos até o máximo legal de 75 anos (2048), situación que só se dá en dúas autoestradas estatais galegas (AP9 e AP 53) e noutra en Castela-León (León-Campomanes).

Esta prórroga está sometida a unha investigación da Comisión Europea, a partir dunha denuncia da asociación En Colectivo baseada no feito de que a normativa europea obrigaba a licitar en concorrencia pública o contrato de concesión e non permitía unha prórroga automática. Como consecuencia, a Comisión requiriu ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno español que xustificase o cumprimento da normativa europea sobre contratos e concesións públicas.

3. Ademais da escandalosa cifra de ingresos e beneficios da concesionaria, fican outras cuestións pendentes en relación coa AP9. A primeira é a transferencia da autoestrada a Galiza, unha medida que foi aprobada por unanimidade en numerosas ocasións polo parlamento galego e que foi sistematicamente vetada polos gobernos centrais. O último intento foi en 2021-2023 e viuse frustrado polo obstrucionismo dos grupos parlamentares do PP e do PSOE no Congreso, que presentaron emendas e dilataron os prazos de tramitación para facer fracasar a transferencia. No ano 2023 aprobouse unha nova proposición de lei para a transferencia da autoestrada, que deberá ser admitida a trámite polo Congreso.

A segunda cuestión pendente é o rescate da concesión, ben por iniciativa do goberno ou ben polo procedemento aberto pola Comisión Europea. Sexa cal sexa o procedemento, é necesario facer estudos sobre os custos que podería ter unha medida deste tipo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento acorda como resolución

1. Demandar a aprobación no presente ano 2024 da transferencia a Galiza da autoestrada AP9 nos termos aprobados polo parlamento galego.

2. Encargar un estudo ao sistema universitario galego sobre a viabilidade da anulación da concesión e o seu rescate para o público, analizando a fórmula xurídica máis acaída, a vía aberta polo procedemento incoado pola Comisión Europea, e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

custos financeiros para o Estado da situación actual e dun hipotético rescate da concesión.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/04/2024 09:33:51

Alexandra Fernández Gómez na data 02/04/2024 09:42:04

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/04/2024 09:43:05

Sonia Vidal Lamas na data 02/04/2024 09:43:09

Luis Bará Torres na data 02/04/2024 09:44:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Cristina Fernández Davila** e **Iria Taibo Corsanego** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de o goberno dignificar o Centro Dramático Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do Día Mundial do Teatro o pasado 27 de marzo remitía para unha efemérede singular: a celebración do 40 aniversario do Centro Dramático Galego, unha das institucións culturais de base que naceu cos inicios da Autonomía cos obxectivos de protección da dramaturxia galega, fomento das profesións vinculadas co teatro e canonización do repertorio escénico.

É esta unha boa oportunidade para avaliar se estas catro décadas cumpriron cos obxectivos fundacionais, analizar o desenvolvemento do proxecto na actualidade e fixar os retos de futuro nun marco sociocultural ben diferente ao de hai 40 anos e sometido a mudanzas de dinámicas de calado que se producen a gran velocidade e que requiren anticipación para acertar nas decisións.

A información trasladada aos medios desde o goberno da Xunta a respecto da celebración dos 40 anos de CDG remiten para un programa de actuacións diversas, mais non centra a atención naquelas demandas estruturais reiteradas polo propio sector da escena galega que, en ocasións, teñen xerado polémicas que en absoluto contribúen a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reforzar o importante músculo histórico do teatro galego até a actualidade e que hoxe xa conta cun legado patrimonial colectivo relevante.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“Parlamento insta o goberno da Xunta a dignificar o Centro Dramático Galego orzamentaria e organizativamente a través duns estatutos que garantan o seu pleno rendemento e autonomía artística.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Secundino Fernández Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/04/2024 12:15:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 02/04/2024 12:17:23

Iria Taibo Corsanego na data 02/04/2024 12:17:25

Daniel Castro García na data 02/04/2024 12:18:16

Secundino Fernández Fernández na data 02/04/2024 12:18:18

Ana Pontón Mondelo na data 02/04/2024 12:18:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución da crise de prezos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis dun ano Galiza sofre con intensidade unha crise de prezos que, lonxe de se superar, está a cronificarse e que mantén un diferencial á alza respecto do Estado. É dicir, as e os galegos empobrecémonos a máis velocidade.

O pasado 27 de marzo de 2024 o Instituto Nacional de Estatística publicaba o dato adiantado de marzo, no que o indicador estatal rexistra un ascenso de catro décimas, ata o 3,2%, despois da baixada experimentada en febreiro de seis décimas. De acordo con este organismo, o ascenso deberíase principalmente ao incremento do prezo de electricidade e carburantes, que un ano antes experimentaban un descenso.

Á espera de coñecer o dato desagregado galego a mediados de abril, podemos tomar como referencia a evolución da inflación cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística publicados o pasado 14 de marzo de 2024, que de novo marcaban diferenza co estado. Así, con base á información publicada nese momento, Galiza rexistrou un incremento de prezos do 3,2%, catro décimas máis do que no Estado español (2,8%).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, ante o indicador adiantado do INE, é previsible que Galiza manteña a diferenza á alza.

Segundo os últimos datos galegos, a alimentación aínda permanecía como un dos elementos que máis decididamente contribúen á alza, polo que este segue a ser un ámbito fundamental do que facer seguimento polo seu impacto nas economías familiares ademais de na economía en xeral. Máis aínda se temos en conta que aínda que no mes de febreiro a inflación subxacente experimenta un descenso, a nosa taxa seguía a ser superior á do Estado, cun 4,3% galego fronte ao 3,5% estatal.

Ante este escenario e, sobre todo, ante o alongamento no tempo da situación inflacionaria, é preciso que o goberno galego reflexione e actúe sobre o impacto que isto ten nas galegas e nos galegos. É preciso ter en conta que a acumulación no tempo desta situación produce un espellismo estatístico polo cal, aínda que mellorar lixeiramente os datos en termos interanuais, hai unha acumulación da suba de prezos ao longo do tempo e isto impacta, por exemplo, no poder adquisitivo. Así, a finais de marzo, o propio gobernador do Banco de España advertía que os salarios non recuperarían o poder adquisitivo até 2025.

Esta situación debe ser obxecto de atención e preocupación do goberno galego para impulsar medidas paliativas naqueles ámbitos máis vulnerables e para facer seguimento das consecuencias que esta situación poida ter no debilitamento do conxunto da economía galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as medidas diante da cronificación da crise de prezos e a acumulación dos seus efectos:

1. Constituír, en colaboración co Consello Económico e Social, unha mesa de traballo para o impulso de medidas ante a ralentización do crecemento da economía galega, a perda de competitividade e a cronificación da desigualdade social. Dito grupo de traballo remitirá ao Parlamento Galego unha proposta de medidas para a súa posta en común, debate e aprobación no primeiro semestre de 2024.

2. Activar medidas de actuación nos sectores sociais máis vulnerábeis, entre as que figuren aprobar de inmediato a recuperación da Tarxeta Básica para o que resta de ano e comprometerse a incorporala nos vindeiros orzamentos.”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/04/2024 12:25:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/04/2024 12:30:27

Óscar Insua Lema na data 02/04/2024 12:30:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/04/2024 12:31:52

Rosana Pérez Fernández na data 02/04/2024 12:31:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso**, **Oscar Insua Lema** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á valoración do goberno galego da capacidade económica dos fogares e do impacto nestes da situación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 2 de abril de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba os datos correspondentes ao Primeiro trimestre de 2024 verbo da Enquisa conxuntural a fogares, que ten por obxecto proporcionar información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica. Isto é, que decisións toman ou van tomar sobre os gastos efectuados, o aforro, solucións de tipo financeiro, etc. Esta enquisa e a súa observación ao longo do tempo permítenos albiscar cal é a situación dos fogares galegos e a efectividade que teñen as políticas económicas, fiscais e financeiras do goberno galego á hora de contribuír, ou non, á redistribución da riqueza.

Os últimos datos rexistrados polo Instituto Galego de Estatística indican que no primeiro trimestre de 2024 o 45,05% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 45,04% con dificultade e o 9,91% restante con moita dificultade. Atendendo a este dato observamos o mantemento dunha situación que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prolonga ao longo do tempo: máis da metade dos fogares de Galiza chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

Máis aínda, se observamos a evolución dos datos con respecto a hai un ano, podemos constatar que con respecto ao primeiro trimestre do ano 2023, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 1,06 puntos porcentuais. Canto á porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes, este dato tamén diminúe, en 1,16 puntos entre ambos períodos. Porén, a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade medra en 2,22 puntos. Polo tanto, é preocupante que en termos globais aumente a poboación que peores circunstancias ten. É máis, se analizamos a evolución trimestral deste dato, non deixou de aumentar no último ano en cada un dos trimestres de 2023.

A análise destes datos e a súa comparación con outros indicadores económicos do propio Instituto Galego de Estatística, así como a información sobre a situación socioeconómica avaliada na Memoria Económica do Consello Económico e Social, por exemplo, deberían levar a unha reflexión sobre a necesidade de reforzar a redistribución da riqueza nun contexto económico no que o empobrecemento dos fogares galegos vén producíndose con intensidade nos últimos anos por mor da crise de prezos e o seu maior impacto en Galiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento Galego insta ao goberno galego a constituír, ao abeiro do Consello Económico e Social e coa colaboración das organizacións e colectivos do terceiro sector que o desexaren, unha mesa de traballo para abordar o empobrecemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos fogares galegos e as medidas económicas e fiscais que deberá arbitrar ao respecto. Dita mesa de traballo elaborará un documento de propostas que será remitido á Cámara galega para o seu debate e aprobación.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Oscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2024 11:02:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/04/2024 11:07:31

Óscar Insua Lema na data 03/04/2024 11:07:35

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/04/2024 11:08:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 03/04/2024 11:08:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a situación que están a vivir os colectivos de galegos e galegas na Arxentina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación social e económica da Arxentina leva sendo moi convulsa desde hai anos, mais quedou xa claro que a chegada do Presidente Milei non fixo outra cousa que empeorar as condicións de vida dos e das arxentinas.

Isto provocou tamén que os miles de galegos e galegas que alí residen sufran un grave deterioro das súas condicións de vida, algo que xa quedou de manifesto nos medios de comunicación do noso país.

Deste xeito, galegos e galegas da Arxentina denuncian, entre outras cousas, graves situacións como que o para un xubilado ou unha xubilada a cesta básica da compra duplica os seus ingresos.

A situación dos máis maiores é dun continuo empobrecemento que chega ao punto de que teñen que fraccionar os seus medicamentos para poder pagalos, algo que denuncia o Presidente da Federación de Asociaciones Gallegas de la República Argentina.

Destaca tamén que a situación social cada vez é máis caótica e que, ao igual ca inflación, as colas nos comedores sociais cada vez son máis grandes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outros representantes da colectividade galega mostran o medo que hai entre os galegos e galegas emigradas a enfermarse, xa que cada vez sae máis caro ten problemas de saúde coas políticas privatizadoras que introduciu o goberno do ultradereitista Milei.

Ante esta grave situación, a emigración galega chegou a un punto no que ten que comezar a reducir a compra de alimentos xa que lles é imposible chegar a fin de mes.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver novos plans de axuda humanitaria para os galegos e galegas emigrados na Arxentina.
2. Mostrar unha crítica rotundo as políticas ultradereitistas levadas a cabo polo Presidente Milei e que empeoran as condicións de vida dos galegos e galegas que alí residen.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2024 13:46:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/04/2024 13:46:04

Daniel Castro García na data 03/04/2024 13:46:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o persoal facultativo do PAC da Fonsagrada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Fonsagrada e de Negueira de Muñiz leva meses mobilizándose na defensa da sanidade pública nos seus concellos pola falta de persoal facultativo no Punto de Atención Continuada (PAC).

E é que o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) está a deixar só 2 persoas facultativas fixas dun total de 5 para a asistencia sanitaria de 4 mil persoas entre ambos os dous municipios.

A esta situación engádeselle que os servizos de atención primaria relacionados coa radioloxía, a rehabilitación fisioterapéutica ou a revisión xinecolóxica están derivados ao Concello de Becerreá, o que supón un percorrido en coche, no mellor dos casos, dunha hora cunha distancia que poder chegar até os 85 quilómetros de tratarse de persoas que vivan no norte do concello.

Cómpre lembrar que A Fonsagrada é o concello máis extenso de Galiza e que esta zona da montaña carece dun servizo de transporte que garanta a correcta mobilidade da veciñanza obrigando a numerosas persoas, as máis delas de avanzada idade, a pagar un taxi para poder ser atendidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A falta de persoal sanitario suficiente en centros de saúde e PACs coma este representa unha enorme fenda entre a poboación alén de mermar un dereito fundamental como o acceso universal ao servizo sanitario público en condicións de equidade e proximidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para cubrir na maior brevidade de tempo as prazas de persoal facultativo das que dispón o PAC da Fonsagrada.”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/04/2024 13:49:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2024 13:55:22

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2024 13:55:25



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **María Elena Candia López, José Silvestre Balseiros Guinarte, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Mato Díaz, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

Nas últimas décadas, fíxose un feito evidente que os impactos sociais, económicos e medioambientais dos incendios forestais incrementáronse a nivel mundial. Cada vez, existe un maior consenso técnico e científico sobre a necesidade de actuar para estar preparados ante un novo escenario de incendios extremos.

Neste contexto, no pasado mes de xuño de 2023, os medios de comunicación facían eco da posta en marcha dun fondo público-privado impulsado pola Xunta de Galicia, en particular, pola Consellería do Medio Rural, para anticiparse aos incendios forestais rexistrados na nosa comunidade, tendo como antecedente máis próximo os lumes rexistrados no pasado ano 2022.

Esta iniciativa era posta en práctica co obxecto final de promover paisaxes resilientes, vivas e menos vulnerables, así como co fin de restaurar aqueles territorios afectados polos efectos do lume, favorecendo políticas de prevención centradas na xestión do territorio.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia recibimos como unha moi boa nova o feito de que a primeira adhesión ao devandito fondo fose representada polo *Grupo Inditex*, cunha aportación económica de 9 millóns de euros, colaboración que supuña unha panca de acción importantísima en relación co desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, tamén vimos con satisfacción a adhesión da pasteira portuguesa *Altri*, que, pola súa parte, colabora con 2 millóns de euros máis.

Este montante, que se engade ao esforzo investidor do Goberno galego nesta materia, permitiría un desenvolvemento deste proxecto cunha duración de ata catro anos,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



beneficiando a 118.000 persoas de 26 concellos das comarcas do Courel, Valdeorras, Monterrei, O Barbanza e o Macizo Central Ourenán, onde as estatísticas amosan unha concentración recorrente de incendios forestais.

Tal e como foi trasladado, a Xunta realizará unha planificación transversal da área rural afectada delimitada polo seu perímetro natural, dando prioridade aos labores de prevención de incendios, ao tempo que se procurará a implantación de actividade agrogandeira e forestal sostible para apoiar á poboación local.

Asemade, este proxecto contempla actuacións para impulsar a creación de discontinuidades na vexetación e nas masas arbóreas das zonas rurais afectadas polo lume, para evitar incendios futuros e reducir o seu impacto ambiental e socioeconómico. Tamén se traballará na silvicultura preventiva e na diversificación de especies. Ademais, acometerase o deseño de infraestruturas defensivas, que faciliten a loita contra os incendios forestais.

A estes efectos, é totalmente necesario continuar nesta liña e sumar esforzos a través da colaboración ao novo fondo público-privado, co obxecto de contar cunha ofensiva forte en relación coa anticipación aos lumes e máis para facerlle fronte ás afectacións que estes poidan exercer no territorio galego –ou teñan exercido, de facto–.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a adhesión de máis empresas ao novo fondo público-privado impulsado para anticiparse aos lumes e contrarrestar os efectos negativos destes no territorio galego”.

Santiago de Compostela, 2 de abril 2024.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 11:32:32

Elena Candia López na data 02/04/2024 11:32:55

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/04/2024 11:33:25

Gabriel Alén Castro na data 02/04/2024 11:33:43

Raquel Arias Rodríguez na data 02/04/2024 11:33:56

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 11:35:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/04/2024 11:35:22

José Mato Díaz na data 02/04/2024 11:35:41

Antonio Rodríguez Miranda na data 02/04/2024 11:35:56

Noelia Pérez López na data 02/04/2024 11:36:06





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

O proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo implica a participación das tres administracións: o Concello de Vigo, responsable de ceder a parcela onde se construírá a futura biblioteca; o Ministerio de Cultura, que redacta o proxecto, executa a obra civil e dota de equipamento; e a Xunta de Galicia, que recibe o edificio e pasa a xestionalo con cargo aos orzamentos propios da Comunidade Autónoma.

Despois de estar varios anos bloqueado, este proxecto parecía volver avanzar cando, no mes de abril de 2023, o concello aprobou finalmente o “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización da Biblioteca do Estado en Vigo”, un trámite necesario para o proceso. Este documento, aprobado inicialmente polo goberno local, foi informado favorablemente –e en tempo e forma– pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia no verán do ano pasado.

Desafortunadamente, un ano despois destes feitos, seguimos sen ver avances no proxecto, que nestes momentos depende das xestións do concello de Vigo e máis do Ministerio de Cultura.

Resulta incomprensible que unha infraestrutura tan relevante para a cidade leve tantos anos paralizada e, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos prioritario coñecer cal é o estado actual do proxecto e cales son os prazos reais cos que traballa o Ministerio de Cultura, como promotor das obras.





Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Cultura información sobre a situación actual do proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo, os prazos temporais e as previsión orzamentarias de cara os futuros orzamentos xerais do Estado; así como solicitar que se axilicen os trámites para a construción do edificio da futura biblioteca”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 14:18:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 14:19:03

Gabriel Alén Castro na data 03/04/2024 14:19:29

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 14:19:43

María Sol Díaz Mouteira na data 03/04/2024 14:20:01

Patricia García González na data 03/04/2024 14:20:17

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 14:20:34

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 14:21:00

Raúl Santamaría González na data 03/04/2024 14:21:15

Borja Verea Fraiz na data 03/04/2024 14:21:55



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O pasado 1 de marzo, o Goberno central iniciou o trámite de consulta previa no marco da tramitación do que será o novo regulamento de Costas. Este regulamento substituirá ao aprobado en agosto de 2022 e que foi anulado polo Supremo por carecer de consulta pública previa.

Dentro do prazo establecido polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, que estivo aberto ata o 22 de marzo, a Xunta de Galicia enviou as súas alegacións e instou aos concellos costeiros e á cadea mar-industria a sumarse ás súas reivindicacións. Finalmente, o resultado foi que se sumaron a estas reclamacións unha trintena de municipios e os principais representantes da cadea mar-industria.

Segundo explicou a Xunta de Galicia, as súas reclamacións céntranse en que na consulta pública previa non se da información suficiente para valorar o impacto real da normativa. Ademais, non se xustifican os problemas concretos a solucionar, nin os obxectivos da norma e non se explica que acontecerá coas concesións en dominio público marítimo terrestre.

E, entre outras cuestións, na tramitación do novo regulamento non se contempla a xestión ecosistémica e integrada do litoral, que é a base da Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral, impulsada pola Xunta e agora paralizada.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a esixir ao Goberno de España que se amplíe o prazo de consulta pública previa do futuro regulamento de Costas e que poña a disposición dos cidadáns, dos interesados e dos afectados, toda a información precisa sobre o alcance desta normativa”





Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 17:09:43

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 17:10:07

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 17:10:23

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 17:11:34

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 17:11:48

María Deza Martínez na data 03/04/2024 17:12:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 17:12:48

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 17:13:02

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 17:13:09

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 17:14:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O Presidente do Goberno central, Pedro Sánchez, anunciou unha nova convocatoria do bono alugueiro mocidade en 2024, existindo fondos dispoñibles para tal fin.

É coñecido por todos que as bases da primeira convocatoria, realizada en 2022, tiñan notables erros e carencias, como o feito de que quedasen excluídas da axuda persoas que cumprían os requisitos para acceder a elas pero compartían piso, sen ningún tipo de relación familiar, con persoas que non os cumprían. De nada servía que cada unha das persoas que compartían vivenda pagase a súa parte do alugueiro e dos gastos, nin que non se tratase dunha unidade de convivencia.

Como esta, son moitas as eivas existentes nas bases da convocatoria de 2022, que foron comunicadas polas comunidades autónomas, entre elas Galicia, ao ministerio antes da súa publicación, sen que fosen atendidas as súas razóns.

A convocatoria de 2022 causou importantes inconvenientes a todas as comunidades autónomas para tramitar e resolver as axudas como consecuencia das bases impostas polo Goberno de España.

Co obxectivo de que a convocatoria de 2024 sexa máis xusta e as axudas poidan chegar aos beneficiarios no menor tempo posible, presentamos esta proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a dirixirse ao Goberno de España e solicite que as bases da convocatoria do Bono alugueiro mocidade para 2024 se elaboren tendo en conta as achegas que realicen as comunidades autónomas, en particular Galicia, co obxectivo de axilizar a súa tramitación e ampliar os seus potencias beneficiarios”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 17:17:01

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 17:17:14

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 17:18:07

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 17:18:11

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 17:19:28

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 17:19:34

María Deza Martínez na data 03/04/2024 17:20:23

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 17:21:41

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 17:22:11

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 17:23:34



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

A finais de 2023 deuse a coñecer o denominado *Programa Viena*, polo que se prevé a construción de vivendas para alugueiro accesible grazas á colaboración público-privada e con participación da sociedade estatal Sareb (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria)

A primeira fase do programa prevé a construción de 3.500 vivendas en 10 comunidades autónomas entre as que NON está incluída Galicia.

Por outra parte, en repetidas ocasións o Goberno de España dixo que poría a disposición das comunidades autónomas e concellos as vivendas propiedade de Sareb co obxectivo de incrementar o parque público de vivendas para alugueiro.

No caso de Galicia, como ten informado a Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) foi un dos primeiros en asinar un convenio con esta entidade para a cesión de vivendas para alugueiro social, a meirande parte das cales foron finalmente adquiridas polo IGVS e forman xa parte do parque público de vivenda en alugueiro propiedade da Xunta de Galicia.

Posteriormente, a Xunta informou de que demandara da Sareb novas cesións ou a oferta de vivendas para adquisición por parte do IGVS, sen que polo momento se chegase a ningún acordo debido ao tipo de vivendas ou emprazamento das mesmas que ofrece a sociedade, que está controlada polo Goberno de España que é o accionista maioritario da mesma.

Ao mesmo tempo, Sareb ofrece ás comunidades autónomas e concellos vivendas que está a comercializar no mercado, de maneira que desaparece o suposto fin social que o Goberno de España pensaba dar ás vivendas de Sareb, xa que as comunidades e concellos se ven na obriga de adquirir as vivendas.





Co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade de Sareb, presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e solicite á Sareb (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria):

1º.- A inclusión de Galicia no *Programa Viena* para a construción de vivenda en alugueiro.

2º.- Que as vivendas propiedade desta sociedade en Galicia se destinen a usos sociais coa súa cesión gratuíta á Xunta de Galicia, que deberán integrar as vivendas cedidas no parque público de vivenda en alugueiro que xestiona o IGVS. Cederanse á Xunta as vivendas que se atopen en condicións adecuadas para o seu uso ou que precisen pequenas reparacións e non se atopen en ningún tipo de situación legal que impida o seu alugueiro unha vez cedidas”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 17:32:48

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 17:34:32

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 17:35:11

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 17:35:18

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 17:36:00

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 17:36:04

María Deza Martínez na data 03/04/2024 17:36:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 17:36:28

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 17:36:48





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 17:38:23
Nº Rexistro: 698
Data envío: 03/04/2024 17:38:23.037

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 17:37:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é fomentar un urbanismo responsable en todo o territorio galego, coa vontade e determinación de que o urbanismo sexa unha tarefa de todos, na procura de que a totalidade dos concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planificación urbanística que ordene o seu termo municipal.

Ante a evidente falta de capacidade de moitos concellos galegos de dotarse dun plan xeral de ordenación municipal, tras anos de vixencia dun marco xurídico que o regulaba como o único instrumento de planificación xeral, e mesmo con incentivos por parte da Administración Autónoma para a súa redacción, a Xunta abordou a dita problemática, regulando na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, novas figuras como son o Plan básico autonómico (PBA) e os Plans básicos municipais (PBMs), para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén con planificación xeral, e cuxa formulación, tramitación e aprobación corresponde á Comunidade Autónoma, en colaboración cos concellos, co máximo respecto ao principio de autonomía municipal.

Pero a pesar de regularse as ferramentas axeitadas para dotar aos concellos dun planificación urbanística básica, que lles permita ofrecer unha capacidade de acollida residencial e económica acorde co desenvolvemento elemental dunha certa actividade urbanística, o serio problema co que agora se enfrenta a tramitación da planificación urbanística, tanto dos PXOMs como dos PBMs, é a enorme dificultade de acadar, en prazo, o pronunciamento favorable da totalidade dos organismos sectoriais afectados, nomeadamente, do informe favorable que ten que emitir a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), dependente do *Ministerio para la Transición Ecológica y el reto demográfico*.

Así, existe unha problemática global e xeneralizada na totalidade dos concellos afectados: caracterízanse por ser concellos de escasos recursos con deficiencias nas súas redes de abastecemento e saneamento, sendo que estas na súa meirande parte se atopan sen regularizar, ou ben están regularizadas para caudais insuficientes, incluso para a poboación actual.



A CHMS avalía a dispoñibilidade xurídica dos recursos hídricos, tanto dende o punto de vista da captación da auga (abastecemento) como da vertedura de augas residuais (saneamento), que debe darse na totalidade das redes existentes, ben sexan de titularidade municipal ou de titularidade veciñal, tanto nas que xa están regularizadas pero con caudal insuficiente coma nas que están sen regularizar, e sobre todo, a CHMS non fai distinción nos seus informes entre os terreos clasificados como solo urbano e os terreos clasificados como solo de núcleo rural.

Esta importante diferenciación xa foi abordada para garantir a protección do recurso hídrico na nosa Comunidade Autónoma coa modificación do artigo 24.5 da LSG, a través da recente Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, de xeito que para edificar no ámbito dos núcleos rurais, antes da modificación se esixía: "... executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, haberán de resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos".

Agora, coa nova redacción do artigo 24.5 da LSG, a normativa urbanística autonómica reflicte dun xeito máis claro a distinción entre a situación dos terreos clasificados como solo urbano, para os que se require a existencia de redes de servizo en todo caso; e os clasificados como solo de núcleo rural, nos que se esixe para edificar: "... executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. No caso das redes de abastecemento de auga e saneamento, esta conexión só será exixible cando existan redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, autorizadas e con capacidade de servizo suficiente. No caso de non exixirse a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse estas por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación".

Deste xeito, a nova redacción do artigo 24.5 da LSG deixa claro que a obriga de conectarse ás redes existentes nos núcleos rurais unicamente se da cando estas, ben sexan públicas ou veciñais, estean autorizadas e teñan capacidade de servizo suficiente. En caso contrario, debe entenderse que a solución do servizo debe darse por medios individuais pois se ben a rede existe, non é apta para conectarse a ela.

Porén, a CHMS non está a ter en conta esta nova regulación da normativa autonómica á hora de emitir o informe sectorial preceptivo esixido polo artigo 25.4 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e o seu pronunciamento desfavorable está a bloquear a aprobación definitiva dos PBMs que a Xunta de Galicia ten e tramitación: ata agora, so foi posible aprobar definitivamente 4 PBMs (Trabada, Riotorto, e Ribeira de Piquín, que pertencen á demarcación





hidrográfica do Cantábrico Occidental (CHCO), e o PBM do Páramo, que se atopa integramente na demarcación hidrográfica do Miño-Sil, se ben a súa aprobación definitiva tivo que ser parcial por mor dos condicionantes impostos no informe da CHMS.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, para que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, á vista da problemática global e xeneralizada na totalidade dos concellos afectados, teña en conta a nova regulación da normativa urbanística á hora da emisión dos informes sectoriais preceptivos á planificación urbanística municipal, nomeadamente, dos Plans Básicos Municipais, co fin de desbloquear a situación de inseguridade xurídica que preside neste momento”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 17:39:45

Carmen Pomar Tojo na data 03/04/2024 17:40:48

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 17:41:06

Javier Arias Fouz na data 03/04/2024 17:41:11

José Manuel Balseiro Orol na data 03/04/2024 17:41:34

Silvestre Balseiros Guinarte na data 03/04/2024 17:42:00

María Deza Martínez na data 03/04/2024 17:42:05

Rubén Lorenzo Gómez na data 03/04/2024 17:42:24

Victoria Núñez López na data 03/04/2024 17:44:19





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2024 17:45:39
Nº Rexistro: 700
Data envío: 03/04/2024 17:45:39.208

Roberto Rodríguez Martínez na data 03/04/2024 17:44:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de Motivos

O 3 de agosto de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia que recolle 74 medidas para poder avanzar na igualdade de oportunidades e na igualdade de trato na Administración Xeral da Xunta de Galicia.

Aínda que a vixencia do Plan remata no 2026, en opinión do Grupo Parlamentario Popular, procede levar a cabo as actuacións necesarias para favorecer o cumprimento de todas as medidas aprobadas.

Entre as que se identifican como prioritarias está a de aprobar o Protocolo da Xunta de Galicia para a protección das empregadas públicas vítimas da violencia de xénero.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión :

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar os trámites necesarios para dar cumprimento ás medidas aprobadas no I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia, dando prioridade á aprobación dun Protocolo autonómico para a protección das empregadas públicas vítimas da violencia de xénero”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 18:30:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 18:31:31

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 18:31:59

María Deza Martínez na data 03/04/2024 18:32:03

Patricia García González na data 03/04/2024 18:32:31

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 18:32:47

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 18:33:00

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 18:33:04

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 18:34:16

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 18:34:18





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de Motivos

Con data 4 de maio de 2022 o Parlamento de Galicia aprobaba, por unanimidade, un acordo polo que se instaba á Xunta de Galicia a “impulsar as actuacións necesarias para promover que a Comunidade Autónoma de Galicia presente unha candidatura para albergar a futura sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial”

En cumprimento do devandito acordo o Goberno galego impulsou esta candidatura que acadou o apoio de todo o ecosistema universitario, empresarial e social galego, ata sumar máis de 80 cartas de adhesión, e que finalmente logrou ser seleccionada polo Goberno de España para acoller na cidade da Coruña a sede desta axencia española.

A implantación da Intelixencia Artificial (IA) está a avanzar dun xeito vertixinoso e imparabile en todos os ámbitos, o que fai imprescindible a inmediata posta en marcha da mencionada axencia para dar cumprimento ao compromiso adquirido e converter a Galicia e, nomeadamente á cidade da Coruña, na sede efectiva da autoridade nacional de supervisión desta innovadora tecnoloxía.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta Galega a que reclame ao Goberno de España que poña en marcha a Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) con sede na cidade da Coruña”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 18:38:21

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 18:38:37

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 18:39:24

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 18:39:29

María Deza Martínez na data 03/04/2024 18:39:58

Patricia García González na data 03/04/2024 18:40:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 18:40:25

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 18:40:29

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 18:41:00

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 18:41:02





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de Motivos

Galicia foi unha das primeiras comunidades, tanto a nivel nacional como europeo que, seguindo as directrices da Axenda Dixital para Europa, impulsou o despregamento de redes de nova xeración. Así mesmo, a Comunidade galega tamén foi pioneira na mellora de cobertura móbil no rural, coa posta en marcha dunha medida, autorizada pola Comisión Europea, e empregada por esta como exemplo de boas prácticas nas novas Directrices sobre as axudas estatais ás redes de banda larga.

Con todo, as competencias neste ámbito son do Goberno de España que conta actualmente tamén con acceso a fondos Europeos para o financiamento e posta en marcha de actuacións que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións, fixas e móbiles, en todo o territorio español e, por conseguinte, en Galicia, en cumprimento dos obxectivos establecidos por Europa e que España asumiu no eido da cobertura de redes ultrarrápidas.

Para este obxectivo conta concretamente co Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa ÚNICO) e máis de 4.300 millóns de euros de fondos dispoñibles cos que prevé acadar os obxectivos da axenda “España Digital 2025”, isto é, levar a cobertura de redes fixas ultrarrápidas de máis de 100 Mbps a todo o territorio e unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre. Dispón, polo tanto, dunha capacidade inédita que non tiveron outros gobernos, para dar resposta aos retos de conectividade do noso país, especialmente no ámbito rural.

Compre salientar que, para o cumprimento dos obxectivos 2025 non será suficiente coa publicación de convocatorias de axudas contempladas no programa UNICO para a extensión de redes de telecomunicacións. De feito, será necesario mellorar a xestión das actuacións promovidas polo Goberno de España, especialmente nesta etapa final dos despregamentos, para evitar que as zonas que actualmente teñen previsión de





cobertura con algunha das convocatorias estatais queden finalmente sen cubrir por incumprimento dos obxectivos dos operadores.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que reclame a o Goberno de España que cumpra os compromisos que asumiu de forma unilateral en materia de conectividade, que teña en conta as características orográficas e sociodemográficas das comunidades autónomas e que permita transvasamentos entre liñas de acción no Compoñente 15 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia– NextGenerationEU”.

Santiago de Compostela, 3 de abril 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 18:46:01

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 18:46:28

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 18:47:07

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 18:47:12

María Deza Martínez na data 03/04/2024 18:47:43

Patricia García González na data 03/04/2024 18:47:49

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 18:48:18

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 18:48:23

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 18:49:03

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 18:49:07





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e deputados **Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de Motivos

As CCAA unicamente recibiron un 8,86% do Compoñente 11 Modernización das administracións públicas do PRTR. Dentro deste compoñente, a cantidade de fondos destinada a transformación dixital supón só un 17,32% do total do compoñente, de xeito evidente escasa, e máis se vemos no regulamento do MRR que a transformación dixital é un dos obxectivos finais do mecanismo.

Así, o Investimento 3 do Compoñente 11 supón 1.130 millóns, dos que unicamente se asignaron ás CCAA 578,6 Mill e 551,4 ao Ministerio de Política Territorial. Unha cifra escasa reiteramos, e máis @teniendo en cuenta que con posterioridade, a contía asignada ás CCAA foi reducida en 230 mill para reservar ao ámbito sanitario, que aínda que nos parece unha prioridade indiscutible, non debería minguar os investimentos en transformación dixital da administración.

Polo que non queremos perder a oportunidade de manifestar a capacidade e dispoñibilidade de Galicia para xestionar máis fondos nunha área tan importante para as Administracións Públicas como a Transformación Dixital.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a que reclame ao Goberno de España un maior financiamento no marco do compoñente 11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia– NextGenerationEU”.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 18:53:56

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 18:56:12

Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 18:56:18

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 18:57:05

María Deza Martínez na data 03/04/2024 18:57:11

Patricia García González na data 03/04/2024 18:57:47

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 18:58:11

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 18:58:16

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 18:58:59

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 18:59:06



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Gonzalo Trenor López, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Noelia Pérez López e Cristina Sanz Arias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**

Exposición de Motivos

De conformidade coa senda da homoxeneización das condicións de traballo do persoal empregado público, a través da realización dos procesos de funcionarización do persoal laboral fixo; un total de 2.193 persoas mudaron o seu vínculo xurídico coa Xunta de Galicia, 493 persoas están pendentes de tomar posesión, logo de superar estes procesos; 522 persoas están pendentes realizar o proceso de funcionarización e ademais máis de 7.000 prazas de persoal laboral da Administración Xeral pasaron a ser prazas de persoal funcionario.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rematar os procesos de funcionarización para acadar a homoxeneización das condicións de traballo do persoal empregado público”

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 03/04/2024 19:02:40

Gonzalo Trenor López na data 03/04/2024 19:03:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Martina Aneiros Barros na data 03/04/2024 19:03:48

Enrique Barreiro Sánchez na data 03/04/2024 19:04:39

María Deza Martínez na data 03/04/2024 19:04:42

Patricia García González na data 03/04/2024 19:05:04

Dolores Hermelo Piñeiro na data 03/04/2024 19:05:07

María Martínez Allegue na data 03/04/2024 19:05:30

Noelia Pérez López na data 03/04/2024 19:05:35

Cristina Sanz Arias na data 03/04/2024 19:06:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade (ASPNAIS) en Lugo traslada a súa sede no ano 2020, deixando a antiga sede, un edificio de titularidade da Xunta de Galiza, baleiro, sen actividade algunha e avanzando no seu deterioro.

O abandono deste inmovible resulta aínda máis gravoso para a cidade de Lugo e a súa veciñanza tendo en conta que o Goberno galego se comprometeu en novembro de 2020 a cedelo a AFALU (Asociación de Familiares de Alzheimer) e ALUME (Asociación Lucense pola Saúde Mental), algo que non aconteceu.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cumprir cos seus compromisos e ceder para uso social o antigo edificio de ASPNAIS sito na Rampa de Claudio López.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 09:42:16

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 09:47:22





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

A comarca de Pontevedra constitúe un lugar estratéxico nas oportunidades de desenvolvemento industrial do territorio galego, entre outros motivos pola situación loxística na que se atopa o seu solo industrial, pola conectividade ferroviaria directa, a proximidade ao porto de Marín e a facilidade de acceso á autoestrada AP-9.

A Xunta do PP non foi quen de ver isto e no desenvolvemento do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais no ano 2014 deixou sen desenvolver todas estas posibilidades e agora na segunda modificación do Plan que se está a tramitar tampouco prevé ningunha ampliación na comarca de Pontevedra, a maiores algunhas zonas que si estaban previstas tampouco foron desenvolvidas nestes 10 anos.

Nun momento de oportunidade como o que estamos a vivir coa recepción de fondos europeos que nos permitirán desenvolver unha industria verde destinada á xeración de recursos que faciliten unha autosuficiencia enerxética e melloren a nosa capacidade produtiva, o Goberno da Xunta, como administración competente, ten que ser capaz de reter no noso territorio o maior investimento posible.



Na comarca de Pontevedra existen 4 polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra), Barro-Meis, que necesitan crecer da man para poder chegar a albergar todos eses ambiciosos proxectos e xerar emprego de calidade no territorio.

A maiores desde o Grupo Socialista levamos anos insistindo na necesidade de crear un porto seco, que poida ampliar a industria vinculada ao porto de Marín e que neste momento, non ten posibilidades de crecemento, sinalando o lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) como axeitado por contar con 435.137 metros cadrados e presentar unha situación máis que axeitada para satisfacer as necesidades do porto de Marín.

Por todo iso, dende o Grupo Socialista solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia, como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, que desenvolva a ampliación destes parques co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na comarca de Pontevedra.

Por todo o antedito, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia como administración competente en materia de ordenación do territorio, industria e fomento e planificación da actividade económica de Galicia, a desenvolver a ampliación dos polígonos industriais, a Reigosa (Pontecaldelas), Fragamoreira (Poio), O Campiño (Pontevedra) e Barro-Meis; así como a planificación dun Porto Seco no lugar de Leborei na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra) co fin de cubrir as necesidades empresariais existentes na Comarca de Pontevedra.

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 10:24:52
Nº Rexistro: 762
Data envío: 04/04/2024 10:24:52.731

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:10:28

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 10:10:48

Lara Méndez López na data 04/04/2024 10:13:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 10:13:29

CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1275

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo e os equipos de orientación nos centros escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Esta orde regula unha ferramenta básica para lograr os seus obxectivos: os Departamentos de Orientación dentro dos centros educativos, que serán os asesores do alumnado, profesorado e familias, e atenderán a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa para conseguir unha inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade e que irá acompañada dos recursos materiais e humanos e que se desenvolve no seu capítulo V, onde fai referencia a todas as persoas profesionais involucradas neste proceso.

Estes últimos anos a comunidade educativa manifesta o aumento considerable dos casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (no curso actual preto do 30% do alumnado dos centros é NEAE). Isto supón a petición por parte das direccións dos centros escolares de máis efectivos docentes e especializados nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

departamentos de Orientación (Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, persoal aux. coidador...), para manter a calidade educativa e unha atención axeitada para todo o alumnado, incluíndo as necesidades específicas e obxectivos marcados para o alumnado NEAE.

Cos efectivos de especialistas actuais dentro dos departamentos de Orientación non é factible a atención individualizada que cada persoa precisa, e cada curso son máis e máis diversos os casos entre o alumnado.

A comunidade educativa precisa unha maior implicación da Consellería con competencias en Educación para que asuma as súas funcións para garantir a todo o alumnado, para o NEAE tamén, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno. Para iso, deben resolver a falta de recursos persoais nos equipos de Orientación en todas as súas especialidades.

Este inxente número de alumnado NEAE nos centros orixina unha burocratización extraordinaria e paralizadora que consume moito tempo, tempo que non se usa para a aplicación efectiva de programas e plans para o alumnado. Polo tanto, debe existir un protocolo entre os distintos sectores afectados neste proceso para detectar, diagnosticar e aplicar medidas ao alumnado NEAE nas súas distintas realidades.

Os equipos de Orientación teñen falta de recursos e tempo para poder implementar nos centros programas de interese xeral que poden mellorar os resultados académicos, pero tamén a nivel persoal. E por todo o citado deben estar mellor valorados como profesionais pero tamén mellor remunerados pola responsabilidade, dispoñibilidade horaria cara ás familias, dedicación e polo tipo de cualificación que precisan para o desenvolvemento do seu traballo (a mesma que a solicitada para os equipos dos IES).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a

1) Demandar da Consellaría con competencias en Educación, as seguintes accións:

- Considerar a Orientación como o motor de cambio pedagóxico dentro dos centros escolares.

- Liberar aos equipos de Orientación do elevado número de informes que se ven obrigados a realizar na actualidade, deixando nun segundo plano a atención que precisa o alumnado, como é a posta en marcha de programas de fomento das habilidades sociais, autoconceito e autoestima, de desenvolvemento de capacidades, de prevención da aparición de dificultades de aprendizaxe... asumindo un papel de axente impulsor/a da comunidade educativa.

- Dar respaldo aos equipos de Orientación dende as direccións dos centros e da mesma Consellería para poder implementar os distintos programas dentro das aulas e con respecto ás familias.

- Dotar aos equipos de Orientación con maior número de especialistas para poder atender ao alumnado NEAE as horas que sexan precisas para apreciar o avance e impulso académico e persoal dos alumnos/as.

- Crear unha Comisión de debate e planificación onde estean representados todos os sectores educativos e persoas expertas no ámbito da diversidade, da saúde e dos servizos sociais. Esta Comisión deberá, ademais, permitir e mellorar a coordinación entre as distintas administracións, familias afectadas e especialistas (públicos e privados se é preciso) en beneficio do alumnado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Valorar o importante cambio social existente e futurible, para proporcionar ferramentas ás familias coas que ter a información, formación e recursos suficientes para solucionar o máximo posible situacións non beneficiosas para as súas fillas e fillos.

- Dar continuidade estable no tempo a programas como “Proa+”, que remata en 2024 ou “Acompaña”, que son financiados con Fondos Europeos e polo Ministerio de Educación.

- Valorar como corresponde o traballo, responsabilidade e dispoñibilidade dos equipos de orientación, remunerando estas cuestións en relación á formación solicitada para exercer como profesional orientador/a.

2) Así mesmo insta a Consellaría de Sanidade, a través do Sergas, para que tome as seguintes medidas:

- Coordinar e facilitar unha comunicación fluída entre Pediatría, Neuroloxía, as familias e Orientación.

- Priorizar as consultas de Neuroloxía pediátrica, verificando con todos os medios ao seu alcance o contido dos informes emitidos por Orientación e que orixinaron a petición da consulta. Recomendar recursos públicos de calidade ás familias como primeira opción.

- O SERGAS debe dotar de suficiente persoal facultativo ao Servizo de Neuroloxía Pediátrica para poder consultar con tempo suficiente aos pacientes, para realizar diagnósticos áxiles e correctos e evitar así que as familias acudan á sanidade privada para axilizar as citas.

- Que o servizo de Pediatría derive as posibles Dislexias a Neuroloxía Pediátrica con dilixencia para poder axudar ao neno ou nena canto antes.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/04/2024 10:20:42

Iria Carreira Pazos na data 04/04/2024 10:26:54

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2024 10:26:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

O CEIP Pontesampaio, sito nesta parroquia pontevedresa, consta de dúas unidades de educación infantil e cinco unidades de primaria.

Este centro de referencia a nivel educativo vén reclamando dende hai tempo a necesidade de ter un espazo destinado á práctica da actividade física por parte do alumnado.

Ante a falta de resposta o Goberno da Xunta tiveron que habilitar unha aula sita na planta baixa para destinala a aula de educación física, engadindo *espaldas* e cestas nas paredes.

Espazo que se utiliza a maiores como comedor á hora do almorzo co servizo do plan madrugada e a mediodía, e tamén como espazo para o recreo nos días de choiva.

Desde o Grupo Socialista entendemos que este espazo non pode ter esta multifunción porque non reúne as características axeitadas para unha instalación deportiva e, polo tanto, a Xunta ten que proporcionar esta dotación ao CEIP de Pontesampaio.

Entendemos que o espazo máis axeitado a nivel técnico e administrativo e o que ocupa a actual pista polideportiva exterior, mediante a construción dun





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 10:31:59
Nº Rexistro: 773
Data envío: 04/04/2024 10:31:59.433

pavillón cuberto que poida cumprir todas estas funcións de instalación para a práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que execute a construción dun pavillón cuberto no CEIP Pontesampaio en Pontevedra, que poida cumprir as funcións de instalación para a práctica de actividades deportivas e patio cuberto de recreo para os días de choiva.

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:26:34

Julio Abalde Alonso na data 04/04/2024 10:26:54

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:27:11

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 10:27:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1282

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Óscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a creación de xulgados de violencia sobre a muller.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos recentemente publicados polo Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial constatan un incremento superior ao 7 do número de denuncias de violencia sobre a muller en Galiza. No ano 2023 os xulgados de Galiza rexistraron 7.483 denuncias, superando en 488 o número de denuncias xudiciais presentadas no ano 2022. O número de vítimas das denuncias rexistradas medrou en máis dun 7,6%, pasando das 6.912 de 2022 ás 7.438 de 2023.

O número de asuntos penais ingresados nos xulgados galegos con competencia en materia de violencia sobre a muller experimentou igualmente un incremento, acadando a cifra de 8.617 asuntos, superior en case 500 aos do ano anterior. Prodúcese un incremento no número de asuntos ingresados malia o descenso, superior ao 9% dos procedementos por delitos leves, o que ven significar que medra o número de asuntos e a gravidade dos feitos obxecto dos mesmos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, medra o número de ordes de protección incoadas nos xulgados de Galiza, case un 20% delas incoadas e resoltas por xulgados de instrución en funcións de garda.

A incoación do número de asuntos contenciosos de carácter civil competencia dos Xulgados de Violencia sobre a muller tamén presentou un importante incremento durante o ano 2023.

Se preocupantes son os datos anteriormente expostos, extraídos da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, aínda o é máis o feito de que o maior incremento que se recolle no estudo é o de vítimas que renuncian ou se acollen ao seu dereito a non declarar como testemuña. Dato que exige unha reflexión e probablemente unha rectificación, en canto que evidencia que as cousas non se están facendo todo o ben que se debería.

Dende o BNG reiteradamente vimos reclamando o necesario incremento da planta xudicial galega en materia de Violencia sobre a Muller e a creación do xulgados con competencias exclusivas e excluíntes nos partidos xudiciais máis poboados de Galiza, realidade que á luz dos datos transcritos supra vémonos na necesidade de reiterar.

A instancias do BNG o partido que sustenta ao actual Goberno do Estado, a quen -fora de toda lóxica- compete a decisión sobre a creación de unidades xudiciais en Galiza comprometeuse á dotar aos partidos xudiciais de Ourense, Lugo, Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela de Xulgados de Violencia sobre a Muller. Decisión cuxa efectividade, en boa lóxica, precisaría da conformidade da Xunta de Galiza, pois é á administración autonómica a quen





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondería dispor os medios e recursos, agás xudicatura e LAX, para o funcionamento das unidades xudiciais.

Como queira que diferentes manifestacións de representantes da Xunta de Galiza e do Partido Popular durante a pasada campaña electoral, puxeron de manifesto un eventual cambio de postura e o abandono da contumaz oposición a creación destas unidades xudiciais, dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos presentar a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solicitar ao Goberno do Estado a creación, fora da programación ordinaria, de Xulgados de Violencia sobre a Muller, con competencias exclusivas e excluíntes, nos partidos xudiciais de Ourense, Ferrol, Pontevedra, Santiago de Compostela e Lugo.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Óscar Insua Lema

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2024 10:08:24

Óscar Insua Lema na data 04/04/2024 10:08:29

Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 10:08:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 10:08:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras demencias (Fagal) estimou que na área Pontevedra-Salnés existen cerca de 4.700 persoas con patoloxías que provocan demencias.

Unha cifra que se disparou nos últimos anos e que previsiblemente vai en aumento polo envellecemento da poboación e o incremento da esperanza de vida. As estatísticas advirten que no ano 2050 o 50 % da poboación galega terá máis de 65 anos e o alzhéimer coma outras enfermidades está vinculado á idade.

Pontevedra na actualidade conta cun centro de día público pertencente á Consellería de Política Social e Xuventude, que é xestionado pola asociación AFAMPO que se dedica á asistencia a enfermos de alzhéimer e outras demencias.

Este centro conta con 35 prazas, atópase cuberto ao 100 % e cunha lista de espera de máis de 20 persoas, o que demostra que é un recurso claramente insuficiente polo que está a ser complementado por recursos asistenciais de carácter privado.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia debe incrementar o número de prazas públicas existentes e a maiores, tendo en conta o progresivo incremento destas patoloxías, incluír na carteira sanitaria da área Pontevedra-Salnés unha unidade especializada en Alzhéimer e outras demencias, que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estes pacientes e mellorar así a súa calidade de vida.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de prazas públicas existentes e a incluír na carteira sanitaria da área Pontevedra -





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 10:52:21
Nº Rexistro: 788
Data envío: 04/04/2024 10:52:21.699

Salnés unha unidade especializada en Alzhéimer e outras demencias, que poida dar unha cobertura sanitaria axeitada a estes pacientes e mellorar así a súa calidade de vida.

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:33:49

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 10:34:07

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:34:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 10:34:35

CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1288

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativas das súas deputada, **Paloma Castro Rey, Patricia Iglesias Rey e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O trato dispensado ás vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais é indispensable para establecer unha atmosfera de seguridade e protección. A creación dun clima de empatía e tranquilidade transmite confianza ás vítimas, así como, os recursos que se poñen á súa disposición, a toma de declaración sen presas, o respecto dos tempos necesarios para o seu sosego, entre outras cuestións, contribúen a que elas se sintan nun ámbito de seguridade, respecto e confianza.

Dende o Grupo Socialista defendemos que un modelo de atención axeitado esixe:

- a) Unha especial consideración dos colectivos especialmente vulnerables (entre outros, mulleres estranxeiras, discapacitadas...)
- b) Que as dependencias nas que as vítimas deben esperar ou prestar declaración sirvan, así mesmo, á creación da atmosfera propicia para que poidan exteriorizar, cara a terceiros, aspectos negativos da súa vida e experiencias persoais.
- c) Que as sedes xudiciais contén con lugares apropiados para os tempos de agarda, nos que se garanta que non existirá confrontación visual entre denunciante e denunciado.





En Galicia na maior parte dos xulgados que resollen procesos en materia de Violencia sobre a Muller non se cumpren estes requisitos, sobre todo, cando se trata de xulgados mixtos que coñecen tamén outras materias.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, é a administración con competencias en materia de medios materiais para atender o correcto funcionamento da Administración de Xustiza e, polo tanto, para garantir a implementación dos recursos necesarios para dispensar un axeitado trato ás usuarias do sistema de xustiza penal e, en especial, ás vítimas de violencia de xénero.

Dezaoito anos despois da entrada en vigor da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero non é asumible que aínda nos atopemos nesta situación polo que, desde o Grupo Socialista, esiximos a este goberno que redacte un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos e no que se estableza unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e protección das vítimas.

Polo tanto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a redactar un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos, e no que se estableza unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego, co obxectivo de mellorar a seguridade e a protección das vítimas.

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:01:41
Nº Rexistro: 795
Data envío: 04/04/2024 11:01:41.802

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 10:55:31

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 10:55:46

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/04/2024 10:56:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 10:56:14

CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A falta de coordinación e dilixencia por parte do Goberno galego en materia dos centros de atención residencial, así coma nos servizos de atención para persoas con dependencia ou discapacidade está motivando unha ocupación de prazas residenciais por emerxencia social de xeito caótico.

Os profesionais e as propias familias de usuarios dos centros de atención residencial puxeron en coñecemento do Goberno galego a ocupación de prazas nestes centros por persoas con patoloxías psiquiátricas e un conxunto de casuísticas moi diversas que fai que, cada vez de xeito máis habitual, sexa moi complicada a convivencia e incluso en ocasións manter a seguridade dos usuarios segundo os propios profesionais.

Trátase dunha emerxencia a necesidade de establecer unha formación axeitada, así como o incremento de profesionais no só atendendo ao criterio cuantitativo senón cualitativo, debido a que estamos a tratar casuísticas que requiren perfís profesionais determinados.

Non é dilixente mesturar tal diversidade de casuísticas nun centro, sen ter en conta unha adaptación da cualificación e o número de postos laborais, así como a convivencia segundo o perfil de usuarios, xa que o resultado actual é que persoas maiores teñan que convivir con situacións complexas que condicionan directa e indirectamente o seu benestar.





Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, na maior brevidade posible, un estudo de necesidades por cada centro de atención residencial. Dito estudo deberá elaborar a proposta correspondente para adaptar os cadros profesionais (cuantitativa e cualitativamente) ao número de persoas usuarias e o seu perfil, así como sobre o tipo de usuarios e usuarias e a súa patoloxía, o nivel de dependencia ou casuísticas particulares para adaptar a convivencia e o tratamento entre persoas usuarias. Deste xeito adaptar o número de persoas traballadoras ao perfil dos e das usuarias, e así mesmo agrupar aos mesmos segundo o perfil e casuística.
2. Garantir o cumprimento das recomendacións ou propostas que dito informe formula.

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:22:36
Nº Rexistro: 806
Data envío: 04/04/2024 11:22:36.895

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 10:31:24

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 10:31:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 10:31:42

CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1294

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 1 de decembro de 2023, a Xunta de Galicia publicou no DOG número 229 a Orde do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestación do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O presidente Alfonso Rueda anunciou como medida estrela no seu anterior goberno, no Debate do Estado da Autonomía, un bono de 5.000 euros anuais para coidados, e outro de 1.200 euros como complemento para o servizo de atención residencial.

Os maiores recortes de fondos en dependencia e ademais concretamente os recortes na libranza por coidados na contorna familiar dos últimos anos foron executados polos gobernos do Partido Popular, incluída a cotización especial como coidador/a eliminada cando Mariano Rajoy presidía o Goberno de España (que retomou Pedro Sánchez ao acceder ao Goberno).

Tras executar recortes de miles de millóns en materia de dependencia por parte do Goberno do Partido Popular a nivel estatal, e ser das comunidades autónomas con menor inversión en dependencia por habitante potencialmente



dependente de todo o país por parte da Xunta de Galicia liderada polo Partido Popular dende fai 15 anos, anunciaron dita medida en período preelectoral.

Dende o sector especializado, voces como as o Colexio Oficial de Traballo Social alertaron da falta de concreción de dita medida, así como a dubidosa efectividade sobre o colectivos de persoas con dependencia e ás súas familias mentres o goberno galego non invista e incrementar de maneira significativa o equipos de valoración para axilizar listas de espera, así como mentres non se invista en crear novas prazas públicas en residencias e centros de día así como no incremento de inversión autonómica no SAF.

De feito o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia critica as medidas anunciadas polo Goberno galego en período preelectoral, e por elo lanzaron a campaña: “Máis servizos públicos e menos bonos”, na que instan ao Goberno galego a que, en lugar de dar axudas directas sen discriminación por nivel de renda, dirixa os seus esforzos a resolver os retrasos na tramitación das resolucións de graos de dependencia e incremente os fondos para incrementar as prazas públicas de centros de atención residencial, centros de día e SAF.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Incrementar o número de prazas públicas de centros de atención residencial, para os centros de día e as libranzas vinculadas á contorna familiar en función do grao de dependencia e baremos que marca o Real decreto 675/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1051/2013, do 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:23:42
Nº Rexistro: 812
Data envío: 04/04/2024 11:23:42.048

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Publicar un informe que conteña o número de solicitudes e tempos de espera dos mesmos, na modalidade de libranza económica. Dito informe deberá conter a división por territorio das solicitudes pendentes así como o estado da tramitación.

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 11:01:02

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 11:01:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 11:01:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1297

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O servizo de Comedor Sobre Rodas púxose en marcha durante o mandato do goberno do PSdeG-PSOE no Concello de Ourense, período 2007-2015, e foi un dos programas pioneiros e de maior demanda no seu momento, dado que aportaba unha axuda fundamental e garantía unha alimentación adaptada ás necesidades das persoas maiores e tamén das persoas dependentes da cidade, perfectamente accesible para as persoas usuarias de maior vulnerabilidade económica.

Despois de 16 anos de servizo, hoxe converteuse nun servizo máis precarizado polo goberno de Gonzalo Pérez Jácome, que entra dentro da súa estratexia de desmantelamento das políticas sociais municipais, o que supón que se recorten partidas da máis cara á menos importante prexudicando sempre ás persoas que menos teñen e máis o necesitan.

O pasado 12 de marzo, trala celebración da Xunta de Área de Servizos Sociais, dende o Grupo Municipal Socialista se denunciaba o desmantelamento encuberto do servizo de Comedor Sobre Rodas do Concello de Ourense. O goberno de Jácome pasaba de comprometerse a licitar o servizo de Comedor Sobre Rodas no 2023 e afirmar que os pregos para a súa licitación estaban listos e en marcha a deixar que a concesión entrase en precario este mes de febreiro e pedir “in extremis” rescate á Xunta de Galicia a través da adhesión ao programa Xantar na Casa, despois de deixar morrer este servizo esencial. A sabendas de que a concesión entraba en precario o 28 de febreiro de 2024, o



executivo local aínda non aprobara nin sequera en Xunta de Goberno Local o convenio de adhesión ao programa Xantar na Casa coa Xunta de Galicia para a súa entrada en funcionamento, o que provocaría *a posteriori* que as persoas usuarias quedasen no limbo polo menos un mes, dado que o 27 de marzo dábase por rematado o servizo, sen ningún tipo de alternativa ou solución o respecto para eles nin para as súas familias.

A medida de recorrer ao convenio coa Xunta de Galicia para xestionar o Comedor Sobre Rodas a través do programa “Xantar na Casa” non é máis que un parche previo á desaparición deste servizo, xa que *a priori* non é ampliable no número de usuarios e a pesares de que si está en marcha en moitos outros concellos de Galicia por cuestións de incapacidade orzamentaria para o mantemento do servizo, este non é o caso do Concello de Ourense.

Polo tanto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de forma urxente tramite o convenio de adhesión do Concello de Ourense ao programa Xantar na Casa, co fin de que as persoas usuarias do programa “Comedor Sobre Rodas”, de xeito inmediato, reciban este apoio domiciliario para mellorar a súa calidade de vida.

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/04/2024 11:18:43

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 11:18:57





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2024 11:23:46
Nº Rexistro: 813
Data envío: 04/04/2024 11:23:46.361

Elena Espinosa Mangana na data 04/04/2024 11:19:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 11:19:18

CSV: BOPGDSPG-XNCmHNKS-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

1300

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª**.

O pasado 4 de decembro de 2023, o CGPJ cumpriu cinco anos bloqueado como consecuencia da negativa do PP para alcanzar un acordo.

A pesar de que a renovación é un mandato constitucional, xa que a Constitución española establece un período de vixencia de 5 anos improrrogables, o PP sempre a bloquea cando se atopa na oposición:

- Fíxoo en 1995/1996 durante OITO MESES.
- Fíxoo en 2006-2008 durante DOUS ANOS.
- E faino agora, con CASE CINCO ANOS de bloqueo.

Este bloqueo que estamos a sufrir afecta gravemente ao funcionamento Administración de Xustiza, impactando directamente na cidadanía xa que está a provocar que haxa vacantes sen renovar, demoras nos procesos xudiciais e unha maior carga de traballo para os xulgados.

O Tribunal Supremo áchase minguado en máis dun 30 % dos seus efectivos e isto fai que algunhas das súas salas se atopen “ao bordo do colapso”

Dende o ano 2018, o PSOE tentou alcanzar un acordo co PP en numerosas ocasións. Ao longo destes case 5 anos, o PP, primeiro con Pablo Casado e agora, con Alberto Núñez Feijóo, puxeron innumerables escusas co único obxectivo de non renovar o CGPJ.





Os resultados acadados nas urnas o pasado mes de xullo polas diferentes forzas políticas representan a vontade da cidadanía española que ten que ser reflectida nesta nova renovación.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexan responsables e apoien o cumprimento da Constitución instando desde o Parlamento de Galicia ao Goberno galego a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o CXPX, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Por iso, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o Consello Xeral do Poder Xudicial, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Parlamento de Galicia, 3 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/04/2024 11:25:35

Patricia Iglesias Rey na data 04/04/2024 11:25:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 11:26:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a orde de axudas a á tradución.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A orde de axudas á tradución para 2024 publicouse o día 16 de xaneiro, moito antes do habitual. Esta orde, cuestionada polas entidades do sector, está redactada en termos moi semellantes aos de anos anteriores, nos que tamén recibiu a contestación das entidades afectadas. A orde de axudas á tradución segue sen diferenciar entre obras traducidas ao galego e do galego (e, polo tanto, sen ter en conta o feito de que estes dous tipos de obras corresponden a obxectivos e realidades culturais diferentes) e sen baremar adecuadamente a extensións das obras.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reformular a orde de axudas á tradución atendendo as reclamacións do sector afectado, nomeadamente no que se refire a diferenciar obras traducidas a galego e de galego, a valorar adecuadamente a extensión





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das obras e a crear un comité que se encargue da redacción da orde de axudas en futuras edicións.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 11:51:18

Daniel Castro García na data 04/04/2024 11:51:33

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 11:51:42

Ana Pontón Mondelo na data 04/04/2024 11:51:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o bono coidado no fogar anunciado pola Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza implantou o denominado ‘Bono coidado no Fogar’ anunciándoo como unha axuda nova vinculada á dependencia, dotada con 5.000 euros á que poderían acollerse todas as persoas que sexan coidadas por un familiar ou alguén do seu círculo próximo.

Porén, a realidade unha vez publicada no DOG a ORDE do 30 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, é moi diferente.

Neste senso,

– A axuda non é nada novo, trátase da actualización da Prestación por coidados na contorna familiar vinculada á Lei de dependencia desde 2006.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O acceso a ela depende do recurso que se fixe para cada persoa no PIA.
- A contía é de 416 euros ao mes e en ningún caso pode ser percibida como un único pagamento.
- Esta prestación só pode ser adquirida por persoas dependentes de grao 2 e 3 naqueles casos en que a persoa cuidadora conviva no mesmo domicilio.

A propaganda foi tal que mesmo o Colexio de Traballo Social de Galiza reclamou á administración unha rectificación pública polas falsas expectativas que estaba a xerar na poboación ademais da sobrecarga de traballo do persoal encargado da súa tramitación nos xa mermados servizos comunitarios.

Cómpre lembra que a Lei dependencia establece no seu artigo 14.4 que “o beneficiario poderá, excepcionalmente, recibir unha prestación económica para ser atendido por cuidadores non profesionais, sempre que se dean as condicións acaídas de convivencia e de habitabilidade da vivenda e así o estableza o seu Programa Individual de Atención”.

Neste senso, a administración ten a obriga de garantir o acceso a servizos públicos previstos na carteira de servizos da dependencia tales como centros de día e de noite, centros residenciais ou o Servizo de Axuda no Fogar. Porén, as cifras demostran que no noso País son as prestacións vinculadas a cuidados na contorna familiar e a servizo as que máis medran. Así, das 7.010 novas prestacións recoñecidas en 2023, o 26% (1.806) correspóndense a PECEF e 4.338 a PEVS.

En Galiza existe un déficit evidente de servizos dirixidos á atención de persoas dependentes. Tanto é así que en febreiro deste ano 14.651 persoas reciben unha prestación económica vinculada a servizo para pagar na privada o dereito de acceso recoñecido a un servizo que o público non é quen de garantir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar, no seo do Consello Galego de Benestar, un Plan de ampliación da rede de servizos públicos de atención á dependencia no que se establecerá, como mínimo, os obxectivos para cada un dos servizos incluídos no catálogo do SAAD así como unha previsión temporal e orzamentaria do mesmo.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 11:51:34

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 11:57:41

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 11:58:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 11:58:59

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:00:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Perez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o proceso de renovación da Dirección Xeral da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual Dirección Xeral da CRTVG está á marxe da lei que regula os medios de comunicación públicos de Galiza nunha secuencia de decisións políticas que alteran o correcto funcionamento da Corporación pública:

1. Alfonso Sánchez Izquierdo foi nomeado a dedo polo presidente da Xunta en 2009, con arranxo ao que daquela determinaba a Lei de creación da CRTVG aprobada en 1984.

2. En 2011 apróbase a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza que no seu artigo 23.2 determina que, a directora ou o director xeral é elixido polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. No caso de non acadarse a maioría de dous terzos nunha primeira votación, o Parlamento de Galicia poderá volver someter a votación o mesmo candidato transcorrido un mes desde a primeira votación, e neste caso abondará para a súa elección a maioría dos tres quintos do Pleno da Cámara.

3. En 2015 e diante do flagrante e manifesto incumprimento da lexislación en vigor en 2015 o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza procede a modificar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lei a través da Lei de acompañamento aos orzamentos de 2015 para garantir a permanencia do actual director sen data límite.

Ao longo dos últimos anos a situación dos medios públicos de Galiza veu empeorando, degradada até o infinito polo uso partidista que o PP desde a Xunta de Galiza fixo e fai dos mesmos. De feito, as traballadoras e traballadores da CRTVG levan máis de cinco anos mobilizados reclamando a garantía, o respecto e o cumprimento dos seus dereitos (Estatuto Profesional e Consello de Informativos) así como o fin da manipulación informativa.

E é que a actual Dirección Xeral non é o único incumprimento da lexislación vixente en materia de medios públicos en Galiza.

Por este motivo, desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego, desde o compromiso máis absoluto co dereito á información así como aos principios de pluralidade, neutralidade e veracidade que deben presidir calquera medio público, formulamos a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cesar, de maneira inmediata, o actual director xeral da CRTVG e acorda por resolución iniciar o seu proceso de renovación conforme ao disposto na lexislación vixente.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 12:49:22

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 12:49:34



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Na XI lexislatura, no Debate do Estado da Autonomía, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** presentou unha resolución que apoiaba a gratuidade das primeiras matrículas universitarias, así mesmo, defendemos na Sesión Plenaria do 10 de abril de 2019 unha **proposición non de lei** que instaba ó Goberno Galego a garantir a gratuidade de devanditas matrículas.

Todas as iniciativas foron rexeitadas co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, afectando negativamente ó conxunto dos e das estudantes de Galicia. Tras a subida do custe da vida xeral, por mor da pandemia da COVID-19 e a posterior situación económica, o Goberno de España aumentou a contía das bolsas universitarias para facilitar o acceso á educación superior e agora é o momento de que o Goberno galego colabore na mellora da situación do estudantado galego.

A educación superior ten que entenderse como un dereito individual ó igual que a educación primaria e secundaria e, como tal, consideramos que debe estar cuberta para as familias galegas. Os e as socialistas entendemos que o Goberno Galego ten que axudar á xente moza a acceder á educación universitaria a través das primeiras matrículas gratuítas nos graos e nos mestrados, así como, unha redución do cincuenta por cento nas segundas matrículas ó entender que os suspensos non reiterados non poden supoñer un



impedimento económico para o remate dos estudos, constituíndose como un problema para as familias galegas.

A gratuidade da primeira matrícula en títulos de graos xa está implantada nos países máis avanzados economicamente de Europa. Países como Austria, Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia avalan a posta en marcha desta medida. No Estado temos o caso da Comunidade Autónoma de Andalucía que, dende 2017, bonifica o noventa e nove por cento de cada crédito aprobado o ano anterior.

A ampliación cara os mestrados ven referendada polo aumento da importancia que estes teñen para unha mellor inserción no mercado laboral e por ter en moitos casos carácter obrigatorio para acadar competencias profesionais en carreiras técnicas, Enxeñerías e Arquitectura, ou exercicio profesional como poden ser os mestrados de avogacía ou de profesorado de secundaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un sistema de colaboración entre as universidades públicas de Galicia para revisar o sistema de taxas académicas actual e implantar a gratuidade da primeira matrícula en todos os títulos de grao e mestrado do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e favorecer así a continuación dos estudos e ó acceso á universidade da mocidade. Este novo sistema de taxas implantarase no curso académico 2024/2025. A revisión do sistema levará aparellada unha compensación económica actualizada as Universidades Públicas do SUG, con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia, que sufrague a gratuidade destas matrículas sen prexudicar financiamento actual nin a súa evolución.



2. Revisar as segundas matrículas en títulos de grao e mestrado e que estas estean reducidas ó cincuenta por cento, usando como referencia o ano académico 2023/2024. A revisión do sistema levará aparellada unha compensación económica dos orzamentos da Xunta de Galicia que compense a redución de ingresos do SUG.
3. Poñer en marcha un sistema propio de axudas complementarias para cubrir o custe das facturas referidas á luz, o gas e ó internet para aqueles e aquelas estudantes que se encontren residindo fóra da súa vivenda habitual nun piso de aluguer e se encontren matriculados no Sistema Universitario de Galicia ou nun curso de Formación Profesional Superior nun centro de ensino público.
4. Que todo o anteriormente exposto sexa compatible coa bolsa de estudos ofrecida polo Ministerio de Educación.

Santiago de Compostela, 4 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 04/04/2024 13:03:19

Silvia Longueira Castro na data 04/04/2024 13:03:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/04/2024 13:03:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre os datos de pobreza e exclusión social ou o risco de a padecer en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados na Enquisa de condicións de vida, en 2023, o 25,5% das galegas e galegos estaban en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE). Isto supón un incremento de case dous puntos porcentuais máis que no 2022.

É dicir, o pasado ano no noso País, un cuarto da poboación atopábase en risco de pobreza e exclusión, en termos absolutos: 688.500 persoas.

Neste senso, malia que Galiza se situou un punto porcentual por baixo da media do estado (26,5%) neste indicador, é a novena comunidade autónoma cun índice de pobreza e exclusión maior.

Así mesmo, os datos sinalan que a poboación en risco de pobreza, é dicir, a porcentaxe de poboación que non chega ao 60% da mediana de ingresos da poboación xeral, foi do 19,4% da poboación galega (+1,4 puntos a respecto de 2022).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aliás, o 8,2% rexistra unha carencia material e social severa, case dous puntos máis que hai un ano. Trátase de persoas que viven en fogares que non poden afrontar catro ou máis conceptos de consumo dun total de nove considerados básicos en territorio europeo.

Entre eses ítems está non poder manter a vivenda a unha temperatura acaída. Neste caso, o 21,5% da poboación galega (dous puntos máis que en 2022) situándose como a maior proporción de galegas e galegos nos últimos 15 anos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Incrementar o complemento autonómico das Pensións Non Contributivas en 100 euros ao mes despois de que o Partido Popular o volveuse conxelar logo dunha pírrica suba en 2023 que quedou por baixo mesmo do anunciado (1 euro ao mes).

b) Impulsar, de maneira dialogada coas entidades do terceiro sector de acción social e os Concellos, a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para impulsar a creación dunha Renda galega de inclusión social e laboral concibida como un rendemento básico que englobe o conxunto de prestacións presentes e futuras, co obxectivo principal de evitar que ningunha persoa residente na Galiza caia ou fique na pobreza e na exclusión social, buscando para iso o seu desenvolvemento integral como ser humano e promovendo e mellorando as súas condicións económicas e sociais.

A Renda galega de inclusión social e laboral contemplará dúas modalidades de prestación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• a) a renda básica de inclusión social e laboral, dirixida a aquelas persoas que non dispoñan de ingresos procedentes de rendas do traballo e cuxo nivel de ingresos non chegue ao mínimo para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas. Esta prestación estará suxeita a un convenio de inclusión social e laboral.

• b) a renda complementaria de ingresos do traballo, dirixida a aquelas persoas ou unidades de convivencia que, dispoñendo de ingresos procedentes do traballo, contan cun nivel mensual de ingresos insuficientes para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas.

Así mesmo, crearase unha prestación complementaria de vivenda, entendida como un complemento a calquera das modalidades anteriores dirixido a cubrir as necesidades relacionadas coa vivenda ou aloxamento habitual das persoas titulares das devanditas prestacións.

As contías das prestacións económicas fixaranse en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

Incluirase na reforma da Lei de inclusión social a regulación da Tarxeta Básica como un recurso de emerxencia para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade a aquelas persoas que así o precisen de acordo coa súa situación económica que servirá de ponte para solicitantes doutras prestacións.

c) Diseñar programas específicos de loita contra a pobreza dirixidos a fogares, colectivos sociais e persoas vulnerabilizadas como familias monoparentais, persoas con difícil empregabilidade ou poboación migrante..”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ariadna Fernández González

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:05:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:09:59

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:11:04

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:11:08

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:12:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a mobilidade na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Coruña ten a mobilidade entre os seus principais problemas. A diario, entran e saen da cidade máis de 100.000 persoas, de acordo con datos do INE, o que fai preciso prestar especial atención a este asunto, tanto desde o punto de vista das infraestruturas como dos servizos de transporte público que se prestan.

En canto ás infraestruturas, o plan viario da comarca da Coruña (concellos da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada) máis recente data do ano 2004. En 2002, varios dos concellos afectados uníronse para demandar unha actualización urxente deste documento. Este plan debe incluír a finalización da Vía Ártabra co seu trazado orixinal (que incluía a ligazón coa A-6, ademais da AP-9 e da N-VI), ademais doutras estradas que deben servir para vertebrar a mobilidade comarcal, con prazos de execución concretos.

Por outra banda, é preciso mellorar e actualizar o servizo do transporte público, que en absoluto se adecúa á realidade poboacional, laboral e social da comarca: as liñas de transporte en autobús, as súas frecuencias e itinerarios non concordan coa realidade da cidadanía.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a Xunta de Galiza debe asumir a súa responsabilidade no transporte ferroviario e as súas competencias no ámbito da media distancia que, xunto cos trens de proximidade, deben contribuír a desconxestionar as estradas da comarca. Para isto, é imprescindible que a Xunta de Galiza asuma a súa competencia na media distancia. A combinación do transporte por ferrocarril e por autobús debe estar á disposición das necesidades da cidadanía.

A Xunta de Galiza debe estudar a viabilidade da recuperación do transporte marítimo na ría da Coruña, co obxectivo de favorecer a mobilidade dos veciños e veciñas da comarca, de desincentivar o uso do vehículo privado e de adecuar os servizos á realidade social, laboral e ambiental da comarca.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- elaborar un novo plan sectorial para a rede viaria da Coruña, Arteixo, Bergondo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada.
- asumir as súas competencias no ámbito da media distancia ferroviaria, creando un ente público que permita xestionar directamente o transporte entre A Coruña e Betanzos, entre outras localidades.
- estudar a viabilidade do transporte marítimo na Ría da Coruña.
- mellorar as frecuencias e as liñas do transporte por autobús na comarca da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- deseñar un plan de mellora do transporte público na comarca da Coruña, que inclúa actuacións no ámbito do transporte ferroviario, por autobús e marítimo, facilitando a vinculación entre os diferentes medios de transporte.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 04/04/2024 13:18:34

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:18:38

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 13:18:46

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 13:18:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza obriga a Xunta a través da consellaría competente en materia de servizos sociais a elaborar cada seis anos un Plan estratéxico de servizos sociais (artigo 45) que se formulará en función das necesidades sociais presentes e emerxentes da cidadanía galega, garantindo, en todo caso, a participación das entidades locais.

O articulado da lei sinala que, “o Plan estratéxico de servizos sociais deberá ser aprobado polo Consello da Xunta de Galiza” coa finalidade de “desenvolver e concretar os obxectivos do sistema galego de servizos sociais definidos nesta lei, así como a de priorizar o establecemento de medidas, servizos e recursos que permitan acadalos”

Así mesmo, “identificará o tipo de centros e servizos en relación coa estrutura do sistema e distribución competencial”, “conterá criterios de calidade e os mecanismos de seguimento e control e irá acompañado dunha memoria económica”.

Porén, o Goberno galego non dispón desta ferramenta de planificación que é, ademais dunha esixencia legal, un necesario instrumento para afrontar importantes retos presentes e futuros da sociedade galega en materia de política social quer na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal; quer na conciliación ou na promoción da corresponsabilidade social.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar, tal e como recolle a Lei 13/2008 de servizos sociais de Galiza, o Plan estratéxico de servizos sociais e a presentalo no Parlamento para a súa correspondente tramitación con arranxo ao disposto no artigo 142 do Regulamento da Cámara antes de rematar o ano en curso.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Montserrat Valcárcel Armesto

Montserrat Prado Cores

Iago Suárez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 13:23:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 13:23:47

María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 13:25:11

Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 13:25:14

Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 13:26:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de impulsar un Plan de vivenda accesible de Galiza que aborde a actual crise de acceso á vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, logo da explosión da burbulla inmobiliaria de 2008, vense producindo un reaxuste do sector inmobiliario e financeiro que configura un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer. Esta mudanza está supondo un notable incremento dos prezos da vivenda, especialmente naquelas en réxime de aluguer.

As causas desta reordenación teñen que ver, en parte, cun aumento da incapacidade de endebedamento en sectores que anteriormente accedían á vivenda en réxime de compra que condicionou que unha parte do sector inmobiliario baseado na compra se redirixise cara ao mercado de aluguer, tanto residencial como vacacional. A esta situación hai que sumarlle a falta de políticas públicas de vivenda durante estes 15 anos nos que, por exemplo, a vivenda protexida caeu a mínimos históricos. Estes factores configuraron o entorno propicio para a actual burbulla de prezos na vivenda en aluguer.

Entre os anos 2014 e 2024 o incremento do prezo do aluguer, segundo datos do propio Observatorio da vivenda de Galiza, foi dun 44%. Isto supón, de media, que as familias galegas pagan case 2.000€ máis ao ano por unha renda de aluguer do que hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha década. Pero estas cifras resultan aínda máis avultadas no caso das cidades: na Coruña houbo un incremento do 62,8%, do 53% en Pontevedra, 49,6% en Vigo, 47,4% en Santiago, 52,3% en Lugo e do 55% en Ferrol.

Tamén o incremento nalgúns concellos de menor poboación resultan alarmantes, especialmente naqueles que están sufrindo un incremento exponencial da vivenda de uso turístico ante a súa falla de regulación. O cal é tamén un indicativo de que este é outro factor que está afectando na alza de prezos. A alta rendibilidade que permiten acadar este modelo de aluguer turístico en relación coa que ofrecen arrendamentos de vivenda habitual está condicionando o desprazamento de parte da oferta de uso residencial cara a súa explotación turística, sen que se albisque no futuro próximo que esta tendencia vaia a frearse.

A pesar de que o mercado do aluguer está cada vez máis tensionado e a pesar de que empeora a accesibilidade da vivenda, en paralelo estamos asistindo a un incremento do número de vivendas baleiras, que se sitúa xa no entorno das 500.000 no noso país. É dicir, case un 30% do parque construído galego está baleiro. Un fenómeno que non é exclusivo de ámbitos en declive demográfico, senón que tamén se dá en contornas con maior dinamismo urbano. De feito, as sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras. Estas cifras revelan a falla de políticas públicas por parte da Xunta de Galiza para actuar na ordenación do parque construído e a súa conservación e mobilización para a colocación no mercado. Ademais son tamén un indicativo de que a idea dunha autorregulación dos mercados mediante a oferta e a demanda é unha visión reduccionista e simplista do actual problema.

Pola contra, cabe concluír que neste momento estamos asistindo a unha conxunción de factores que condicionan o actual incremento de prezos: un novo ciclo organizado para aumentar a extracción de plusvalías nos inmobles en réxime de aluguer, a falla de políticas públicas de vivenda -especialmente en materia de vivenda protexida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e de vivenda baleira- e a aparición do fenómeno da vivenda turística, son algúns dos aspectos máis relevantes.

As consecuencias sociais deste incremento de prezos están a ser dramáticas, xa que o actual ciclo afecta especialmente a sectores en situación de pobreza, que son os que viñan recorrendo ao réxime de alugueiro nunha maior porcentaxe ao non poderen acceder ao réxime de tenencia en propiedade. Segundo o informe FOESSA 2019, o 38% dos fogares en exclusión social acceden á vivenda en réxime de aluguer, fronte ao 17% da poboación restante. Ese mesmo informe tamén sinala que o 2,5% dos galegos e galegas víronse obrigados a retrasar con certa frecuencia os pagos da vivenda.

Segundo estudos do Observatorio da vivenda de Galiza, en 2018 máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedicaban máis dun 30% de ingresos ao aluguer, e o 56,7% das persoas en situación de pobreza severa dedican máis dun 40% da súa renda para o mantemento dos gastos relacionados coa vivenda (datos do INE). Podemos concluír, por tanto, que esta burbulla de prezos centrada no aluguer agranda a brecha da desigualdade social e deixa as persoas máis empobrecidas nunha situación dramática.

Ante esta situación crítica e urxente, a Xunta de Galiza ten o reto fundamental de dar unha resposta socialmente xusta. Isto pasa por actuar de forma inmediata na procura dun descenso dos prezos da vivenda, mediante a posta en marcha dun Plan de vivenda accesible. Este debe analizar e abordar como afecta este incremento de prezos de forma concreta e territorializada na realidade e a dinámica urbana galega (a rede de cidades medias, a urbanización difusa, a turistificación litoral, etc.) e propor un conxunto de medidas complementarias entre si que permitan unha rebaixa dos prezos, mais tamén a planificación e ordenación doutros aspectos como os usos ou o estado do parque inmobiliario.

Para alén dunha perspectiva territorializada do problema compre unha visión poliédrica para resolvelo que debe incluír cando menos unha abordaxe dende a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Administración Pública dos seguintes vectores: medidas urxentes que garantan o dereito á vivenda digna, a actuación sobre a vivenda baleira, a planificación e regulación dos usos do parque construído, o impulso da vivenda pública e a iniciativa da propia Xunta para a declaración de mercados tensionados.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar un Plan de vivenda accesible de Galiza, que trace as liñas estratéxicas a 2040 con actuacións concretas por anualidades, co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a calidade da vivenda en Galiza. Dito Plan incluírá, entre outras, as seguintes liñas estratéxicas e medidas:

- Aumentar a porcentaxe de vivenda pública.
 - Alcanzar o 5% de vivenda principal pública en 2040, dando prioridade á fórmula de adquisición (e rehabilitación de ser o caso) de vivenda baleira en zonas de demanda de vivenda.
 - Priorizar nos investimentos o modelo de vivenda de promoción pública en réxime de aluguer.
 - Solicitar a cesión gratuíta daqueles activos inmobiliarios de uso residencial da SAREB en Galiza que se atopen nun estado axeitado para tal uso e que se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda.
- Planificar a correlación entre usos residenciais e turísticos.
 - Modificar a normativa actual, para que o rexistro das VUT no REAT por parte da Xunta só poida realizarse logo da comprobación de que conta co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade e, de selo caso, co de natureza urbanística, ademais de coas restantes autorizacións e informes sectoriais procedentes.

- Iniciar un procedemento de revisión dos Rexistros de vivendas de usos turísticos, para dar de baixa, de oficio, a todas aquelas vivendas que incumpren a normativa.
- Planificación territorial das VUT. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico, propondo medidas de actuación e orientacións específicas co obxectivo mitigar os seus impactos negativos.

- Fomentar a mobilización da vivenda baleira.

- Desenvolver un marco regulatorio propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza co obxectivo de que as vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado inmobiliario e cumpran coa súa función social.
- Impulsar, en ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda medidas impositivas que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas.
- Establecer para o conxunto do territorio unha serie de medidas de fomento para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario.
- Desenvolver o marco regulatorio do actual Censo de vivenda baleira da Xunta para a regulación de obrigas sociais e criterios de transparencia.

- Impulsar a declaración de áreas tensionadas de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Impulsar, formular e efectuar dende a Xunta a primeira declaración de áreas tensionadas de Galiza, exercendo as súas competencias en materia de vivenda.
- Establecer unha rede de garantía de acceso á vivenda.
- Implementar medidas que a curto prazo palíen o actual colapso do Rexistro de Demandantes de vivenda e a burbulla de prezos do aluguer, como o aumento das axudas ao aluguer e a creación dun programa antidespexos.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/04/2024 13:35:08

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 13:43:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e das deputadas **Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ligazón entre a Vía Ártabra e a N-VI sufriu un derrubamento o pasado 4 de marzo. Esta parte da obra abriu menos dun ano antes, e este defecto súmase a outros erros e problemas da súa construción e tramitación administrativa: a anulación da conexión coa A-6, que estaba inicialmente prevista, o problema administrativo derivado dunha disputa sobre a competencia para a aprobación dun proxecto do trazado, que tamén ocasionou unha importante demora, a anulación xudicial dalgúns proxectos denunciados polo concello de Cambre ou a interrupción das obras debido a unha planificación máis ca deficiente no que se refire á afección destes traballos sobre as liñas de gas e de media tensión.

Consideramos que o trazado previsto na actualidade para a Vía Ártabra non é o máis axeitado para a realidade das necesidades da comarca. Independentemente das demoras ocasionadas por todos estes defectos de tramitación, o trazado debería contemplar a ligazón da Vía Ártabra coa A-6, ademais de coa N-VI e coa AP-9, para que poida converterse nunha verdadeira circunvalación que atenda as necesidades de toda a comarca da Coruña, ademais de garantir a gratuidade para a cidadanía desta vía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reformular o proxecto de trazado da Vía Ártabra para incluír a conexión coa A-6, ademais da N-VI e da A-P9, e a garantir a gratuidade desta estrada para a cidadanía.”

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/04/2024 18:11:45

Luis Bará Torres na data 04/04/2024 18:11:50

Iria Taibo Corsanego na data 04/04/2024 18:11:56



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

